Sobre a consideración do Goberno galego respecto das conclusións recollidas no último informe de fiscalización do Consello de Contas sobre a conta xeral do Servizo Galego de Saúde

- 34264 (10/INT-001142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a valoración dos indicadores previstos no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, correspondente aos cursos 2016-2017 e 2017-2018, e a necesidade de dedicar

esforzos adicionais (persoais, económicos ou doutro tipo) para acadar os obxectivos do plan no remate do curso 2019-2020

- 34294 (10/INT-001143)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego da posta en funcionamento da distinción Marca Galega de Excelencia en Igualdade

- 34308 (10/INT-001144)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a actitude do Goberno galego diante da recomendación do Consello de Contas en canto ao emprego do Fondo de Continxencia

- 34317 (10/INT-001145)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da súa resposta ante as recomendacións do Consello de Contas

- 34318 (10/INT-001146)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa súa resposta á recomendación do Consello de Contas sobre a presentación da información contable

- 34325 (10/INT-001147)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da aplicación da recomendación do Consello de Contas sobre a adopción de medidas legislativas e de control parlamentario que limiten o uso excesivo do programa 621B, Imprevistos e funcións non clasificadas

- 34384 (10/INT-001148)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre política en materia de persoal sanitario

- 34395 (10/INT-001149)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Consellería de Política Social para o desenvolvemento do decreto de tramitación da Risga e das axudas de inclusión social

- 34403 (10/INT-001150)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre as accións que levou a cabo ata o momento a Xunta de Galicia destinadas a acordar coa Federación Galega de Municipios e Provincias, a Igrexa e a Administración central un plan de eliminación dos elementos de exaltación do franquismo que subsisten en Galicia

- 34410 (10/INT-001151)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre atención sanitaria nos PAC de Galicia

- 34437 (10/INT-001152)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis

Sobre as medidas que ten previsto o Goberno galego implementar para actuar sobre as redes asentadas de distribución e comercialización do produto extraído polos furtivos en Galicia

- 34475 - 35305 (10/INT-001153)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Calidade asistencial sanitaria e medidas conducentes a paliar as altas temperaturas nos hospitais públicos

A Mesa admíte a trámite coa corrección de erros formulada no doc. núm. 35305.

- 34481 (10/INT-001154)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o incumprimento de contratos de xestión de centros de reeducación de menores por parte de empresas concesionarias

- 34502 (10/INT-001155)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións do Sergas en relación cos servizos de coordinación do 061

- 34508 (10/INT-001156)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as condicións laborais e asistenciais dos profesionais do Sergas nos puntos de atención continuada

- 34616 (10/INT-001157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do Informe sobre o gasto público autonómico en residencias para persoas maiores e persoas con discapacidade, realizado polo Consello de Contas, e sobre as medidas que vai adoptar para paliar o déficit de prazas públicas en residencias para persoas maiores

- 34628 (10/INT-001158)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre o modelo de desenvolvemento eólico de Galicia

- 34654 (10/INT-001159)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre o bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía, regulado de xeito experimental para o curso 2018/19 mediante Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 12 de xuño de 2018

- 34685 (10/INT-001160)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a a xestión dos centros de menores da comunidade autónoma

- 34707 (10/INT-001161)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia das actuacións do Goberno galego e do Goberno do Estado en relación co accidente ferroviario de Angrois, ocorrido o 24 de xullo de 2013

- 34713 (10/INT-001162)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da denominada «taxa rosa» aplicada aos produtos de hixiene feminina, así como as actuacións que ten levado a cabo ou vai desenvolver ao respecto

- 34731 (10/INT-001163)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o proceso de tramitación do Proxecto de decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, e das axudas de inclusión social

- 34762 (10/INT-001164)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a política desenvolta pola Xunta de Galicia para erradicar a violencia de xénero

- 34767 (10/INT-001165)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a atención primaria no Servizo Galego de Saúde

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Martín Fernández Prado, Teresa Egerique Mosquera, Gonzalo Trénor López, Marian García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Jaime Castiñeira Broz, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Daniel Vega Pérez, Guadalupe Murillo Solís, Diego Calvo Pouso, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Soraya Salorio Porral**, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98,160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada polo recentes anuncios do goberno de España en relación ao Porto Exterior de Valencia para que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes neste tema.

Exposición de motivos:

Durante os últimos anos, o Grupo Popular do Parlamento de Galicia ven apoiando de diversos xeitos a construción e desenvolvemento do tecido portuario galego, centrando este apoio na creación de infraestruturas e servizos que doten de plena operatividade e competitividade a estes peiraos.

Neste senso, ás dúas grandes infraestruturas dos portos exteriores de Punta Langosteira e Caneliñas uníronse outras coma:

- A rampa, silo para automóbiles e a mellora do atraque de cruceiros en Vigo
- O acceso ferroviario ao peirao de Vilagarcía
- Ou as melloras de operatividade para contenedores en Marín.

Todas estas obras foron asumidas de forma xeral polas propias autoridades portuarias e con cargo fundamental aos seus propios recursos económicos, cuestión que supón un importante esforzo económico e orzamentario e que deriva nun equilibrio difícil que solo se pode manter, como se fai, grazas á mellora da xestión portuaria e á consecución dun maior movemento de mercadorías e prestación de servizos.

Estas apostas e ás súas correspondentes derivadas de custes realizáronse no marco dunhas regras sempre manifestadas polos distintos Gobernos de España no que non se condonaba débeda a ningún porto de interese xeral do Estado en España, condicións que eran idénticas para todos eles.

Pero o recente anuncio feito polo executivo de Pedro Sánchez no *Consejo de Política Fiscal y Financiera* de asumir a débeda financeira xerada pola Copa América e a Formula 1 no porto de Valencia ven a romper este acordo e os equilibrios e regras de xogo vixentes ata o momento.

O Partido Popular de Galicia considera isto unha afronta e discriminación cos galegos en relación ao trato recibido polos valencianos, e cremos que a demanda unánime deste Parlamento de esixir o mesmo trato para os galegos que para os valencianos, sería un importante posicionamento cara a conseguir dita demanda.

Amais, a derivación da asunción da débeda cara a administración autonómica valenciana non é óbice para que se podan replicar na nosa comunidade compensacións que leven a unha igualdade efectiva de trato entre as diferentes autoridades portuarias do Estado, máxime tendo en conta tamén a variedade de situacións tanto en termos de débeda como de necesidades de operatividade.

Neste senso, faise prioritario:

- Atender as necesidades de financiamento de actuacións coma a de Punta Langosteira, o seu acceso ferroviario e a súa derivada do aproveitamento dos peiraos interiores da Coruña
- Outorgar esa mesma equidade de trato coa aposta polo acceso ferroviario á terminal ro-ro de Vigo
- Verificar a igualdade de atención ao acceso ferroviario ao porto exterior de Ferrol e á propia infraestrutura de Caneliñas
- Atender outras necesidades amosadas polos portos de Marín, San Cibrao e Vilagarcía.

Por todo o anteriormente exposto O Grupo Parlamentario Popular somete á consideración da Cámara a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Esixir do Goberno de España a igualdade de trato e consideración entre as diferentes autoridades portuarias galegas en relación á de Valencia nos termos relativos ao financiamento e asunción das débedas contraídas pola acometida de infraestruturas necesarias para a súa operatividade e competitividade.

2. Achegar unha compensación económica semellante, nos termos xurídicos e administrativos equivalente ou análogos ás decisións adoptadas para o caso do porto de Valencia, e libere ás autoridades portuarias galegas das cargas económicas xeradas para acometer os investimentos en infraestruturas loxísticas ou portuarias ou ben achegar os recursos económicos necesarios ou equivalentes para a execución de actuacións semellantes naqueles casos onde se atopen en fase de estudo.
3. Solicite a través dos seus representantes no Consello de Administración das autoridades portuaria galegas a celebración de cadanseus Consello de Administración extraordinarios para que, formalmente, se dirixan a Puertos del Estado co obxectivo de establecer a vía para a liberación de débedas ou compensación de investimentos do xeito que estimen oportuno xurídica e administrativamente”.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 29/08/2018 12:47:37

Martín Fernández Prado na data 29/08/2018 12:47:56

Teresa Egerique Mosquera na data 29/08/2018 12:48:11

Gonzalo Trenor López na data 29/08/2018 12:48:22

María Ángeles Garcia Míguez na data 29/08/2018 12:48:37

Marta Rodriguez Arias na data 29/08/2018 12:48:47

Jaime Castiñeira Broz na data 29/08/2018 12:49:06

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 29/08/2018 12:49:23

Alberto Pazos Couñago na data 29/08/2018 12:49:35

Jacobo Moreira Ferro na data 29/08/2018 12:49:49

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Daniel Vega Pérez na data 29/08/2018 12:50:09

María Guadalupe Murillo Solís na data 29/08/2018 12:50:26

Diego Calvo Pouso na data 29/08/2018 12:50:34

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 29/08/2018 12:50:47

María Soraya Salorio Porral na data 29/08/2018 12:50:59

María Julia Rodríguez Barreira na data 29/08/2018 12:54:06

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 25 de xullo produciuse na ponte que une a Illa de Arousa con Vilanova un accidente de circulación, provocado polo deterioro dunha das xuntas de dilatación da citada ponte.

Este sinistro non tivo consecuencias para as persoas ocupantes dos vehículos, debido a que pola intensidade do tráfico nese momento a circulación producíase de forma lenta, a situación podería ter sido moito máis grave debido ao deterioro destas estruturas da ponte que levan tempo en mal estado, sen que a administración responsable teña actuado para solucionar un problema coñecido e denunciado tanto polos usuarios como a administración local.

Resulta incomprendible que non se teña actuado e se poña en risco a seguridade dos milleiros de usuarios ocasionais durante o verán ou dos milleiros que utilizan esta infraestrutura de forma habitual.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar de forma inmediata as obras de mellora e mantemento necesarias na Ponte da Illa de Arousa, para arranxar o deterioro das xuntas de dilatación deterioradas.”

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Deputado do G.P. de En Marea
Antón Sánchez García
Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 27/07/2018 12:48:28

Marcos Cal Ogando na data 27/07/2018 12:48:37



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33857
Data envío: 27/07/2018 14:06:47.744

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a prestación do servizo de comedor polo Grupo GESCOR e as medidas que debe adoptar o goberno galego para garantir o correcto funcionamento dos comedores escolares

A ANPA Raiante do CEIP Gándara Sofán de Carballo remitiu un escrito ao Servizo de Xestión de Comedores escolares dos centros docentes non universitarios da Xunta de Galiza para denunciar as continuas irregularidades e incidencias na prestación do servizo de comedor por parte do Grupo GESCOR ao longo do curso 2017/2018.

Entre as denuncias atópase o retraso continuado no pagamento das nóminas ás traballadoras do comedor –cuestión que se repite noutros centros nos que opera esta empresa de catering (A Silva e Buño); débedas a provedores e empresas de servizos técnicos; irregularidades no cobro ás familias usuarias do servizo e mesmo deficiencias nos menús.

As denuncias non se limitan ao CEIP Gándara Sofán, tamén a ANPA do CEIP Joaquín Rodríguez Otero de Buño denunciou publicamente que as monitoras do comedor tiveron que pagar do seu peto manteis, panos de mesa, vasoiras e fregonas porque a empresa non forneceu de material suficiente o servizo cando xa comezara o curso.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pola súa banda, unha das empresas provedoras de pan, a panadaría Vázquez da Capilla, da Silva, fixo público a través dos medios de comunicación que padeceron retrasos nos pagamentos do pan desde o comezo e que levan sen cobrar o produto desde febreiro de 2018.

Alén de que as irregularidades antes citadas deberan ser razón suficiente para retirar a concesión do servizo ao Grupo GESCOR, os feitos denunciados evidencian as consecuencias da privatización da xestión de boa parte dos comedores escolares galegos a partir de 2013. Así o denunciaron tamén desde ANPAS GALEGAS que veñen reclamando, como tamén desde o BNG, a recuperación da xestión pública directa deste servizo fundamental.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a abrir, no curso 2018/2019, unha mesa de diálogo coas organizacións e entidades da comunidade educativa para desenvolver un Plan de recuperación progresiva da xestión pública directa dos comedores escolares”.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33857
Data envío: 27/07/2018 14:06:47.744

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 27/07/2018 14:04:30

María Montserrat Prado Cores na data 27/07/2018 14:04:35

Ana Pontón Mondelo na data 27/07/2018 14:04:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/07/2018 14:04:40

Noa Presas Bergantiños na data 27/07/2018 14:04:42

Xosé Luis Bará Torres na data 27/07/2018 14:04:43

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu Artigo 27, atribúe como competencia exclusiva a materia de “asistencia social”.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, regula, como servizo a atención residencial. No título VIII desta norma dispónse que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia para levar a cabo, entre outras funcións, a de inspección –e, no seu caso, a de sanción– das entidades que desenvolvan servizos sociais.

Galiza conta (IGE: 2017) con 665.939 persoas maiores de 65 anos, que representan o 24,59 % do total; a poboación maior de 85 anos representa, con 116.734 persoas, un 4,3 % da poboación. As proxeccións demográficas para 2031 sitúan a porcentaxe de maiores de 65 anos no 31,3%. En 2022 estímase que haberá en Galiza 683.166 persoas maiores de 65 anos, o 25,59% da poboación. Da poboación actual, o 54,4% desta poboación maior vive en fogares onde todos os seus membros son maiores de 65 anos, sendo o 52,7% destes fogares unipersoais.

A maior taxa de envellecemento vai acompañada dun incremento das taxas de dependencia.



Na actualidade, en Galicia hai 67.864 persoas dependentes con dereito a prestación (IMSERSO: maio 2018), un 16% en agarda.

Un dos servizos do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia é o servizo de atención residencial, con residencias para maiores e centros de atención a persoas en situación de dependencia, así como apartamentos tutelados.

O Consello de Contas vén de publicar en xullo de 2018 un informe de fiscalización sobre o sistema residencial para persoas maiores e dependentes en Galiza, con datos dende o ano 2010: *Informe de fiscalización do Gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes*.

En 2016, segundo o RUEPSS, hai en Galiza 230 centros residenciais para maiores, 98 de iniciativa privada con ánimo de lucro, 82 de iniciativa social (entidades relixiosas, asociacións e fundacións) e 50 de iniciativa pública: 31 da Xunta, 7 de Consorcio e 13 dos Concellos.

Dos centros propios da Xunta, 19 dos 31 son xestionados de xeito directo, con 2179 prazas, e 12 mediante unha concesión, con 1.286 prazas. Dos xestionados de xeito directo, o 57,2% son prazas para persoas dependentes; dos centros propios con xestión externa, o 98,1% son prazas para persoas dependentes.

Os centros concertados eran 74 en 2016, supoñendo o 70% incluídos no sistema de atención á dependencia da Xunta, con 3.426 prazas, o 99,6% para persoas sen autonomía.

Deste xeito, a maioría das prazas residenciais para persoas dependentes (5.921) dos sistema están xestionadas de xeito indirecto en centros propios da Xunta (1.262) ou son concertadas (3.412): case o 58% das prazas de persoas dependentes son concertadas.



Como sinala o informe do Consello de Contas, “só dúas residencias públicas xestionadas pola Xunta ofrecen de xeito exclusivo prazas para dependentes sen servizo de centro de día: son os centros CRAPD de Vigo e a residencia de Oleiros”.

En total, en 2016 (Consello Económico e Social), había en Galicia 20.467 prazas residenciais de maiores e dependentes, das cales o 67% eran privadas, a maior porcentaxe do Estado. En conxunto, a rateo de prazas por persoas maiores de 65 anos é das máis baixas do Estado (3,07%), cando a OMS recomenda un 5%. Ademais, a rateo de cobertura é territorialmente desigual. Esta falta de prazas no territorio deriva en situacións de ocupación de prazas lonxe do fogar das persoas usuarias. A este respecto da baixa cobertura de prazas residenciais, sinala o informe do Consello de Contas que “o mantemento da taxa do 3,05% (dato de 2016) de prazas residenciais sobre a poboación maior de 64 anos esixirá a incorporación dunha media de 237 prazas anuais ao sistema”.

A 31 de decembro de 2016 as prazas do sistema en centros de titularidade propia representan un 50,28% (3.465 prazas) fronte ao 49,72% en centros alleos (3.426 prazas).

O Consello de Contas, á hora de fiscalizar as residencias de maiores, atopou como limitacións, as seguintes: falta dun concepto orzamentario específico, deficiencias do arquivo de expedientes, dificultades para determinar o coste do servizo residencial en centros propios da Xunta.

Descende a porcentaxe de prazas de xestión directa no conxunto do sistema. Como sinala o informe do Consello de Contas, obsérvase unha “dispar evolución da porcentaxe de centros do sistema en función da forma de provisión do servizo respecto do total, onde se aprecia como logo dun período inicial con forte presenza de centros públicos, a partir de 2002 os centros alleos superan a taxa do



50% respecto do total de centros, chegando a representar en 2016 un 70% dos centros ofertados no SAAD”.

En canto ás residencias concertadas, o informe do Consello de Contas recoñece infraccións en materia de persoal, por escaso número de traballadoras de atención directa e por non diferenciación de categorías profesionais. Tamén se detectan uso inadecuado das instalacións, deficiencias nos protocolos de funcionamento e falta de rigor nos rexistros.

A lista de agarda para residencias de maiores no Programa de Asignación de Recursos situábase, en 2016, en 1.774 expedientes.

Os prazos de resolución exceden con moito o estipulado na normativa; o tempo medio de trámite ata ser recoñecido o dereito a unha praza de residencias de maiores é de 453,5 días, máis 154,82 días máis de media até o ingreso na mesma, resultando un tempo promedio de espera de 491,74 días.

En 2016 tramitáronse 556 expedientes de emerxencias social, 317 máis que en 2015 e 536 máis que en 2017.

O informe do Consello de Contas analiza as rateos de persoal das residencias e atopa que “apreciáronse diferenzas na ratio de persoal de atención directa entre os centros xestionados con medios propios e os xestionados externamente, resultando unha media teórica un 9% superior nos primeiros. Esta diferenza na ratio relativa aos efectivos de persoal de atención directa é un factor que pode repercutir na calidade do servizo, e tamén na valoración outorgada polos residentes e familiares á calidade do servizo residencial.”

Ademais, o Consello de Contas sinala que os gastos de persoal descenderon no



período fiscalizado (2010-2016), malia que aumentara o número de prazas: “ao longo do período obsérvase un importante descenso do volume de gasto de persoal executado nos exercicios 2011 e 2012, moito máis acusado neste segundo exercicio. No exercicio 2013 iníciase unha senda de crecemento ata 2015, porén neste último exercicio o seu importe resulta aínda inferior ao do exercicio 2010 (un 7,1% menos).” Atribúe este descenso o informe a diversas causas, entre as que están as medidas de contención de gasto público, que implicaron recortes nos salarios do persoal público.

Ademais, o informe detalla que só se substitúen as baixas médicas cando son de media ou longa duración, que non se cobren, en xeral, os permisos, nin se substituíron integramente vacacións. Como sinala o informe do Consello de Contas, “o feito de que non se realizaran contratacións temporais para a cubrir as xornadas efectivas non realizadas polos traballadores da RPT determinou que o servizo se prestou con menos presenzas de persoal que as previstas nas carteleiras de quendas para a adecuada prestación do servizo, e tamén contribuíu en boa medida a reducir o volume dos gastos de persoal.”

A este aforro irresponsable en persoal, hai que engadir o feito de que a lei 1/2012 suspende unilateralmente preceptos contidos no Vº Convenio Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galicia, entre eles, “a aplicación do artigo 19, excepto o apartado 1, do Vº Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia”, en canto a descansos e libranzas, o que repercute directamente sobre a saúde laboral do persoal e sobre a calidade dos servizos públicos, sobre todo nun sector a quendas como é o das residencias.

O recorte do dereito a descanso do persoal laboral lesiona as posibilidades de conciliación, orixina estrés e aumenta a accidentabilidade laboral. No caso da Consellería de Política Social, na que as carteleiras de traballo nos distintos



centros están moi axustadas, case a metade dos accidentes laborais na Xunta nos últimos anos se deben ao “sobreesforzo” (en 2017, o 41% dos accidentes con baixa laboral na Xunta se deberon a esta causa), tendo unha relación clara coa falta de persoal adecuado ás tarefas que se desempeñan nos distintos centros e coa falta de descanso, sobre todo en traballos que se realizan en quendas.

O Consello de Contas indica, a respecto dos escasos recursos para realizar as inspeccións, que “aínda que o número de centros a inspeccionar no período fiscalizado (2010-2016) se incrementou un 26%, ao longo deste período mantense a mesma estrutura interna e o mesmo número de efectivos: 1 posto de subdirector/a, 3 postos de xefaturas de servizo, 11 inspectores/as, 2 prazas de persoal de pedagogía, 1 praza de psicoloxía e 9 postos administrativos. Tendo en conta que con estes efectivos de persoal débense inspeccionar as áreas de familia e menores, maiores, discapacitados e dependencia, e inclusión social e servizos, non parece aconsellable que a Inspección de Servizos asuma tamén as funcións que lle corresponden ao responsable do contrato como supervisor da correcta execución daquel.”

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Aumentar o investimento en servizos residenciais de atención a maiores e dependentes nos Orzamentos de 2019.
- Aumentar o número de prazas residenciais públicas en, canto menos, 2.000.



- Aumentar o persoal e os recursos da Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servicios Sociais da Consellería de Política Social.

- Intensificar as inspeccións a centros residenciais de persoas maiores.

- Aumentar as rateos de persoal de atención directa esixidas ás residencias de maiores privadas.

- Deixar sen efecto a suspensión do artigo 19 do Vº Convenio Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia.

- Aumentar o persoal da RPT dos centros de atención residencial da Xunta de Galicia.

- Axilizar os prazos de resolución sobre a solicitude de praza en centro residencial e de concesión da mesma, de xeito que se adecúen á normativa vixente.

- Ofertar a totalidade das prazas residenciais existentes nos centros propios da Xunta e axilizar as obras de reparación dos centros públicos nos que as deficiencias que presentan os inmobles non permiten a plena ocupación.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 30/07/2018 11:21:12

Luis Villares Naveira na data 30/07/2018 11:21:18



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2018 10:20
Nº Rexistro: 33899
Data envío: 31/07/2018 10:20:24.561

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o Plan de normalización da lingua galega na mocidade e as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de política lingüística entre as franxas de idade máis novas.

O Goberno da Xunta de Galiza vén aplicando unha política regresiva en relación coa normalización da lingua galega desde o ano 2009 o que constitúe, de facto, unha vulneración do marco legal vixente, que inquire directamente aos poderes públicos galegos a avanzar na normalización da nosa lingua propia e revertir o proceso de exclusión e marxinación vividos historicamente.

O elemento central desta política antigalega é o denominado *Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza*, un decreto amplamente rexeitado pola comunidade educativa, asociacións a prol da lingua, sindicatos e mesmo por institucións como a Real Academia da Lingua Galega ou o Consello da Cultura.

Estudos sociolingüísticos publicados recentemente pola Academia, o Consello da Cultura ou desde o ámbito da investigación universitaria, reflicten non só a perda de falantes en lingua galega senón tamén a pervivencia e reprodución de prexuízos e estereotipos sobre o idioma propio, así como a persistencia dunha competencia desigual en galego e en castelán, con deficiencias moito máis evidentes no caso da lingua galega.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste contexto, a Xunta de Galiza fixo público un documento básico para a creación do denominado *Plan de dinamización da lingua galega na mocidade (2018-2022)* no que recolle as áreas e medidas que prevé incorporar ao mesmo. Accións dirixidas á poboación situada entre os 14 e 30 anos de idade o que supón deixar fóra da política de normalización lingüística as franxas de poboación nas que máis se está a producir –e de maneira máis intensa- a ruptura da transmisión interxeracional do galego e o proceso de substitución lingüística.

Alén diso, para o ámbito educativo a Xunta de Galiza só prevé “realizar unha programación estábel e periódica de actividades de información e sensibilización sobre o uso do galego para os diferentes membros da comunidade educativa” e “fomentar e potenciar o uso da lingua galega na contorna escolar e promover espazos de lecer en galego”.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a, en cumprimento do establecido no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG), para o sector da Educación, derroque o Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza e elabore un novo decreto que cumpra as seguintes medidas:

1. No ensino infantil:

- a) Establecer unha oferta educativa en galego en preescolar (0-3 anos) e na educación infantil para todos os nenos e nenas galegofalantes.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2018 10:20
Nº Rexistro: 33899
Data envío: 31/07/2018 10:20:24.561

b) Fixar, como mínimo, un terzo do horario semanal en galego nestas etapas educativas para os contextos e contornas nos que a lingua predominante sexa o castelán, coa intención de que esta porcentaxe se vaia incrementando progresivamente.

c) Desenvolver programas experimentais en galego para castelanfalantes, asegurando o seu rigor pedagóxico, así como o seu seguimento e avaliación.

d) Fomentar a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, na perspectiva de que este se converta no idioma de base da aprendizaxe escolar.

2. No ensino obrigatorio:

a) Na educación primaria garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Á parte da área de coñecemento do medio natural, social e cultural fomentárase que se impartan nesta lingua materias troncais en toda a etapa, como as matemáticas.

b) Na educación secundaria obrigatoria garantir, que como mínimo o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Dentro das posibilidades de cada centro, tenderase a que entre as materias que se impartan nese idioma figuren as matemáticas e a tecnoloxía.

c) Nos bacharelatos garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego.

d) Nos ciclos formativos garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Deberase asegurar, ademais, que o alumnado coñeza o vocabulario específico da especialidade en lingua galega.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2018 10:20
Nº Rexistro: 33899
Data envío: 31/07/2018 10:20:24.561

e) Realizar en todos os centros un seguimento e avaliación anual do grao de galeguización do currículo e da súa efectividade”.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 31/07/2018 10:17:15

María Montserrat Prado Cores na data 31/07/2018 10:17:21



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2018 10:20
Nº Rexistro: 33899

Data envío: 31/07/2018 10:20:24.561

Ana Pontón Mondelo na data 31/07/2018 10:17:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/07/2018 10:17:25

Noa Presas Bergantiños na data 31/07/2018 10:17:27

Xosé Luis Bará Torres na data 31/07/2018 10:17:30

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando, Antón Sánchez García, Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O incremento das velocidades de operación dos convois que utilizan as liñas ferroviarias galegas determina a necesidade de actualizar as medidas de protección e a seguridade, sobre todo naqueles pasos a nivel que aínda a día de hoxe non teñen barreira ou mecanismos similares de Seguridade.

Desta forma ADIF ten previsto a eliminación de decenas destes pasos a nivel en todo o territorio Galego, pero existen urxencias que deben ser atendidas de inmediato pola elevada perigosidade dalgúns destes pasos. Compre recordar que calquera sinistro en un paso a nivel sen barreiro soe traducirse en accidentes de extrema gravidade polas condicións particulares destes espazos.

Así por exemplo aqueles pasos onde se dean elevadas concentracións de tráfico ou presenza habitual de tráfico pesado incrementan as súas probabilidades de accidente e polo tanto fan necesarias actuacións urxentes para evitalos.

Un exemplo claro desta situación prodúcese en Lousadela preto de Céltigos na estrada de Vilapedre que cruz a vía férrea que une A Coruña e Monforte, onde o Alvia atravesa un paso a nivel sen barreira a velocidades superiores aso 15 quilómetros por hora. Este paso ten unha elevada presenza de tráfico pesado procedente da factoría que Fontecelta ten nas inmediacións así como é utilizado



de forma frecuente por un elevado número de vehículos que transitan entre os núcleos desta estrada ou dos traballadores da propia factoría.

Este paso posúe unicamente sinalización visual e sonora, practicamente imperceptible en moitas circunstancias de circulación, polo efecto da luz diúrna sobre as sinais luminosas ou a imposibilidade de percibir a sinal acústica pola costume de utilizar os vehículos coas “ventanillas” pechadas.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno Central que se dirixa a ADIF para acometer á maior celeridade posible a supresión dos pasos a nivel previstos na rede ferroviaria galega, de forma concreta a incrementar a seguridade do paso a nivel da liña A Coruña-Monforte que atravesa a estrada de Vilapedre nas cercanías de Céltigos.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 31/07/2018 13:31:45

Antón Sánchez García na data 31/07/2018 13:31:54

Paula Vázquez Verao na data 31/07/2018 13:32:00

Luis Villares Naveira na data 31/07/2018 13:32:03

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Aínda que non son orixinarias deste territorio, hai décadas que a palmeira se converteu nunha das árbores ornamentais utilizadas con maior frecuencia en parques, zonas verdes e xardíns, tanto públicos como privados, de Galicia. Con todo, dun tempo para aquí o seu número foi decrecendo e hoxe en día moitas delas están secas ou deterioradas.

O picudo vermello é un escaravello orixinario do sueste asiático que comezou a súa expansión pola península en 1993 debido á introdución de palmeiras ornamentais infestadas desde o norte de África. O picudo vermello (*Rhynchophorus ferrugineus*) coloniza as palmeiras, devorando o interior do tronco ata debilitar e provocar a morte da árbore.

A praga do picudo vermello que afecta ás palmeiras esténdese por Galicia. O primeiro exemplar infestado na nosa comunidade detectouse en 2013 en Gondomar e, a partir de entón, a súa expansión foi imparable, desde os municipios do sur da provincia de Pontevedra cara ao norte de Galicia.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a poñer en marcha, antes de que remate este ano, un Plan de investigación científica a través dun convenio coa universidade e/ou centros de investigación que colaboren no desenvolvemento de medidas axeitadas, para erradicar e controlar a praga do picudo vermello das palmeiras.

Pazo do Parlamento, 31 de xullo de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 01/08/2018 09:58:05

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz na data 01/08/2018 09:58:14

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/08/2018 09:58:24

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Julia Torregrosa Sañudo e Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos:

Estamos asistindo a unha chuvia continua de novas sobre a presenza do anisakis no peixe fresco que se vende en Galicia, resulta cando menos curioso, observar como este tipo de información se repite de forma periódica, cando na realidade a situación non ten mudado en demasía nos últimos tempos, información ademais que obvia en moitos casos os procesos de cociñado que eliminan este parasito.

Ademais da información, estase a crear unha alarma aparentemente interesada enmarcada na campaña de deterioro da imaxe do pescado fresco salvaxe en favor do consumo do peixe conxelado ou procedente da piscicultura industrial.

Esta situación esta a provocar un descenso das vendas e dos prezos de determinadas especies sobre todo a pescada como denuncian os profesionais do sector, polo que compre unha actuación seria e determinada das administracións públicas, no sentido de completar a información que chega ao consumidor, así parece intencionada a omisión da falta de risco cando o peixe é cociñado a temperaturas superiores aos 60 graos, proceso que se da na maior parte das preparacións cociñadas do produto, como pode ser nos cociñados ao forno, a grella, cocido ou frito.



Neste sentido entendemos que a Consellería debe comezar canto antes unha campaña de información e defensa da calidade do produto fresco vendido nas lonxas galegas que inclúa información completa sobre os métodos para a eliminación do anisakis.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a iniciar de inmediato unha campaña de información veraz sobre os métodos de eliminación do parasito, tanto nas lonxas e puntos de venda, como a través de elementos especiais na corporación pública, co obxectivo de eliminar os prexuizos que as alarmas inxustificadas producen ao sector.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo
Paula Quinteiro Araujo
Deputadas do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 01/08/2018 13:12:35

Paula Quinteiro Araújo na data 01/08/2018 13:12:40



Luis Villares Naveira na data 01/08/2018 13:12:47

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, María Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Que a Ribeira Sacra sexa Patrimonio da Humanidade traería consigo, non só un aumento no sector turístico, e polo tanto, unha mellora económica e activación dos investimentos na zona senón que tamén se poñería freo a un dos problemas máis acusados que ten Galicia, sobre todo en terras do interior, que é o despoboamento. A revitalización económica tradúcese tamén en revitalización social, e polo tanto, en máis e mellores oportunidades para que o rural se manteña. Todo isto sen esquecer o patrimonio, tanto material como inmaterial e paisaxístico, que se vería reforzado, mellor valorado e como non mellor conservado.

A Ribeira Sacra non é un monumento, un edificio ou unha cidade é un territorio vivo, dinámico e poboado e pese a isto e á importancia de declárala como Patrimonio da Humanidade hai unha clara falta de información entre as xentes que conforman este territorio. Esta falta de información implica unha menor concienciación, e polo tanto, menor participación na evolución deste proceso, tanto por parte do tecido socioeconómico como de axentes culturais e medioambientais e da sociedade en xeral. A información é algo de suma importancia para que a Ribeira Sacra sexa protexida e potenciada non só polas administracións senón tamén pola sociedade en xeral.

Se a información e participación son elementos claves para lograr que a Ribeira Sacra sexa un xeodestino altamente demandado, non menores son outros retos que afrontar para que esta ampla zona sexa atractiva para visitantes doutras zonas e sirva para axudar a dinamizala socioeconomicamente.

É necesario ter claros uns parámetros de actuación que centren a atención sobre os aspectos básicos que deben definir unha marca de promoción turística baseados na paisaxe, cultivos e patrimonio cun claro respaldo de credibilidade e calidade.

Grupo Parlamentario

Os 20 puntos que expoñemos para constituír o cerne da actuación institucional están abertos á implementación e mellora, pero entendemos que hai que poñer con claridade elementos tanxibles sobre os que acordar.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dado que a Ribeira Sacra é unha realidade xeograficamente extensa que ten na súa zona en proceso de declaración de BIC coa categoría de Paisaxe Cultural unha superficie de 179 Km² e na de amortecemento 319 km², con 190 núcleos de poboación no BIC e 456 na zona de amortecemento, son cifras que expoñen claramente a dificultade para englobar todo a súa extensión nun proxecto común que pode ser unha excelente oportunidade de desenvolvemento e dinamización.

É necesario definir un marco común que contemple as distintas fortalezas e coordine as actuacións desde unha perspectiva global.

Por estas e outras razóns o Grupo Parlamentario Socialista propón a aprobación de 20 medidas como liña de actuación co obxectivo de conseguir unha alta valorización da Ribeira Sacra como destino dun turismo baseado na paisaxe, patrimonio e viticultura con *marchamo* de calidade.

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

- a) Definir sen rixideces os elementos patrimoniais máis sobranceiros para potenciar como iconas da Ribeira Sacra.
- b) Fomentar políticas activas sobre todo o patrimonio (estudio, protección, divulgación, sinalización, accesos...), prioritariamente: prehistoria, románico, natural, paisaxístico, etnográfico en tódalas variantes, sendeiros ...
- c) Coidar os contornos patrimoniais en canto a harmonización construtiva e paisaxística.
- d) Elaborar un plan de axudas compensatorias que axuden a manter a actividade viticultora e polo tanto a paisaxe.
- e) Potenciar o Camiño de Inverno impulsando a creación de suficientes infraestruturas que o fagan atractivo nesta zona (albergues, puntos de información, auga potable, lugares onde comer...)

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A OCDE no seu estudo tamén sinala as ratios de matronas por cada 1.000 nacementos, situándose en España en 12,4 matronas, namentres que a media dos países obxecto de estudo se sitúa en 25,9 matronas por cada 1.000 nacementos. Novamente España está moi por baixo da media do resto de países.

Nos países do noso entorno a tendencia é ao incremento, optando por investir na atención no puerperio e no coidado ao neonato, triplicando na última década os cocientes de matronas por cada 1.000 nacementos.

Noutro estudo do Ministerio de Sanidade sobre a necesidade de profesionais de Enfermería 2010-2015 (SANIFAX-2011) a proxección feita sobre o número de matronas era de 7.204 mentres que en 2015 o número de matronas

Grupo Parlamentario

era dunhas 5.469 matronas para todo o territorio español, o que supuña que en 2015 España tiña un 25% menos de matronas do estimado en 2011 e se temos en conta a previsión para o 2020 de 8.200 matronas, o crecemento anual tería que ter sido dunhas 546 matronas más anuais.

Segundo os últimos datos publicados polo INE, o 30 de maio de 2018, referidos ao ano 2017, o número de enfermeiros colexiados incrementou en 8.527 persoas (un 2,9%), situándose en 299.824; e dentro deste colectivo, 9.013 persoas estaban rexistradas como *matronas* (un 2,6% máis que o ano anterior).

En canto ao reparto por comunidades autónomas, os maiores incrementos foron na Comunidade Foral de Navarra (23,0%), Andalucía (5,5%) e Canarias (4,6%); mentres que A Rioxá (0,5%), Galicia (0,6%) e a Comunidade de Madrid (0,8%) rexistraron os menores aumentos.

O Concello de Cerceda tiña a 1 de xaneiro de 2017, segundo o IGE, 4.992 habitantes, dos que 2.531 son mulleres, e destas 1.446 teñen entre 17 e 64 anos.

A atención de matrona neste concello consiste nunha consulta cada quince días sen que a profesional que presta o servizo sexa sempre a mesma, servizo que, ademais, se suspende no mes de agosto.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que:

1. Incremente o servizo de atención de matrona achegando a ratio ás recomendacións plasmadas nos últimos estudos publicados pola OCDE así como polo Ministerio de Sanidade.
2. Estableza a atención do servizo de matrona para o Concello de Cerceda como mínimo nun día á semana.

Pazo do Parlamento, 9 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/08/2018 14:27:54

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/08/2018 14:28:02

Noela Blanco Rodríguez na data 10/08/2018 14:28:06

Julio Torrado Quintela na data 10/08/2018 14:28:14

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**

Exposición de motivos

O envellecemento poboacional constitúe unha realidade e singular característica para Galicia, que irá en aumento nos próximos anos, sen que teña para moitas das persoas maiores unha axeitada resposta por parte dos poderes públicos e en concreto por parte da Comunidade Autónoma, competente en materia de servicios sociais que inclúe ás políticas de familia, benestar social, inclusión social, servicios comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores.

O plan de traballo do Consello de Contas para o ano 2016, aprobado polo pleno do Consello o 4 de decembro de 2015, contemplaba a realización dun informe sobre o gasto público autonómico en centros residenciais para persoas maiores e persoas con discapacidade. Recentemente coñecemos dito documento que arroxa preocupantes datos sobre a situación da atención aos maiores na nosa comunidade autónoma.

O informe sinala nas súas conclusións que a ratio de prazas residenciais en Galicia é inferior á media estatal, e sitúase moi por debaixo do recomendado pola OMS, producíndose ademais nestes últimos anos un maior incremento das prazas privadas (na actualidade o 65% do total das prazas ofertadas) en detrimento das xestionadas directamente pola administración autonómica.

Esta aposta do goberno de Feijoo pola privatización de servizos públicos amósase tamén na fiscalización que o Consello de Contas realizou dos gastos de funcionamento dos centros públicos, que descenden desde o ano 2012 a pesar de que o número de prazas residenciais permaneceu case inalterable, así como o dos gastos de persoal das residencias xestionadas pola Xunta, que experimentaron un descenso dun 7,1% no exercicio 2015 con respecto ao exercicio 2010, debido ás medidas de contención para corrixir o déficit público e a non cobertura das ausencias nas xornadas mediante contratacións temporais.

Grupo Parlamentario

Ademais, o prazo medio ou de trámite do procedemento para o recoñecemento do dereito a unha praza residencial no exercicio 2015 foi de 453 días, moi superior aos seis meses que marca a lexislación, e o tempo medio de espera ata conseguir o ingreso no centro residencial, de 154 días, case o dobre do estipulado pola normativa aplicable.

O informe chama a atención tamén sobre as graves deficiencias na xestión dos centros residenciais, en especial daqueles cuxa xestión está privatizada, referidos a incumprimentos en materia de persoal, fundamentalmente do cociente do persoal de atención directa e a non diferenciación de funcións por categorías profesionais, do uso inadecuado das instalacións, das deficiencias nos protocolos de funcionamento, da falta de rigor dos rexistros... A pesares de que estes son factores que repercuten na calidade do servizo que se presta aos residentes, a Xunta de Galicia non iniciou expedientes sancionadores nos casos nos que as irregularidades observadas non se corrixiron posteriormente a ser notificadas.

Son numerosas as persoas maiores que en Galicia demandan unha praza residencial, pero non poden ter acceso á mesma e dadas as cifras demográficas, serán máis no futuro inmediato. Así para dentro de quince anos, no 2031, o IGE prevé que existan da orde de 780.000 persoas de 65 ou máis anos, un aumento superior ao 17 % con respecto ás cifras actuais. Sen que a planificación da Xunta de Galicia pareza ter en conta tales previsións de acontecementos a curto e medio prazo, senón que, ao contrario: mantén un inaceptable e moi considerable retraso ao respecto das actuacións que debera levar adiante co obxecto de facer fronte a esta importante carencia pública.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar de maneira urxente o número de prazas en residencias de maiores públicas de xestión propia, dispoñendo de dotación orzamentaria suficiente para a construción de novos centros e optimizar os recursos públicos dispoñibles mediante a total ocupación das prazas residenciais existentes nos centros propios, co obxectivo de alcanzar no menor prazo de tempo posible a ratio de prazas residenciais por cada 100 persoas de 65 e

Grupo Parlamentario

máis anos recomendada pola OMS, e que en todo caso será ao final da X lexislatura igual ou superior á media estatal.

2. Dotarse de persoal suficiente e dos medios necesarios para que o recoñecemento do dereito ao servizo residencial se produza a partires do ano 2019 no prazo de seis meses que fixa a normativa dende a solicitude polos interesados e interesadas, así como reducindo os tempos de espera ata un prazo de tres meses que fixa a normativa aplicable nos procedementos ordinarios de acceso a unha praza residencial, unha vez recoñecido o dereito ao servizo.

3. Esixir aos centros residenciais que manteñan actualizados, permanentemente, os datos que consten no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos sociais (RUEPSS) en canto instrumento público de publicación e de ordenación do Sistema Galego de Servizos Sociais.

4. Reforzar o labor inspector, incrementando durante a X lexislatura os recursos humanos para vixiar os incumprimentos da normativa ou estándares de calidade esixidos, adoptando, en caso de que sexa necesario, as medidas sancionadoras recollidas na *Lei 13/2008 do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia*.

5. Garantir que se cobren na súa totalidade os permisos, vacacións e outras ausencias entre o persoal das residencias de maiores da nosa comunidade autónoma, mantendo a ratio recollida na lexislación vixente. Dotarse de maneira urxente dun sistema informático normalizado para a xestión do persoal dos centros públicos co obxecto de facilitar a xestión, e ofrecer información precisa da cobertura efectiva das xornadas de traballo.

6. Adoptar de maneira urxente un criterio para a facturación dos días nos que se producen traslados entre centros, e aplicar o desconto establecido no contrato para a facturación das prazas reservadas non vacantes .

7. Mentres non se establezan métodos de contabilidade analítica que permitan a cuantificación dos custo do servizo residencial, a Administración mellorará durante o ano 2019 o nivel de desagregación da información orzamentaria para os efectos de obter unha aproximación ao gasto ocasionado pola prestación deste servizo.

Pazo do Parlamento, 14 de agosto de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/08/2018 10:42:21

Noela Blanco Rodríguez na data 14/08/2018 10:42:38

Julio Torrado Quintela na data 14/08/2018 10:42:46

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/08/2018 10:42:52

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Cerceda é un Concello que conta cunha poboación 4.492 habitantes segundo os últimos datos do IGE (01.01.2017), dos que 465 teñen entre 0 e 14 anos.

A atención pediátrica neste Concello desenvólvese en horario de 8:30 a 11:30 horas de luns a venres, sen que poida retrasarse a consulta debido a que a pediatra ten que incorporarse no Centro de Saúde de Acea da Ma (Culleredo).

No mes de agosto, o servizo de Pediatría suspéndese para a atención dos nenos e das nenas de Cerceda, tendo que ser atendidos, só en caso de urxencia, pola persoa que se encontre para a atención das urxencias en xeral para toda a poboación ou ben desprazarse ata o Centro Rosalía de Castro, materno infantil, da Coruña, a 25 Km do centro de Cerceda.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que manteña o servizo de Pediatría durante os meses de verán coa cobertura necesaria dos e das profesionais.

Pazo do Parlamento, 13 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/08/2018 12:03:13



 Grupo Parlamentario

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/08/2018 12:03:27

Julio Torrado Quintela na data 14/08/2018 12:03:32

Noela Blanco Rodríguez na data 14/08/2018 12:03:41

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vaga de lumes de outubro de 2017 afectou á parroquia monfortina de Chavaga. Días despois do incendio xa comezaron os traballos de retirada de madeira queimada da zona, que duraron uns sete meses, tendo traballado, en ocasións, día e noite a maquinaria pesada retirando a madeira. Mesmo se comezou a retirar madeira cando aínda, logo das choivas, moitas das zonas eran un barrizal.

Estes traballos no Monte do Castro orixinaron desperfectos, pois abríronse pistas que non respectaron os camiños existentes e, nin sequera, un muro perimetral que existe nunha das cotas do monte, no contorno de protección do castro.

O Monte do Castro é un alto duns 500 m sobre o nivel do mar no que consta un xacemento catalogado (Castro da Coroa ou de Cabo), coa referencia GA27031013, un castro adscrito á Idade do Ferro, conformado por dúas plataformas circundadas por cadanseu terraplén, cunhas dimensións importantes. Considérase que tivo reocupación en época sueva, pois é citado no Parrochiale suevum

Na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, o Capítulo IV regula o réxime específico de protección dos bens catalogados, como é o caso do Castro da Coroa. Así, “as intervencións que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados deberán contar coa autorización da consellaría competente en materia de patrimonio cultural cando teñan por obxecto”, entre outras, “a implantación ou os cambios de uso que poidan ter incidencia sobre a apreciación dos bens no territorio, incluídas as cortas e as repoboacións forestais” e “as remocións de terras de calquera tipo no contorno de protección dos bens integrantes do patrimonio arqueolóxico”.

Asemade, conforme ao artigo 46, “o contorno de protección debe manterse cos seus valores ambientais” e, en concreto, terase en conta como criterio específico “evitar os movementos de terras que supoñan unha variación significativa da topografía orixinal do contorno” e “procurarase a súa compatibilidade cos elementos configuradores da estrutura territorial tradicional, como son a rede de camiños, os muros de peche, as sebes, as tapias, os noiros e outros semellantes”. Tamén, “manteranse preferentemente a estrutura e a organización espacial do contorno, coa conservación xeral das aliñacións e rasantes”.

No castro de Chavaga realizáronse remocións de terra que alteraron a topografía orixinal e que non respectaron a rede de camiños tradicionais. Así mesmo, destruíuse parte dun muro dunha das cotas do monte.

No eido do coidado do Patrimonio, a descoordinación entre Administracións encargadas de velar polo mesmo – Xunta, Concellos, forzas e corpos de seguridade – e, mesmo a descoordinación entre as propias Consellerías da Xunta – Medio Rural e Cultura – é unha constante. Na provincia de Lugo hai exemplos abondosos de xacementos arqueolóxicos arrasados ou danados por traballos como a retirada de madeira, ben se trate de elementos catalogados ou non.



Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea propón a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Acometer unha investigación sobre o estado do Castro de Chavaga, Monforte de Lemos, a fin de determinar a situación do xacemento e detallar as afectacións sufridas polo paso de maquinaria pesada e as cortas de madeira.
2. Acometer unha actuación de recuperación da contorna do Monte do Castro, en Chavaga, co mantemento dos camiños tradicionais e a recuperación das zonas estragadas, con control arqueolóxico destes traballos.
3. Elaborar un plan, con dotación orzamentaria, para a investigación do castro de Chavaga.

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,
Ánxeles Cuña Bóveda
Luca Chao Pérez
Luís Villares Naveira
Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 17/08/2018 10:08:21

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/08/2018 10:08:28

Luca Chao Pérez na data 17/08/2018 10:08:33

Luis Villares Naveira na data 17/08/2018 10:08:40



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/08/2018 11:38
Nº Rexistro: 34635
Data envío: 17/08/2018 11:38:16.748

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao incumprimento do Goberno galego dos compromisos de reapertura da base de helicópteros de Vilanova no Barco de Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 14 de xuño de 2018 o Bloque Nacionalista Galego impulsou un acordo unánime no Parlamento Galego na Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos relativo á necesidade da reapertura da base de helicópteros que a Xunta de Galiza pechou sen aviso no ano 2017.

Dito acordo constaba co seguinte texto: «O Parlamento de Galiza insta a Consellería do Medio Rural a que, unha vez finalizadas as xestións cos respectivos propietarios dos terreos e demais entes implicados, para efectos de declarar o seu uso exclusivo, reabra de xeito inmediato a base de helicópteros de Vilanova (O Barco) para o seu uso nesta temporada de incendios.»

Repetidamente membros do Partido Popular e membros do Goberno galego teñen aseverado nas súas respostas aos medios de comunicación a “inmediatez” coa que irían comezar unhas obras que, no momento de asinarse esta iniciativa e pasado o ecuador da tempada de risco de incendios, nin sequera comezaron.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que a Xunta de Galiza estivo a demostrar nesta cuestión unha actitude absolutamente negligente. Primeiro, ao pechar sen explicacións até que houbo demanda sindical e política esta base; segundo, ao non explicar de forma transparente os motivos de tal peche; terceiro, ao mentir reiteradamente sobre a previsión de reapertura; cuarto, ao nin sequera comezar o seu acondicionamento antes do 15 de agosto.

A base da que falamos pertence ao Distrito Forestal XIII de Valdeorras–Trives, en concreto á demarcación de Valdeorras 1 que abrangue o Barco de Valdeorras, O Bolo, Larouco, Petín, Rubiá e Vilamartín de Valdeorras. Próximo a a outras demarcacións do distrito, como son: Demarcación de Terra de Caldelas: concellos de Castro Caldelas, Montederramo, Parada de Sil e A Teixeira; demarcación de Terra de Trives: concellos de Chandrexa de Queixa, Manzaneda, A Pobra de Trives e San Xoán de Río; e demarcación de Valdeorras 2: concellos de Carballeda de Valdeorras e A Veiga. Doutra banda, á súa vez está próxima a outros distritos delicados, como é o distrito Forestal XIV. Verín–Viana. En síntese, unha ferramenta fundamental para responder ás necesidades dun abano xeográfico amplo e complexo que precisa ser atendido como corresponde.

Máis aínda, cómpre recordar que Ourense e as súas comarcas orientais contan con especificidades climáticas. Tamén con condicións sociais e económicas, como o abandono do rural, o despoboamento ou as dificultades de conexión, que deben ser tidas en conta e sobre as que hai que actuar para reducir a súa sobreexposición á incidencia de lumes. Ademais, a ubicación desta base é estratéxica, moi próxima a zonas de grande valor ambiental e complexidade xeográfica, como o Teixadal de Casaio, a Serra do Eixo, o Parque Natural Serra de Enciña da Lastra ou a proximidade ao Macizo central.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que non é razoábel esta situación e que ademais a Xunta de Galiza ten aínda que esclarecer os motivos e a



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

situación da base así como as decisións e medidas que anteriormente tomara ou non tomara o organismo para garantir as condicións de funcionamento.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Iniciar de inmediato as actuacións necesarias par reabrir a base de helicópteros de Vilanova no Barco de Valdeorras da base de Vilanova en condicións de seguridade, acometendo tamén o mantemento necesario do edificio incluído no recinto.

2. Elaborar e remitir ao Parlamento galego, aos concellos da comarca e á representación sindical das e dos traballadores dos dispositivos de prevención e extinción de incendios un informe explicativo das causas do seu peche así como da demora na súa corrección e reapertura.

3. Depurar as responsabilidades políticas e técnicas necesarias polo desleixo nesta cuestión.”

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/08/2018 11:38
Nº Rexistro: 34635
Data envío: 17/08/2018 11:38:16.748

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 17/08/2018 11:37:24

María Montserrat Prado Cores na data 17/08/2018 11:37:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/08/2018 11:37:32

Olalla Rodil Fernández na data 17/08/2018 11:37:33

Xosé Luis Bará Torres na data 17/08/2018 11:37:35

Ana Pontón Mondelo na data 17/08/2018 11:37:44



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/08/2018 12:23
Nº Rexistro: 34645
Data envío: 17/08/2018 12:23:00.195

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo de 2018 diversas sentenzas emitidas no ámbito xurídico do Estado español veñen amosando a profundidade da pegada do patriarcado así como a distancia entre o dereito á igualdade e á non violencia que son promulgadas e a súa falta de reflexo no sistema xudicial.

Recentemente, en xullo de 2018 coñeceuse publicamente que o Xulgado do Penal número 1 da cidade de Granada condenaba a Juana Rivas a cinco anos de prisión por dous delitos de substracción de menores. Cómpre recordar que isto veu motivado despois de que permanecera un mes sen paradiro coñecido no ano 2016 por incumprir as resolucións xudiciais que obrigaban a que as súas dúas crianzas foran entregadas ao seu pai, acusado de malos tratos, por medo ao que non puideran estar seguros. Así mesmo, o maxistrado Manuel Piñar tamén ditou a inhabilitación para exercer a patria potestade durante seis anos e a indemnización do pai dos fillos, condenado por maltrato no 2009, pola contía de 30.000 euros alén de asumir o pago das costas xudiciais.

Entre a escandalosa cronoloxía deste caso salienta, por exemplo, que a sentenza poña permanentemente en cuestión a denuncia de maltrato por parte de Juana Rivas. Unha denuncia, por outra banda, que non é só declarativa senón que ten unha denuncia



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/08/2018 12:23
Nº Rexistro: 34645
Data envío: 17/08/2018 12:23:00.195

presentada diante da xustiza que continúa en situación de parálise. A posta en cuestión da vítima chega a tal punto que mesmo afirma que utilizou de maneira instrumental a violencia machista, explotando o maltrato para quedar coas súas crianzas. Así mesmo, o xuíz tamén cuestiona a demora en ter denunciado o maltrato, cando tanto os estudos de violencia machista como doutrina xurídica teñen ditaminado que esta demora non pode empregarse para o cuestionamento da existencia de dita violencia.

Estas aseveracións así como esta situación envían unha mensaxe moi negativa para calquera persoa susceptible de estar a sufrir violencia machista. Non en van, téñense dado diversas reaccións non só por parte de expertos e expertas en violencia machista na esfera psicolóxica, social, do feminismo, etc. Tamén a *Asociación de Mujeres Juezas de España (AMJE)* emitiu un comunicado. Nel recollen, entre outras matizacións que *“o que se percibe como decisións desproporcionadas ou ditadas á marxe da realidade social non son senón o produto de ignorar a obriga de integrar a perspectiva de xénero na aplicación do dereito, e con ela interpretar a norma salvagardando os Dereitos Humanos (...) A persistencia de estereotipos na labor xudicial, como aqueles que afirman a existencia dun perfil típico de maltratador primario e atávico que forzosamente ten que ser perceptíbel, non só pola vítima, senón tamén polo seu entorno; ou os que cuestionan a veracidade da testemuña da muller por non denunciar os feitos mentres o maltrato se producía levan a valoracións da proba e interpretacións da norma que, aínda que legais, corren o risco de consagrar unha manifesta inxustiza.”*

Así mesmo, o comunicado referido tamén expón recentes pronunciamentos xudiciais que si integran, afortunadamente, ese mandato de aplicar a perspectiva de xénero e procurar a comprensión do fenómeno da violencia machista. Aínda que a sentenza non é firme e está pendente de recurso, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que é preciso solidarizármonos desde o Parlamento Galego cun caso que reflicte a profundidade das raíces do patriarcado nun sistema xudicial que, sendo de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/08/2018 12:23
Nº Rexistro: 34645
Data envío: 17/08/2018 12:23:00.195

ámbito estatal, afecta tamén o noso país e envía unha mensaxe negativa a todas aquelas vítimas de violencia machista que poidan estar en proceso de decidir denunciar, nomeadamente aquelas con crianzas.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza acorda por resolución reprobar a sentenza condenatoria de Juana Rivas e as valoracións contrarias aos Dereitos Humanos e aos principios de igualdade e perspectiva de xénero contempladas na sentenza do Xulgado do Penal número 1 da cidade de Granada rubricada polo xuíz Manuel Piñar e expresar a súa solidariedade con Juana Rivas e todas as mulleres que representa na súa figura, así como coas súas crianzas.”

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/08/2018 12:23
Nº Rexistro: 34645
Data envío: 17/08/2018 12:23:00.195

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 17/08/2018 12:19:46

María Montserrat Prado Cores na data 17/08/2018 12:19:51

Ana Pontón Mondelo na data 17/08/2018 12:19:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/08/2018 12:19:54

Olalla Rodil Fernández na data 17/08/2018 12:19:58

Xosé Luis Bará Torres na data 17/08/2018 12:20:00

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Teresa Egerique Mosquera, Maria Ángeles García Míguez, César Fernández Gil, Jacobo Moreiras Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, e Julia Rodríguez Barreira** e, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O pasado 12 de agosto, no transcurso dun concerto que despedía o festival de *Marisquiño*, a deteriorada plataforma de madeira do Paseo das Avenidas, no paseo marítimo da cidade de Vigo, quebrou e centos de persoas caeron ao mar. Un suceso no que se produciron 465 feridos, a maioría xóvenes e menores de idade, dos que 5 deles resultaron feridos de gravidade e todavía permanecen hospitalizados.

Descoñecemos se este accidente puidera terse evitado xa que en datas anteriores á celebración do festival advertiuse ao Concello do mal estado da plataforma e da necesidade da reparación do Paseo das Avenidas, tanto por parte do Grupo municipal do Partido Popular no Concello de Vigo como pola Autoridade Portuaria, xa que a conservación e mantemento da zona corresponde ao Concello tal e como determina o convenio de 1992 de “Abrir Vigo ao Mar” no seu punto VI) e tal e como reiteran os tribunais en diferentes sentenzas que obrigan ao Concello a indemnizar a cidadáns por lesións sufridas no Paseo das Avenidas.

Un terrible suceso que requeriu da actuación inmediata dos diferentes servizos sanitarios e de emerxencias que levaron a cabo unha magnífica labor.

A investigación xudicial será a encargada de esclarecer o sucedido e determinará quen foi o responsable ou responsables do suceso, pero cómpre coñecer cómo se tramitou a preceptiva licenza municipal, aos efectos de verificar si se solicitaron os informes ou se fixeron as actuacións comprobatorias, imprescindibles para garantir a seguridade dos asistentes ao concerto.

A lei galega de espectáculos públicos, ante a celebración dun evento destas características esixe varios informes preceptivos que acrediten que o espazo reúne as condicións de seguridade, informes que a día de hoxe nin son públicos nin se coñecen a pesar da reiterada petición do grupo maioritario da oposición municipal.

Non temos información de si o Concello, cumprindo coa lexislación vixente, foi ao lugar e si fixo as comprobacións pertinentes, si ten os informes técnicos de carga, si houbo un estudo do aforo, ou si polo contrario dou a autorización sin comprobar absolutamente nada.

Á vista da falta total de transparencia e có ánimo de esclarecer o sucedido no Paseo das Avenidas en Vigo na madrugada do pasado domingo 12 de agosto, consideramos oportuno que as Administracións competentes den transparencia ás súas actuacións.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ás Administracións competentes para que fagan pública toda a documentación pertinente, así como os informes en virtude dos cales se deu a autorización para a celebración do concerto do

pasado día 12 de agosto en Vigo, a fin de que se garanta a transparencia das actuacións das administracións dentro das súas respectivas competencias e favorecer o esclarecemento do ocorrido no terrible accidente no marco do festival de O *Marisquiño* na cidade de Vigo”

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2.018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 20/08/2018 12:27:44

Paula Prado Del Río na data 20/08/2018 12:28:07

Alberto Pazos Couñago na data 20/08/2018 12:28:34

Teresa Egerique Mosquera na data 20/08/2018 12:28:48

María Ángeles Garcia Míguez na data 20/08/2018 12:29:05

César Manuel Fernández Gil na data 20/08/2018 12:29:14

Jacobo Moreira Ferro na data 20/08/2018 12:29:21

María Isabel Novo Fariña na data 20/08/2018 12:29:38

María Julia Rodríguez Barreira na data 20/08/2018 12:29:49

[Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63](#)
[15701 Santiago de Compostela](#)
[T. 981 551 510 F. 981 551 422](#)
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Antonio Mouriño Villar na data 20/08/2018 12:30:07



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade a contribución impositiva recae fundamentalmente sobre os impostos indirectos ao consumo e ás rendas do traballo, fronte ás de capital, ao que se suman unha serie de condicións para a declaración da renda que non inclúen suficientes posibilidades de desgravacións para favorecer aos colectivos máis vulnerábeis de forma suficiente e que ten sido practicamente inalteradas malia o impacto da crise económica, regresividade acrecentada polas decisións dos gobernos do Partido Popular dos últimos anos. Dese xeito, o resultado é un sistema fiscal cun baixo nivel de presión fiscal sobre determinadas rendas e un reparto pouco equitativo da carga fiscal que impide o desenvolvemento dun sistema de benestar e dos recursos necesarios para poder adoptar medidas correctoras da desigualdade.

De forma particular cómpre sinalar que á hora de levar a cabo as obrigas para a declaración da renda, os poderes públicos teñen arbitrado determinadas circunstancias que desgravan á hora de cumprir coas obrigas fiscais. Entre elas varias destinadas á protección e estímulo da natalidade e da familia como institución social. Porén, neste camiño o Bloque Nacionalista Galego ten observado unha ausencia importante que tamén ten sido denunciada por asociacións e colectivos sociais.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2018 12:41
Nº Rexistro: 34678
Data envío: 20/08/2018 12:41:41.925

As formas de vida e a configuración das familias abranguen unha alta variedade, dependendo de factores sociais, económicos, culturais ou de escolla afectiva e persoal. Neste sentido, salienta un baleiro importante canto ás familias monoparentais e a atención á súa especificidade. A xuízo do Bloque Nacionalista Galego é preciso impulsar desde o ámbito galego e estatal unha maior protección.

Máis aínda, cómpre ter en conta que estamos a falar de familias maioritariamente encabezadas por mulleres e que polo tanto sofren as repercusións negativas da desigualdade laboral, económica e salarial, entre outras, que aínda rexen na sociedade. Así mesmo, cómpre salientar como as familias monoparentais están a aumentar ano tras ano. Segundo os datos oficiais do propio Instituto Galego de Estatística no 2007, o primeiro ano con estes datos a respecto da Enquisa Estrutural a Fogares, había en Galiza 188.452 fogares monoparentais e no último dato dispoñíbel, o 2016 o número chega até 110.156 fogares monoparentais, o que constitúe o 10,4% do total dos fogares.

Na actualidade, a *Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galiza* contempla no seu Capítulo II, Sección 7.^a Acción protectora das familias de especial consideración o seguinte: *f) No ámbito tributario, mediante o establecemento pola Xunta de Galicia de beneficios fiscais na área das súas competencias*. Porén, case sete anos despois da súa aprobación, este aspecto non está desenvolto canto ás posíbeis deducións autonómicas no campo da renda. No ámbito estatal contémpanse, alén das deducións por fillos e fillas, deducións para familias monoparentais con dous fillos. Porén, neste marco quedan moitas familias monoparentais dun só fillo ou filla que non poden acollerse a esta dedución.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a cumprir a *Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galiza* e desenvolver, o ámbito das súas competencias canto a deducións propias do IRPF, para vindeiros anos fiscais deducións por descendencia para familias monoparentais, en combinación con criterios redistributivos acordes ao nivel de renda.”

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/08/2018 12:29:50



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2018 12:41
Nº Rexistro: 34678

Data envío: 20/08/2018 12:41:41.925

María Montserrat Prado Cores na data 20/08/2018 12:30:03

Ana Pontón Mondelo na data 20/08/2018 12:30:06

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/08/2018 12:30:07

Olalla Rodil Fernández na data 20/08/2018 12:30:09

Xosé Luis Bará Torres na data 20/08/2018 12:30:10

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Paula Vázquez Verao** e **Ánxeles Cuña Bóveda** e do seu deputado **David Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Conforme á Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, entre as medidas susceptibles de ser impostas a menores infractores penais, están as de internamento, que pode ser en réxime pechado, semiaberto ou aberto, ou ben internamento terapéutico, nalgún dos tres réximes.

A execución de ditas medidas corresponde ás Comunidades Autónomas, que deben dispor de centros específicos co obxectivo da resocialización e tendo como principio que a ou o menor internado é suxeito de dereito e que continúa formando parte da sociedade. Para a execución destas, as Comunidades Autónomas poden asinar “convenios ou acordos de colaboración necesarios con outras entidades, ben sexan públicas, da Administración do Estado, Local ou de outras Comunidades Autónomas, ou privadas sen ánimo de lucro, para a execución das medidas da súa competencia, baixo a súa directa supervisión”.

O Centro de Menores Monteledo, de Ourense, é un centro de iniciativa pública que comezou a funcionar en 1996, xestionado dende 2016 pola Fundación Diagrama. Situado no complexo Montealegre, conta con 37 prazas autorizadas. En dito centro lévase a cabo a execución das medidas de internamento en réxime



aberto, semiaberto ou pechado (tanto preventivas coma firmes) e permanencia de fin de semana no centro. Excepcionalmente e por razóns de urxencia, en ausencia de vacantes no centro de atención específica e polo tempo imprescindible, internamentos terapéuticos nos réximes pechado, semiaberto ou aberto (tanto preventivos como firmes); nestes casos contará co apoio do equipo clínico do centro de atención específica.

O Convenio entre a Consellería de Política Social e a Fundación Diagrama, subscrito o 29 de abril de 2016, para levar a cabo a atención residencial e a intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, ten por obxecto “regular a colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Diagrama Intervención Psicosocial para a atención residencial e a intervención educativa integral con persoas menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na LORPM no centro de reeducación Monteledo (CR Monteledo). Así mesmo, incluírá a atención dos fillos e fillas menores de tres anos que convivan coas súas nais internadas”, por importe de máis de 4 millóns de euros (anos 2016 e 2017).

A cláusula quinta da Resolución do 11 de febreiro de 2016, pola que se convoca o procedemento de selección de entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención residencial e a intervención educativa integral con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores en centros de reeducación da Comunidade Autónoma, establece, entre as obrigas da concesionaria, en relación co persoal adscrito á intervención, “contar cun cadro de profesionais para a intervención educativa con alta cualificación técnica e humana en número suficiente para cubrir as ratios de persoal establecidas no

Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, coa composición e número determinados na memoria que se anexa ao presente convenio”, así como “a cobertura, en todo momento, dos postos de traballo e das correspondentes funcións. En consecuencia, a entidade efectuará ao seu cargo e inmediatamente as substitucións necesarias do persoal que teña asignado á actividade sexa cal for a súa causa, de forma que a execución das medidas xudiciais quede sempre asegurada. As variacións que se produzan no cadro de persoal serán inmediatamente comunicadas á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica”.

O 9 de agosto de 2016, unha representación do persoal do CR Monteledo reuniuse coa Directora Xeral de Familia da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia para informarlle que a Fundación Diagrama non cumpría con dita cláusula quinta, dado que non executaba en todo momento as substitucións do persoal vacante, por calquera causa, sexa por vacacións, incapacidade temporal ou definitiva. A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, coincidía coa persoal en que a interpretación da cláusula quinta esixe a substitución en todo momento do persoal vacante, pero, dado que en 2017 a ocupación do centro era baixa, pediu ao persoal que non fose estrito na esixencia de tal cobertura. Deste xeito, o persoal e a empresa acordaron un sistema que garantise a adecuada atención aos menores, co cumprimento estrito das ratios establecidas no Decreto 329/2005, no que se regulan os centros de menores, sempre que non se cubriaran todas as prazas do centro.

Ao longo do ano 2017 a Fundación Diagrama non cubriu as vacacións de ningunha persoa do cadro de persoal do centro, en ningunha categoría profesional. Ademais, a Fundación Diagrama aplicou unha nova metodoloxía



consistente na subdivisión en grupos e actividades dos menores. Todo isto motivou unha merma na calidade de prestación do servizo, coa conseguinte perda de capacidade educativa, e un aumento da carga de traballo do persoal.

Xa en 2018, a Fundación Diagrama comunicou que seguirá co mesmo sistema, tanto de división en grupos como de non contratación de persoal para cubrir as vacacións.

A situación de falta de cobertura das baixas ou vacacións do persoal orixina unha gran carga de traballo, o que provoca estrés laboral, aumento das baixas e merma evidente da capacidade educativa. Chéganse a situacións nas que, co 100% de ocupación no centro, o persoal está en niveis dos servizos mínimos establecidos pola Administración en caso de folga. En 2017 chegou a haber momentos de 5 educadores/as por quenda, cando os servizos mínimos establecidos nas folgas son 8. Con esta situación, as medidas que poden aplicarse son cada vez máis só de contención e convivencia e menos de reeducación. Ademais, non hai tempo suficiente para a realización de informes e valoracións.

Cómpre lembrar que a Fundación Diagrama acadou a adxudicación da xestión do CR Monteledo poñendo, entre outros, dous educadores a maiores dos 32 esixidos na convocatoria, o que lle proporcionou unha clara vantaxe sobre o resto de rivais. Ao non substituír as vacacións dos educadores, en realidade non hai 34 educadores, senón 5'9 educadores menos dos que ten obriga de ter na plantilla do centro:

$(187'5 \text{ horas de vacacións} * 105 \text{ horas dos 14 festivos anuais}) * 34 \text{ educadores} = 9.945 \text{ horas}$, dividido entre $1667'5$ (xornada máxima anual) = 5'96 educadores menos.



Ademais, nas plicas de condicións establécese un determinado número de profesionais para atender debidamente a xestión do centro, como é o caso de, para as 37 prazas conveniadas, unha traballadora social e media. Cando a traballadora social que está a xornada completa marcha as súas case seis semanas de vacacións, e non se substitúe, queda unha traballadora social a media xornada para atender as necesidades que a administración determinou que eran de 1'5, o que orixina vulneración de dereitos das persoas menores. O mesmo sucede con todas as demais categorías profesionais.

Por outra parte, o persoal denuncia escurantismo da entidade en canto á documentación que esta debe ter dispoñible para o coñecemento do persoal, como é o proxecto educativo do centro.

Ante un evidente incumprimento das condicións ás que se comprometía a entidade colaboradora – Fundación Diagrama – coa Consellería de Política Social, a Administración debe requirir á entidade para que se ataña ao asinado no convenio. Entre as causas de extinción do convenio de colaboración está o “incumprimento dos compromisos e cláusulas do convenio”.

Asemade, se no cálculo do prezo/ praza está incluído o custo de contratación para cubrir o cadro de persoal nas súas vacacións e baixas, ao non substituír as vacacións de ningunha categoría, a concesionaria aforraría máis dun 10% do orzamento anual.

A Fundación Diagrama xestiona agora todos os centros do complexo de Montealegre, en Ourense, recibindo case 2,5 millóns de euros públicos para a xestión de Monteledo en 2017, 1,6 m € o de Montefiz en 2016, e facéndose coa adxudicación da xestión do centro de Montealegre, por importe de 3,2 millóns de euros.



A atención a menores por parte da Xunta sofre un alto grado de privatización, cando se trata dun servizo fundamental.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

- Requirir á Fundación Diagrama o cumprimento estrito do convenio de colaboración subscrito en 2016 e do prego de cláusulas do procedemento de selección para a atención residencial e a intervención educativa integral con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade, especificamente no referido á cobertura das vacantes do persoal, regulada na cláusula 5ª deste último.
- Impulsar, de oficio, unha inspección e unha auditoría económica do Centro de Menores de Monteledo.
- Extinguir o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Diagrama se, no prazo máximo de tres meses, persiste no incumprimento das condicións reguladas en dito convenio.
- Realizar as medidas oportunas para a reversión á xestión pública do sistema de protección de menores de Galicia.

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2018.



Asdo.: Paula Vázquez Verao

Ánxeles Cuña Bóveda

David Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 20/08/2018 12:48:35

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/08/2018 12:48:42

David Rodríguez Estévez na data 20/08/2018 12:48:46

Luis Villares Naveira na data 20/08/2018 12:48:58



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á demanda da redución do IVE sobre os produtos de hixiene íntima e ao cumprimento do goberno galego das demandas ao respecto emanadas da Cámara galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O económico é un dos aspectos máis relevantes na desigualdade que sofren as mulleres na sociedade actual, que pode identificarse en múltiples aspectos. Para alén de discriminacións como a desigualdade salarial, o feito de representar unha maior ocupación das xornadas parciais e das dificultades no acceso á vida laboral, hai unha desigualdade económica menos visíbel a través dos produtos no mercado coñecidos como de hixiene íntima e que ten sido popularizada como “taxa rosa”.

Cada muller, ao longo da súa vida, ten que empregar na idade fértil diferentes tipos de produtos durante a menstruación. Porén, lonxe de ter un Imposto sobre o valor engadido reducido, como sería lóxico dun produto de emprego básico e practicamente imprescindible, é elevado e incrementa de maneira importante o custo da bolsa da compra. Acrecenta, polo tanto, unha desigualdade entre mulleres e homes, que non sofre outros produtos básicos, afondando nunha diferenza biolóxica e contravindo o principio de non discriminación por razón de sexo ou calquera outra condición persoal ou social.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre recordar que na IX lexislatura, a iniciativa da deputada do Grupo Parlamentario Mixto Dona Carmen Iglesias Sueiro, o Pleno do Parlamento Galego aprobou o 24 de febreiro de 2016 unha Proposición non de lei sobre as demandas que debía realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co IVE que se estaba a aplicar aos produtos de hixiene íntima feminina co seguinte acordo: O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a negociar co Goberno do Estado a rebaixa do IVE ao 4 % para os produtos de hixiene feminina como compresas, tampóns ou copas menstruais. Porén, pasados anos deste acordo, non houbo mudanzas.

As mulleres galegas seguimos sufrindo a carga impositiva abusiva por parte do goberno central malia que tamén no Congreso dos Deputados se teñen aprobado iniciativas semellantes. Por mor desta situación, diante da pasividade do goberno galego diante desta cuestión, e tamén porque a inexistencia dunha facenda propia galega impide facer esta mudanza desde as nosas competencias, o Bloque Nacionalista Galego reiterou no Parlamento Galego na XI esta demanda, xunto con outras relacionadas. Desta forma, A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 16 de febreiro de 2018, adoptou os seguintes acordos, por unanimidade e sen modificacións:

«O Parlamento galego acorda instar a Xunta de Galiza a:

1. Dirixirse ao Goberno central para demandar a redución do IVE sobre os produtos coñecidos como de hixiene íntima (compresas, tampóns e copas menstruais) do 10 % ao 4 %.
2. Elaborar e remitir ao Parlamento galego un informe sobre as actuacións levadas a cabo para o cumprimento desta demanda.
3. Desenvolver, no ámbito das súas competencias, a divulgación das alternativas ás compresas e tampóns e das súas vantaxes económicas e de respecto ao medio



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ambiente nas súas campañas informativas, especialmente as desenvolvidas ou destinadas a centros educativos e de xuventude.»

En xuño de 2018, iniciado xa o novo goberno do Estado coa presidencia de Pedro Sánchez, foi anunciada a intención de estudar esta cuestión. Porén, pasados uns meses do anuncio non observamos ningunha novidade, mentres outros IVE, como o do cinema, si foron rebaixados.

Diante desta situación de discriminación cómpre que desde o Parlamento Galego e a Xunta de Galiza se esixa ao goberno central unha rebaixa que, neste momento económico de aumento da recadación e contando con consenso político, debera ser posta en práctica sen máis dilación.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1- Dirixirse ao goberno central para demandar a redución do IVE sobre os produtos coñecidos como de hixiene íntima (compresas, tampóns e copas menstruais) do 10% ao 4% antes do fin de 2018.

2- Elaborar e remitir ao Parlamento Galego un informe sobre as actuacións levadas a cabo para o cumprimento desta demanda antes do fin de 2018.”

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2018



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2018 12:21
Nº Rexistro: 34696
Data envío: 21/08/2018 12:21:59.435

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/08/2018 12:20:27

María Montserrat Prado Cores na data 21/08/2018 12:20:32

Ana Pontón Mondelo na data 21/08/2018 12:20:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/08/2018 12:20:34

Olalla Rodil Fernández na data 21/08/2018 12:20:36

Xosé Luis Bará Torres na data 21/08/2018 12:20:37



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2018 12:56
Nº Rexistro: 34702

Data envío: 21/08/2018 12:56:31.357

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

O dramático sinistro ferroviario acontecido o pasado 24 de xullo de 2013 en Angrois deixou unha profunda ferida en toda Galiza. Nunca esqueceremos ás 80 persoas falecidas e os centos de vítimas a quen, este sinistro, marcou para sempre as súas vidas. Permanecen tamén na memoria colectiva de Galiza a onda de solidariedade vivida estes días e a entrega e dedicación dos servizos de emerxencia e profesionais sanitarios que deron o mellor de si mesmos nunhas circunstancias extraordinarias.

Mais estes cinco anos deixan outras pegadas: a dun estado que puxo a maquinaria a funcionar para auto-exculpase de calquera responsabilidade, usando como chivo o expiatorio o elo máis débil da cadea: o maquinista; as interferencias e falta de colaboración do Goberno central e da Xunta coa investigación xudicial; o incumprimento da normativa que obriga a unha investigación técnica independente; o incumprimento das promesas realizadas despois do accidente, sendo especialmente preocupante que siga sen estar operativo o sistema ERTMS na curva de Angrois... en definitiva, un ronsel de mentiras e manipulación da opinión público co obxectivo de evitar as responsabilidades políticas neste terríbel sinistro.

Porén, fronte a maquinaria do estado e os fortes intereses económicos das empresas construtora do AVE, está a dignidade de homes e mulleres que están dispostas a todo para conseguir verdade, xustiza e reparación. Nomeadamente, as vítimas que levan cinco anos cunha labor incansábel que vai conseguindo que a verdade se abra



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2018 12:56
Nº Rexistro: 34702

Data envío: 21/08/2018 12:56:31.357

paso. Grazas a esa tenacidade, a mediación do BNG en Europa, a Comisión Europea abriu en 2012 un procedemento de infracción contra o estado español por incumprimento da Directiva 2004/49/CE de Seguridade Ferroviaria. As causas deste procedemento infractor residen en que consideran que a Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios (CIAF), que investigou o sinistro do Alvia, vulnera o principio de independencia que establece o artigo 21 desta directiva.

Este procedemento infractor sinala unha falta grave e ben a dar a razón tanto ás vítimas como ao propio BNG que viñamos denunciando que a CIAF era xuíz e parte e viciaba unha investigación que non buscaba a verdade, senón pensada para auto-exculpar a Adif, Renfe e Fomento.

Temos constancia de que existe un novo informe redactado pola Comisión Europea sobre o accidente do Alvia en Angrois. Este ditame ten a súa orixe na visita da Plataforma das Vítimas do Alvia a Bruxelas, organizada polo BNG, que tivo lugar o 17 de novembro de 2015. Xa neste momento se detectou que o CIAF non cumpre o requisito de independencia, pois os órganos que examinan os accidentes, son nomeados polo Ministerio de Fomento.

Nos últimos meses, creouse unha comisión de investigación no Congreso, que deixa claro que existe un ámbito de investigación política, e sinala a vergoña do veto a que o Parlamento Galego investigue este sinistro desde unha óptica galega.

Desde o BNG temos un compromiso claro e firme co dereito á verdade e a xustiza para as vítimas do dramático accidente de Angrois. Defendemos que é necesario que se asuman as responsabilidades, caia quen caia, e que se adopten as medidas precisas para a garantir o fin da impiedade e asunción de responsabilidades políticas e xudiciais.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2018 12:56
Nº Rexistro: 34702

Data envío: 21/08/2018 12:56:31.357

Por todo isto formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galiza acorda como resolución demandar que :

- a Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios (CIAF) realice unha investigación técnica independente sobre as causas e responsabilidades do terríbel accidente ferroviario de Angrois, tal e como esixe a normativa comunitaria en materia de seguridade ferroviaria;
- conforme ao estipulado no Regulamento do Parlamento, crear unha comisión de investigación sobre o accidente ferroviario de Angrois;
- demandar que se active o sistema ERTMS na curva de Angrois e se garantice o máximo nivel de seguridade en toda a liña de alta velocidade e velocidade alta por todo o territorio galego”

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2018 12:56
Nº Rexistro: 34702
Data envío: 21/08/2018 12:56:31.357

Ana Pontón Mondelo na data 21/08/2018 12:55:44



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As formas de discriminación das mulleres na sociedade atópanse en múltiples ámbitos e elementos, tamén no que coñecemos como máis cotián ou de aparente menor intensidade, pero que contribúen a soste a discriminación no ámbito social e, tamén económico. Unha destas formas de discriminación é o incremento de custo, sen razón algunha, de determinados produtos simplemente por estaren destinados ao público feminino.

Recentemente a asociación de defensa do consumidor FACUA sacou á luz un estudo ilustrativo de situacións deste tipo. A asociación levou a cabo unha comparativa dos prezos das maquiñas de afeitar desechábeis destinadas para homes e destinadas para mulleres, comparado os prezos das de dúas e tres follas de sete marcas: Cien, distribuída por Lidl; Cosmia, por Alcampo; Miss Express e Carrefour Discount, por Carrefour; Bonté, por Dia; Gillette e Wilkinson, distribuídas por diferentes cadeas e que foron as dúas únicas que non incrementan o seu prezo segundo o público albo sexa masculino ou feminino. A través destas comparativas, a asociación amosou como máquinas de afeitar desechábeis presuntamente para mulleres eran idénticas ás



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2018 13:27
Nº Rexistro: 34715
Data envío: 21/08/2018 13:27:11.294

presuntamente para homes pero até un 171% máis caras, diferenciándose só polo prezo e pola embalaxe rosa.

Este tipo de discriminación é o que se coñece como taxa rosa, un incremento de prezo inxustificado e abusivo en produtos destinados a un público obxectivo feminino que, porén, no equivalente masculino teñen un prezo inferior malia ter as mesmas características, o que supón unha fraude en termos de dereitos das persoas consumidoras e unha discriminación sobre as mulleres.

Trátase, polo tanto, dunha discriminación pouco visíbel pero que ten unha grande importancia tanto no plano simbólico como no económico. Por estes motivos, desde o Bloque Nacionalista Galego, consideramos que a Xunta de Galiza debера implicarse na defensa da non discriminación e dos dereitos das e dos consumidores e desenvolver actuacións ao respecto.

Cómpre recordar que o Instituto Galego do Consumo e da Competencia en entre os seus fins xerais e obxectivos básicos a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias. Así mesmo, por medio do Decreto 118/2016, do 4 de agosto correspóndelle entre outras accións a de “Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha prognose adecuada da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se oferten ao consumidor e usuario.” Polo tanto é o Instituto Galego do Consumo e da Competencia un organismo idóneo para desenvolver actuacións ao respecto e contribuír a que o obxectivo da igualdade sexa efectivamente transversal, tal como recomendan as doutrinas na materia.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2018 13:27
Nº Rexistro: 34715
Data envío: 21/08/2018 13:27:11.294

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a desenvolver, no prazo máximo de 4 meses, un estudo sobre o impacto da denominada taxa rosa na discriminación das consumidoras galegas no que se teñan en conta unha batería de produtos, cadeas e posíbeis fontes de discriminación. Posteriormente, será remitido ao Parlamento Galego e aos colectivos sociais co obxecto de acordar propostas de actuación ao respecto.”

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/08/2018 13:22:50



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2018 13:27
Nº Rexistro: 34715
Data envío: 21/08/2018 13:27:11.294

María Montserrat Prado Cores na data 21/08/2018 13:22:55

Ana Pontón Mondelo na data 21/08/2018 13:22:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/08/2018 13:22:58

Olalla Rodil Fernández na data 21/08/2018 13:23:00

Xosé Luis Bará Torres na data 21/08/2018 13:23:01



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade de escoitar as demandas das nais e pais de Allariz e aumentar unha aula de cuarto de infantil no CEIP Pai Feixoo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses nais, pais, representantes institucionais e veciñanza en xeral do Concello de Allariz veñen denunciando a masificación das súas aulas e desenvolveron nos meses de verán diferentes accións reivindicativas, como desenvolver unha clase na Alameda do Arnado ou unha batucada polas rúas do casco vello emulando a popular festa do Boi. Tamén se dirixiron á delegación ourensá da Xunta de Galiza e á Valedora do Pobo.

Estas nais e pais entenden que a Xunta de Galiza está a vulnerar o dereito a un ensino de calidade e sen masificacións única e exclusivamente polo criterio de recorte económico. Cómpre recordar que neste ano no CEIP Pai Feixoo hai 51 crianzas matriculadas para tan só dúas aulas de 4 de infantil, incumprindo polo tanto a ratio de 25 nenos por aula.

Este desatendemento por parte da Xunta de Galiza contrasta con que neste mesmo verán o goberno galego decretara a Orde publicada no DOG o pasado luns, 12



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2018 13:35
Nº Rexistro: 34721
Data envío: 21/08/2018 13:35:51.825

de agosto, pola que aproba a creación de 31 unidades máis na escola privado-concertada para o curso 2018/2019, 16 máis que as creadas o pasado ano, ao que hai que sumar que os concertos estarán blindados até 2022/2023 nunha clara aposta por privatizar o ensino público galego.

O diñeiro público debe ser destinado a mellorar as condicións da escola pública, que é un dereito universal.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a atender as demandas da veciñanza alaricana e a incrementar unha aula de infantil no CEIP Pai Feixoo para o curso 2018-2019.”

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2018 13:35
Nº Rexistro: 34721
Data envío: 21/08/2018 13:35:51.825

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/08/2018 13:33:08

María Montserrat Prado Cores na data 21/08/2018 13:33:12

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/08/2018 13:33:15

Olalla Rodil Fernández na data 21/08/2018 13:33:16

Xosé Luis Bará Torres na data 21/08/2018 13:33:17

Ana Pontón Mondelo na data 21/08/2018 13:33:24

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral, Daniel Vega Pérez e Diego Calvo Pouso** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos:

Ao longo deste verán produciuse certa “tormenta mediática” no eido do consumo de peixe logo de que as autoridades sanitarias decidisen aumentar a cinco días a recomendación para conxelar o pescado antes de consumilo, para diminuír o risco de infectarse co parasito do anisakis, tras detectarse supostos casos de contaxio en peixe que fora conxelado previamente.

O anisakis é un nemátodo que parasita nos pescados e ao comelo pode adherirse ás paredes do estómago ou do intestino e producir lesións, ademais dunha serie de problemas dixestivos que poden chegar a ser moi graves.

Segundo o Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo, pertencente ao CSIC, España podería ser o país europeo con maior incidencia de anisakiasis con 8.000 casos estimados ao ano, o cal parecería lóxico xa que o noso país consúmese grande cantidade de pescado, cunha media estimada de 26 quilos de peixe por habitante e ano, converténdoo nun dos países europeos de maior consumo.

En canto ao sector, dende o primeiro momento consideraron excesiva esta alarma xerada, chegando a sinalar que se trata dunha campaña orquestrada e interesada que busca a baixada no consumo de peixe fresco de lonxa.

Armadores, mariñeiros, comercializadores, praceiros...Todos están tratando de neutralizar coas ferramentas que teñen ao seu alcance a baixada das cotizacións do pescado, que afectan especialmente á pescada, xunto ao descenso no consumo.

Entre as accións levadas a cabo polo sector para reverter esta situación destaca o envío masivo por redes sociais de vídeos explicativos sobre como tratar este parasito ou folletos con medidas preventivas nos postos de venda, ou a denuncia perante os medios de comunicación.

Sabemos que a Xunta non quedou de mans cruzadas e puxo en marcha en pleno mes de agosto unha campaña de promoción do consumo da pescada, unha das especies máis afectadas polo anisakis.

Por outra banda, a alarma social xerada levou aos produtores a reclamar que sexa o Ministerio de Agricultura e Pesca o que desenvolva unha estratexia de comunicación para contrarrestar o efecto que está tendo esta confusión sobre as medidas adoptadas polas autoridades sanitarias ao terse supostamente detectado casos de infección por inxerir peixe.

Por todo isto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar do Ministerio de Agricultura e Pesca que desenvolva unha estratexia de comunicación para contrarrestar o efecto que está tendo esta confusión sobre as medidas adoptadas polas autoridades sanitarias a propósito do anisakis”.

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2.018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/08/2018 14:13:18

Teresa Egerique Mosquera na data 21/08/2018 14:13:39

María Ángeles Garcia Míguez na data 21/08/2018 14:13:53

María Soraya Salorio Porral na data 21/08/2018 14:14:00

Alberto Pazos Couñago na data 21/08/2018 14:14:07

Martín Fernández Prado na data 21/08/2018 14:14:26

Marta Rodríguez Arias na data 21/08/2018 14:14:42

Diego Calvo Pouso na data 21/08/2018 14:15:00



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34727
Data envío: 21/08/2018 14:18:52.810

Daniel Vega Pérez na data 21/08/2018 14:15:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral, Daniel Vega Pérez e Diego Calvo Pouso** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de motivos:

Durante este verán a Consellería do Mar activou unha campaña de concienciación social nas praias das nosas costas para dar visibilidade á problemática do “furtivismo de bañador”.

Este Parlamento, a través dunha iniciativa deste grupo parlamentario, aprobou en Comisión unha Proposición non de Lei na que precisamente se solicitaba a posta en marcha dunha acción como a que se levou a cabo ao longo do período estival.

O obxectivo desta campaña foi facerlles ver aos veraneantes que os nosos moluscos son un tesouro, do cal viven traballadores que contan co seu correspondente permiso de explotación, que pagan os seus impostos pola súa actividade, e que dedican todo o ano ao cultivo, sementeira, traslados, etc, destes recursos marisqueiros.

A Consellería do Mar puxo en marcha a campaña que, baixo o lema “Non sexas pirata! Á praia vense a gozar, non saquear”, percorreu un total de 50 areas galegos nos meses de xullo e agosto, facendo especial incidencia naquelas praias onde convive a actividade marisqueira co turismo de praia.

Ante o éxito desta campaña, dende o Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte Proposición Non de Lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar desenvolvendo no futuro campañas de concienciación para dar visibilidade á problemática do “furtivismo de bañador” e rematar así cos problemas que durante os veráns suceden en Galicia cos turistas que desfrutan as súas vacacións nos nosos areas”.

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2.018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/08/2018 14:28:26

Teresa Egerique Mosquera na data 21/08/2018 14:28:44

María Ángeles Garcia Míguez na data 21/08/2018 14:29:01

Alberto Pazos Couñago na data 21/08/2018 14:29:16

Martín Fernández Prado na data 21/08/2018 14:29:28

Marta Rodriguez Arias na data 21/08/2018 14:29:44

María Soraya Salorio Porral na data 21/08/2018 14:29:55

Daniel Vega Pérez na data 21/08/2018 14:30:04

Diego Calvo Pouso na data 21/08/2018 14:30:24

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea** a través do seu deputado Luís Villares Naveira e da súa deputada Paula Vázquez Verao, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a necesidade de reparación do firme da estrada LU-722, en Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A estrada LU-722 que une a Ponte do Río Rao, máis coñecido como a Ponte de Río de Pé, e Becerreá está desde o ano 2010 nun estado lamentable. Esta estrada é de titularidade autonómica, polo que lle corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, o seu mantemento e conservación.

A estrada LU-722 pasa pola vila da Proba (Navia de Suarna) ata chegar a Becerreá, e desde alí permite conectar coa Autovía A-6, a N-VI, pasando por Lugo ata a Coruña.

Así, nesta estrada as fochancas son continuas, e o perigo constante entre a vila da Proba ata a Ponte do Río Rao, entre o punto quilométrico 13+00032+570 e o punto quilométrico 13+00027+910, na entrada da Proba.

Xa no ano 2016 se produciron diversos derrubes de monte sobre a propia estrada que fixeron que esta estivese cortada ao tráfico mentres se reparaba, co conseguinte prexuízo para a veciñanza que tivo que dar uns rodeos quilométricos considerables para cousas tan cotiás como ir ao médico ou a mercar produtos básicos de alimentación.



Esta estrada é usada tanto por particulares como por tráfico pesado, e une as diferentes vilas coa capital do concello, así continuando pola mesma estrada chégase a San Antolín de Ibias e enlaza tamén con diversas estradas, así coa LU-P-3502 que leva a Rao, e alí bifúrcase na LU-P-3508 que enlaza coa LE-4211 cunha estrada que da acceso a Candín (León) e a Piornedo (a LE-3203) e que vai atravesando tramos nos que a titularidade é da Xunta de Galicia e noutros depende esta estrada da Xunta de Castela e León, e a Ibias (Asturias) por Peliceira, que no tramo galego desde Rao tamén se atopa nun estado de conservación lamentable.

É imprescindible que todas as estradas contén cun bo estado que permita reducir a taxa de mortalidade e sinistralidade nas mesmas, facendo os desprazamentos máis áxiles e seguros, que se conte cun plan de mantemento que as administracións deben ter e actualizar, e que non poden estar neste estado porque ningunha administración se entenda competente para arranxalas.

Tamén se puxeron gardarraís simples, prohibidos pola lexislación europea, na estrada para evitar saídas de vía por mor das xeadas e neve. Estes deberían contar con dobre banda e protección de goma adicional nos seus extremos para non actuar como serras, cando se produce un accidente, ou substituírse polos gardarraís dobres, ademais de ser necesarios os puntos nos que estes non teñen que existir para que a fauna circule libremente entre ambos lados da estrada sen causar danos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Arranxar o firme da estrada LU-722, entre o punto quilométrico 13+00032+570 ata o punto quilométrico 13+00027+910, entre Río de Rao (ou Río de Pé) e a entrada da Proba (Navia de Suarna).



2.- Substituír o gardarraíl simple polo dobre e que conte con elementos de amortecemento de golpes, segundo marca a lexislación vixente, así como habilitar os pasos de fauna necesarios.

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Voceiro e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 22/08/2018 09:56:46

Luis Villares Naveira na data 22/08/2018 09:56:53



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas pasadas semanas a empresa Nedgia (nova marca de Gas Natural en Galiza), enviou supostamente por erro 146 cartas para a revisión do gas na zona de Lalín. Nestes escritos informábase á clientela da revisión do contador do gas en setembro do ano 2018, cando en realidade esta revisión que se fai cada 5 anos corresponde facela en 2020 xa que pasaron de gas propano a gas natural en 2015.

Dado que esta revisión ten un custo de 57,11 euros, estamos a falar dunha presunta estafa e dun abuso que só no concello de Lalín suporía uns ingresos duns 8.300 euros para a empresa comercializadora.

Aínda que unha vez que se denunciou esta situación por parte do BNG a empresa Nedgia en resposta a medios de comunicación informou que se trataba dun erro, a realidade é que nin houbo comunicado público aclaratorio nin comunicación directa ás persoas afectadas rectificando a carta anterior.

Nestes momentos non se dispón de información da posíbel existencia de clientes que en resposta á carta enviada fixesen a revisión, nin tampouco da posibilidade de que esta situación se producise tamén noutros concellos.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2018 11:20
Nº Rexistro: 34738
Data envío: 22/08/2018 11:20:19.830

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta ao Goberno galego a

1. Abrir un expediente informativo sobre as comunicacións enviadas pola empresa Nedgia para a revisión das instalacións do gas na zona de Lalín. E sobre a posíbel existencia de situacións semellantes noutros concellos galegos.

2. Dirixirse á empresa Nedgia para que faga unha aclaración pública a respecto dos prazos da revisión da instalación de gas natural e para que envíe cartas rectificatorias a todas as persoas afectadas.”

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2018 11:20
Nº Rexistro: 34738
Data envío: 22/08/2018 11:20:19.830

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/08/2018 11:17:07

María Montserrat Prado Cores na data 22/08/2018 11:17:12

Ana Pontón Mondelo na data 22/08/2018 11:17:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/08/2018 11:17:15

Olalla Rodil Fernández na data 22/08/2018 11:17:16

Noa Presas Bergantiños na data 22/08/2018 11:17:18

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo parlamentar de **En Marea** a través do seu deputado Luís Villares Naveira e da súa deputada Paula Vázquez Verao, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a necesidade da inmediata aprobación do Plan Funcional de Catástrofes con Múltiples Víctimas do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo.

Exposición de motivos

Durante a XVIII edición do Marisquiño, un festival que se celebrou na cidade de Vigo e onde se mestura a cultura urbana, os deportes extremos como o skateboarding, BMX, FMX, etc., xunto con actuacións musicais, produciuse un desafortunado accidente que afortunadamente quedou nun susto, inda que as súas consecuencias puideron ser dramáticas.

A reconto de persoas accidentados elevouse a 467, xusto cando actuaba o rapeiro Rebels B, que pediu as persoas asistentes que saltaran. Nos primeiros segundos da canción a plataforma de madeira, colocada sobre piares de ferro e formigón colapsou tragando literalmente a todas as persoas que estaban enriba, provocando un efecto embudo polo que seguía a caer a xente contusionando as que estaban debaixo atrapadas. Afortunadamente o suceso só quedou cun parte de feridos elevado, ata 467 persoas foron atendidas.

As administracións mentres tanto seguen sen poñerse de acordo na depuración de responsabilidades: a autoridade portuaria pon o espazo a disposición da organización do evento, a organización do Marisquiño presentara toda a



documentación que se lle esixira, e o concello é responsable do mantemento do recinto concedeu as licencias correspondentes para a celebración do festival.

Os servicios de emerxencias fixeron unha labor impecable coa colaboración da propia organización, e das persoas que se atopaban nas inmediacións que foron desdexando a zona ordenadamente e que axudaron as persoas que estaban máis accesibles, a saír do embudo. Así a labor dos efectivos sanitarios de emerxencias, dos PAC de Redondela, Vigo e dos hospitais atenderon nun primeiro momento as persoas afectadas.

Non houbo reforzo do persoal hospitalario, senón que foi o persoal o que acudiu de xeito voluntario a atender as vítimas do accidente, sen que a Xunta de Galicia nin o Sergas nas seguintes 24 horas do sinistro fosen quen de reforzar o persoal sanitario que atendía as persoas accidentadas.

Así nas primeiras 24 horas atendéronse 189 persoas a consecuencia das lesións sufridas polo colapso da estrutura do peirao.

O SERGAS “reforzou” o servizo de urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro cun celador na quenda de tarde e un equipo médico (composto de persoal médico, enfermería e auxiliar, en total 3 persoas) durante a quenda de noite.

É vergonzoso que ante unha situación destas características con múltiples vítimas o SERGAS amose as insuficiencias de planificación no Hospital Álvaro Cunqueiro coa falta de aprobación do Plan de Catástrofes e Incidencias de Múltiples Víctimas, que debería estar xa en vigor e permitiría unha máis áxil resposta en sinistros coma o acontecido, unha proposta que o PP votou en contra cando se debateu por mor doutra catástrofe, a explosión dunha pirotécnica ilegal en Tui.

Así por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a aprobar o Plan funcional de Catástrofes e Incidencias con Múltiples Víctimas do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo.

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Voceiro e deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 22/08/2018 12:16:34

Luis Villares Naveira na data 22/08/2018 12:16:42



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A necesidade de incrementar e mellorar a loita contra as violencias machistas é unha obriga para toda a sociedade e, de forma particular, para todas as administracións. Entre as ferramentas das que nos temos dotado desde Galiza salienta a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Se ben o paso de máis dunha década debe facernos reflexionar sobre aqueles aspectos que deben ser mellorados, obriga adoptada polo Parlamento Galego nos traballos para o Pacto Galego contra a violencia machista, tamén o é que debemos ter vixilancia sobre o cumprimento dos aspectos que recolle.

Un ámbito fundamental que deben atender as administracións é o referido ao tratamento das situacións de violencia machista. Un tratamento que debe contemplar múltiples aspectos e no que debe ter un papel importante a atención psicolóxica, tanto no inmediato como para a recuperación e superación por parte das vítimas.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero contempla a atención psicolóxica no seu artigo 25 contempla a asistencia psicolóxica inmediata considerada como un servizo de atención primaria, así



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2018 13:16
Nº Rexistro: 34758
Data envío: 22/08/2018 13:16:38.564

como o dereito de gratuidade e tamén o dereito á asistencia para aqueles e aquelas menores e outras persoas que sufriran violencia machista. Na actualidade, a Xunta de Galiza desenvolve o Programa de atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia de xénero a través dun convenio de colaboración asinado entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galiza. A través desta fórmula ponse a disposición unha rede de profesionais da Psicoloxía que sen dúbida realizan un traballo importantísimo.

Unha década despois do inicio da aplicación da le Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero cómpre avaliar as insuficiencias na súa aplicación co obxecto de dar unha resposta máis integral, completa e eficaz na loita contra unha violencia patriarcal instalada en todos os ámbitos da sociedade e que ano a ano deixan atrás persoas.

Ademais, cómpre facer unha especial revisión da prevención e atención aos casos que implican menores e mocidade e deseñar actuacións específicas ás súas necesidades. Neste camiño, a atención primaria na sanidade é un elo fundamental que cómpre reforzar para garantir a estabilidade profesional, a atención completa ao longo do ano e a proximidade.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a dar cumprimento á a aplicación do artigo 25 da Lei 11/2017, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero que considera a atención psicolóxica como un servizo de atención primaria para garantir no prazo dun ano a dispoñibilidade dunha oferta



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2018 13:16
Nº Rexistro: 34758
Data envío: 22/08/2018 13:16:38.564

suficiente para o conxunto do país. Para tal efecto, incrementaranse os recursos económicos e de persoal así como de oferta de emprego público precisos.”

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/08/2018 13:12:34

María Montserrat Prado Cores na data 22/08/2018 13:12:39

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/08/2018 13:12:43

Olalla Rodil Fernández na data 22/08/2018 13:12:44



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2018 13:16
Nº Rexistro: 34758

Data envío: 22/08/2018 13:16:38.564

Xosé Luis Bará Torres na data 22/08/2018 13:12:45

Ana Pontón Mondelo na data 22/08/2018 13:12:52

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A concepción da atención primaria como porta de entrada do sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis próxima.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servizos sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

Dende a chegada ao goberno de Núñez Feijoo en 2009 o sistema público de saúde soamente ten contratado de maneira estable a, aproximadamente, un 15% dos facultativos de atención primaria que se forman en Galicia, segundo os datos do propio goberno. Unha cifra tan baixa resulta a todas luces insuficiente para cubrir as necesidades dun sistema que precisa unha dispersión notoria e unha forte implantación no territorio, para paliar os problemas demográficos antes sinalados. Unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servizos, afastando a atención dos e das cidadáns. A vontade recortadora do Goberno da Xunta de Galicia

Grupo Parlamentario

prexudica claramente a calidade asistencial do sistema, ao deixar con capacidade mínima, ou por debaixo dela, a moitos centros que non teñen persoal suficiente, que deben de deixar centros desatendidos porque os profesionais teñen que saír a cubrir urxencias ou por saturación dos existentes a causa dunha errática planificación.

A construción de novos centros de saúde, ou a reforma dalgúns xa existentes, supón outro dos grandes déficits da atención primaria na sanidade pública galega. Os orzamentos de 2016, 2017 e 2018, por citar exemplos recentes, coinciden nos compromisos de varios centros de saúde, recollendo os mesmos sucesivamente ano tras ano, ignorando responsabilidade algunha polo anuncio e compromiso de infraestruturas que logo nunca se inician. O Plan de Mellora da Atención Primaria, iniciado na lexislatura 2005-2009, supuxo unha base estratéxica que non foi continuada polos gobernos de Núñez Feijóo, que non amosaron un proxecto real para o fortalecemento da atención primaria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un plan de contratación de profesionais de atención primaria que permita ampliar o volume de persoal e así evitar o peche de centros e a concentración de servizos, así como cubrir con garantías as baixas e vacacións sen que iso supoña unha saturación do sistema e unha perda de calidade asistencial.
2. Establecer un programa de reforma de centros de saúde e construción de novos, que permita ampliar e mellorar a rede de centros, en base a un informe de necesidades tendo en conta tanto o tamaño e tipo da poboación a atender como criterios estratéxicos de afixación demográfica.

Pazo do Parlamento, 22 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/08/2018 11:19:58

Julio Torrado Quintela na data 23/08/2018 11:20:08

Noela Blanco Rodríguez na data 23/08/2018 11:20:16

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás condicións de cesión e uso por parte da fundación privada Cipri Gomes do antigo instituto de Viana do Bolo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2012, como xa daquela denunciou publicamente o Bloque Nacionalista alego, o concello de Viana do Bolo, cuxa alcaldía ostentaba o señor Andrés Montesinos Rodríguez, cedeu a título gratuito o edificio do antigo instituto á Fundación “Cipri Gomes” así como o seu polideportivo anexo. A solicitude de cesión do inmovible fora solicitada pola mencionada fundación con data do 15 de febreiro de 2015. Con posterioridade, trala tramitación do oportuno expediente foi acordada no pleno do día 19 de abril de 2012 a cesión gratuita por un prazo máximo de trinta anos para destinalo teoricamente a un centro de tecnificación deportiva e formación ocupacional.

Xa por aquel entón as e os nacionalistas indicamos que faltaba claridade financeira, ao non recoller concrecións a memoria presentada por tal fundación, que non esclarecía a orixe do seu financiamento nin con que apoios económicos contaba. Faltaba tamén concreción temporal para o desenvolvemento da súa actividade nin prazos de execución do investimento nin tan sequera de presentación do proxecto. Finalmente, fomos contundentes tamén coa falta de participación municipal.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pasado o tempo e segundo información pública que consta nos soportes dixitais da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a fundación Cipri Gomes foi beneficiaria dunha subvención vencellada ao programa Leader, que nace co obxectivo de descentralizar as políticas de desenvolvemento rural e que sexan as poboacións quen o impulse, cun montante de 199.829,48€ (expediente L12 41300 11 0063). Dita subvención, ten como obxecto o citado entro de tecnificación de actividades físico deportivas de lecer e formación, tal e como se pode comprobar na súa resolución do 20 de decembro de 2013, do director xeral de Agader, pola que se aproba o novo marco financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader, e se modifican as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento de entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013.

Na actualidade, malia diversas solicitudes de información, non consta información para o concello a respecto da realización das actividades comprometidas para a obtención de subvención e é posíbel que o non uso das instalacións para o fin comprometido poida implicar a reversión da concesión e o seu retorno para a xestión pública. Ademais, é de especial importancia auditar as actuacións subvencionadas por un programa que constitúe un recurso potencialmente útil para unha poboación con tantas necesidades de intervención como é a de Viana do Bolo.

Por todos estes motivos, o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presentou unha Proposición non de lei que foi sometida a debate e aprobación por unanimidade, con modificacións, na Comisión 3ª celebrada o 8 de setembro de 2017, co seguinte texto: «O Parlamento galego acorda instar a AGADER, seguindo o Plan de controis e disposicións do Feader en Galicia, a elaborar e remitir ao Concello de Viana do Bolo e mais ás partes afectadas unha auditoría sobre a obtención e uso de recursos públicos ao abeiro do expediente nº L12-413-11-063 para a creación do Centro de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tecnificación de Actividades Físico-Deportivas de Lecer e Formación instado pola Fundación Cipri Gomes, no que se avalíe o grao de cumprimento dos servizos subvencionados e comprometidos para a obtención da cesión gratuíta das instalación do Concello de Viana do Bolo.»

Porén, pasado un ano continuamos sen ter unha resolución ao respecto.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galicia acorda instar a instar a AGADER, seguindo o Plan de controis e disposicións do Feader en Galicia, a elaborar e remitir ao Concello de Viana do Bolo e mais ás partes afectadas, no prazo de dous meses, unha auditoría sobre a obtención e uso de recursos públicos ao abeiro do expediente nº L12-413-11-063 para a creación do Centro de Tecnificación de Actividades Físico-Deportivas de Lecer e Formación instado pola Fundación Cipri Gomes, no que se avalíe o grao de cumprimento dos servizos subvencionados e comprometidos para a obtención da cesión gratuíta das instalación do Concello de Viana do Bolo.”

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2018 13:28
Nº Rexistro: 34691
Data envío: 20/08/2018 13:28:38.287

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/08/2018 13:27:20

María Montserrat Prado Cores na data 20/08/2018 13:27:25

Ana Pontón Mondelo na data 20/08/2018 13:27:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/08/2018 13:27:28

Olalla Rodil Fernández na data 20/08/2018 13:27:29

Xosé Luis Bará Torres na data 20/08/2018 13:27:30

Á Mesa do Parlamento

Os **Grupos Parlamentares de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno do Conselleiro de Sanidade** para dar conta das circunstancias nas que se ten producido o pasamento dun paciente no PAC de A Estrada.

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Portavoz do G.P. de En Marea
Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 07/08/2018 09:45:06

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/08/2018 10:23:58

Ana Pontón Mondelo na data 07/08/2018 10:36:56

Á Mesa do Parlamento

Os Grupos Parlamentares de **En Marea** e do **Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno** do **presidente da Xunta de Galicia** para dar conta dos feitos, analizar as responsabilidades e as actuacións que deben levarse adiante de xeito inmediato, após o sinistro do Marisquiño.

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2018.

Asdo.: **Luis Villares Naveira**

Portavoz do G.P. de En Marea

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 21/08/2018 12:56:53

Ana Pontón Mondelo na data 21/08/2018 13:02:52



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

28 AGO. 2018

Núm. 35215

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

28 AGO. 2018

SAIDA

Num. 284

Solicitolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para "dar conta dos feitos acaecidos e das actuacións levadas a cabo en relación ao accidente acontecido o pasado día 12 de agosto durante a celebración do festival do Marisquiño en Vigo, de acordo, todo elo, coa Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Presidente do Parlamento de Galicia

Asinado por: GARCIA, SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Data e hora: 28/08/2018 12:49:50

CVE: blc0j5fmv4
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O 16 de marzo de 2016 iniciábase o expediente para a fusión voluntaria dos concellos de Cerdedo e Cotobade, na provincia de Pontevedra, a segunda fusión da que presume o Goberno galego. No informe que firmaba o propio alcalde de Cotobade dicíase o seguinte:

1. Que as previsións demográficas de ambos concellos empezaban a ser preocupantes e supoñían un importante problema para manter o nivel de servizos e prestacións.
2. Que a fusión sería estratéxica para asegurar a supervivencia e sustentabilidade a medio e longo prazo destas poboacións.
3. E que Cerdedo perdía continuamente poboación dende 1995, diminuíndo a súa taxa de natalidade e con previsión de empeorar a de mortalidade no futuro.

De feito, no ano 2015 os datos eran alarmantes: o concello de Cotobade veu reducida a súa poboación á metade dende o máximo de 1920 ata 2015 e o de Cerdedo veu reducida a un terzo a súa poboación dende o máximo en 1950 ata 2015. Non obstante, a comezos de 2018 o INE indicaba que o número de veciños do concello xa fusionado se incrementara en 36 persoas a data 1 de xaneiro de 2017, polo tanto, a fusión fora todo un éxito, e así o celebraron dende o propio Goberno da Xunta de Galicia.

Mais resulta que había trampa. Xa dende este grupo parlamentario advertiamos no seu momento que esta fusión voluntaria se fixera de xeito improvisado, respondendo ás necesidades políticas concretas e temporais dos seus promotores (o Goberno do presidente Feijóo), sobre todo pola posible alteración do reparto de escanos na deputación provincial. E así foi: segundo fontes do INE, tan pronto como se revisou o padrón comezaron as incorreccións (e iso que o anterior

Grupo Parlamentario

alcalde de Cerdedo, o actual parlamentario José Balseiros, falaba hai uns días de seguros erros administrativos), incorreccións que consistiron na desaparición de 200 persoas do padrón de Cerdedo. Ou tiñan mal o DNI ou figuraban en domicilios que non o eran. O novo Concello tentou localizalos pero foi imposible, desapareceran como se foran tragados pola terra.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Pensa o Goberno galego que as fusións de concellos son estratéxicas para asegurar o mantemento dos servizos das poboacións de Galicia con problemas demográficos?
2. Segue a pensar o Goberno que a fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade foi todo un éxito?
3. Sabe o Goberno que pasou coas 200 persoas desaparecidas do padrón de Cerdedo? Sabe quen foi ou foron os responsables da súa inclusión no censo?
4. Estaban dentro deses 200 desaparecidos as 36 persoas que a comezos de 2017 incrementaran o número de veciños do concello fusionado?
5. Cando vai demandar o Goberno explicacións ao alcalde de Cerdedo-Cotobade?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/07/2018 13:04:08

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/07/2018 13:04:14



Grupo Parlamentario

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/07/2018 13:04:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33855
Data envío: 27/07/2018 14:06:26.603

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas que debe adoptar o goberno galego para garantir o correcto funcionamento dos comedores escolares

A ANPA Raiante do CEIP Gándara Sofán de Carballo remitiu un escrito ao Servizo de Xestión de Comedores escolares dos centros docentes non universitarios da Xunta de Galiza para denunciar as continuas irregularidades e incidencias na prestación do servizo de comedor por parte do Grupo GESCOR ao longo do curso 2017/2018.

Entre as denuncias atópase o retraso continuado no pagamento das nóminas ás traballadoras do comedor –cuestión que se repite noutros centros nos que opera esta empresa de catering (A Silva e Buño); débedas a provedores e empresas de servizos técnicos; irregularidades no cobro ás familias usuarias do servizo e mesmo deficiencias nos menús.

As denuncias non se limitan ao CEIP Gándara Sofán, tamén a ANPA do CEIP Joaquín Rodríguez Otero de Buño denunciou publicamente que as monitoras do comedor tiveron que pagar do seu peto manteis, panos de mesa, vasoiras e fregonas porque a empresa non forneceu de material suficiente o servizo cando xa comezara o curso.

Pola súa banda, unha das empresas provedoras de pan, a panadaría Vázquez da Capilla, da Silva, fixo público a través dos medios de comunicación que padeceron



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33855
Data envío: 27/07/2018 14:06:26.603

retrasos nos pagamentos do pan desde o comezo e que levan sen cobrar o produto desde febreiro de 2018.

Alén de que as irregularidades antes citadas deberan ser razón suficiente para retirar a concesión do servizo ao Grupo GESCOR, os feitos denunciados evidencian as consecuencias da privatización da xestión de boa parte dos comedores escolares galegos a partir de 2013. Así o denunciaron tamén desde ANPAS GALEGAS que veñen reclamando, como tamén desde o BNG, a recuperación da xestión pública directa deste servizo fundamental.

Por todo o exposto, formulamos a seguinte Interpelación:

- Como valora a Xunta de Galiza a prestación do servizo de comedor por parte de empresas de catering?
- Cónstanlle denuncias por carencias, deficiencias e irregularidades na prestación indirecta deste servizo?
- Pensa a Xunta de Galiza recuperar a xestión pública directa dos comedores escolares actualmente concesionados a empresas privadas?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33855
Data envío: 27/07/2018 14:06:26.603

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 27/07/2018 14:00:35

María Montserrat Prado Cores na data 27/07/2018 14:00:41

Ana Pontón Mondelo na data 27/07/2018 14:00:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/07/2018 14:00:44

Noa Presas Bergantiños na data 27/07/2018 14:00:46

Xosé Luis Bará Torres na data 27/07/2018 14:00:48

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

O servizo de fisioterapia na sanidade pública galega aínda non está de todo normalizado, pese a repercusión que ten na poboación.

En Galicia, existe un déficit moi grande en canto a prazas públicas, xa que dende o 2007 unicamente foron convocadas 65 prazas, 54 na OPE de 2007 e 11 na OPE de 2015, deixando esta última OPE sen ningunha praza para a categoría de fisioterapeuta.

A falta de creación das prazas no Sergas, non é comprensible tendo en conta o colapso con longas listas de espera tanto en Atención Primaria como en Atención Especializada que provoca unha derivación á privada e un aumento de gasto sanitario.

A planificación e aumento de fisioterapeutas no Servizo Galego de Saúde, tería como consecuencia unha mellora no sistema, xa que unha correcta aplicación da ratio de fisioterapeutas na Atención Primaria, provocaría diminuíría a saturación da especializada, mellorando a calidade do sistema e a xestión de recursos que non terían que ir a parar a centros privados por incapacidade da pública na prestación do Servizo.

Ademais, o envellecemento da poboación galega vai unido a un aumento de procesos crónicos que supoñen un incremento de gasto para o sistema e que en moitos casos a fisioterapia supón unha ferramenta importante que pode abordar os mesmos.



Segundo o Colexio Oficial de fisioterapeutas de Galicia, a Consellería de sanidade ten elaborada unha Guía de fisioterapia na Atención Primaria, pero por motivos descoñecidos aínda non é pública.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Interpelación:

- Ten pensado o Goberno convocar prazas públicas de fisioterapeuta?
- Cando teñen pensado publicar a última Guía de fisioterapia na Atención Primaria?
- Por que existe esta demora na publicación da Guía?
- Cales son as medidas que van a levar a cabo para que se de a coñecer entre os/as profesionais?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018.

Asdo. Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 27/07/2018 14:39:36

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu Artigo 27, atribúe como competencia exclusiva a materia de “asistencia social”.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, regula, como servizo a atención residencial. No título VIII desta norma dispónse que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia para levar a cabo, entre outras funcións, a de inspección –e, no seu caso, a de sanción– das entidades que desenvolvan servizos sociais.

Galiza conta (IGE: 2017) con 665.939 persoas maiores de 65 anos, que representan o 24,59 % do total; a poboación maior de 85 anos representa, con 116.734 persoas, un 4,3 % da poboación. As proxeccións demográficas para 2031 sitúan a porcentaxe de maiores de 65 anos no 31,3%. En 2022 estímase que haberá en Galiza 683.166 persoas maiores de 65 anos, o 25,59% da poboación. Da poboación actual, o 54,4% desta poboación maior vive en fogares onde todos os seus membros son maiores de 65 anos, sendo o 52,7% destes fogares unipersoais.

A maior taxa de envellecemento vai acompañada dun incremento das taxas de dependencia.

Na actualidade, en Galicia hai 67.864 persoas dependentes con dereito a prestación (IMSERSO: maio 2018), un 16% en agarda.



Un dos servizos do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia é o servizo de atención residencial, con residencias para maiores e centros de atención a persoas en situación de dependencia, así como apartamentos tutelados.

O Consello de Contas vén de publicar en xullo de 2018 un informe de fiscalización sobre o sistema residencial para persoas maiores e dependentes en Galiza, con datos dende o ano 2010: *Informe de fiscalización do Gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes*.

En 2016, segundo o RUEPSS, hai en Galiza 230 centros residenciais para maiores, 98 de iniciativa privada con ánimo de lucro, 82 de iniciativa social (entidades relixiosas, asociacións e fundacións) e 50 de iniciativa pública: 31 da Xunta, 7 de Consorcio e 13 dos Concellos.

Dos centros propios da Xunta, 19 dos 31 son xestionados de xeito directo, con 2179 prazas, e 12 mediante unha concesión, con 1.286 prazas. Dos xestionados de xeito directo, o 57,2% son prazas para persoas dependentes; dos centros propios con xestión externa, o 98,1% son prazas para persoas dependentes.

Os centros concertados eran 74 en 2016, supoñendo o 70% incluídos no sistema de atención á dependencia da Xunta, con 3.426 prazas, o 99,6% para persoas sen autonomía.

Deste xeito, a maioría das prazas residenciais para persoas dependentes (5.921) dos sistema están xestionadas de xeito indirecto en centros propios da Xunta (1.262) ou son concertadas (3.412): case o 58% das prazas de persoas dependentes son concertadas.

Como sinala o informe do Consello de Contas, “só dúas residencias públicas xestionadas pola Xunta ofrecen de xeito exclusivo prazas para dependentes sen



servizo de centro de día: son os centros CRAPD de Vigo e a residencia de Oleiros”.

En total, en 2016 (Consello Económico e Social), había en Galicia 20.467 prazas residenciais de maiores e dependentes, das cales o 67% eran privadas, a maior porcentaxe do Estado. En conxunto, a rateo de prazas por persoas maiores de 65 anos é das máis baixas do Estado (3,07%), cando a OMS recomenda un 5%. Ademais, a rateo de cobertura é territorialmente desigual. Esta falta de prazas no territorio deriva en situacións de ocupación de prazas lonxe do fogar das persoas usuarias. A este respecto da baixa cobertura de prazas residenciais, sinala o informe do Consello de Contas que “o mantemento da taxa do 3,05% (dato de 2016) de prazas residenciais sobre a poboación maior de 64 anos esixirá a incorporación dunha media de 237 prazas anuais ao sistema”.

A 31 de decembro de 2016 as prazas do sistema en centros de titularidade propia representan un 50,28% (3.465 prazas) fronte ao 49,72% en centros alleos (3.426 prazas).

O Consello de Contas, á hora de fiscalizar as residencias de maiores, atopou como limitacións, as seguintes: falta dun concepto orzamentario específico, deficiencias do arquivo de expedientes, dificultades para determinar o coste do servizo residencial en centros propios da Xunta.

Descende a porcentaxe de prazas de xestión directa no conxunto do sistema. Como sinala o informe do Consello de Contas, obsérvase unha “dispar evolución da porcentaxe de centros do sistema en función da forma de provisión do servizo respecto do total, onde se aprecia como logo dun período inicial con forte presenza de centros públicos, a partir de 2002 os centros alleos superan a taxa do 50% respecto do total de centros, chegando a representar en 2016 un 70% dos centros ofertados no SAAD”.

En canto ás residencias concertadas, o informe do Consello de Contas recoñece infraccións en materia de persoal, por escaso número de traballadoras de atención directa e por non diferenciación de categorías profesionais. Tamén se detectan uso inadecuado das instalacións, deficiencias nos protocolos de funcionamento e falta de rigor nos rexistros.

A lista de agarda para residencias de maiores no Programa de Asignación de Recursos situábase, en 2016, en 1.774 expedientes.

Os prazos de resolución exceden con moito o estipulado na normativa; o tempo medio de trámite ata ser recoñecido o dereito a unha praza de residencias de maiores é de 453,5 días, máis 154,82 días máis de media até o ingreso na mesma, resultando un tempo promedio de espera de 491,74 días.

En 2016 tramitáronse 556 expedientes de emerxencias social, 317 máis que en 2015 e 536 máis que en 2017.

O informe do Consello de Contas analiza as rateos de persoal das residencias e atopa que “apreciáronse diferenzas na ratio de persoal de atención directa entre os centros xestionados con medios propios e os xestionados externamente, resultando unha media teórica un 9% superior nos primeiros. Esta diferenza na ratio relativa aos efectivos de persoal de atención directa é un factor que pode repercutir na calidade do servizo, e tamén na valoración outorgada polos residentes e familiares á calidade do servizo residencial.”

Ademais, o Consello de Contas sinala que os gastos de persoal descenderon no período fiscalizado (2010-2016), malia que aumentara o número de prazas: “ao longo do período obsérvase un importante descenso do volume de gasto de



persoal executado nos exercicios 2011 e 2012, moito máis acusado neste segundo exercicio. No exercicio 2013 iníciase unha senda de crecemento ata 2015, porén neste último exercicio o seu importe resulta aínda inferior ao do exercicio 2010 (un 7,1% menos).” Atribúe este descenso o informe a diversas causas, entre as que están as medidas de contención de gasto público, que implicaron recortes nos salarios do persoal público.

Ademais, o informe detalla que só se substitúen as baixas médicas cando son de media ou longa duración, que non se cobren, en xeral, os permisos, nin se substituíron integramente vacacións. Como sinala o informe do Consello de Contas, “o feito de que non se realizaran contratacións temporais para a cubrir as xornadas efectivas non realizadas polos traballadores da RPT determinou que o servizo se prestou con menos presenzas de persoal que as previstas nas carteleiras de quendas para a adecuada prestación do servizo, e tamén contribuíu en boa medida a reducir o volume dos gastos de persoal.”

A este aforro irresponsable en persoal, hai que engadir o feito de que a lei 1/2012 suspende unilateralmente preceptos contidos no Vº Convenio Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galicia, entre eles, “a aplicación do artigo 19, excepto o apartado 1, do Vº Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia”, en canto a descansos e libranzas, o que repercute directamente sobre a saúde laboral do persoal e sobre a calidade dos servizos públicos, sobre todo nun sector a quendas como é o das residencias.

O recorte do dereito a descanso do persoal laboral lesiona as posibilidades de conciliación, orixina estrés e aumenta a accidentabilidade laboral. No caso da Consellería de Política Social, na que as carteleiras de traballo nos distintos centros están moi axustadas, case a metade dos accidentes laborais na Xunta nos últimos anos se deben ao “sobreesforzo” (en 2017, o 41% dos accidentes con



baixa laboral na Xunta se deberon a esta causa), tendo unha relación clara coa falta de persoal adecuado ás tarefas que se desempeñan nos distintos centros e coa falta de descanso, sobre todo en traballos que se realizan en quendas.

O Consello de Contas indica, a respecto dos escasos recursos para realizar as inspeccións, que “aínda que o número de centros a inspeccionar no período fiscalizado (2010-2016) se incrementou un 26%, ao longo deste período mantense a mesma estrutura interna e o mesmo número de efectivos: 1 posto de subdirector/a, 3 postos de xefaturas de servizo, 11 inspectores/as, 2 prazas de persoal de pedagogía, 1 praza de psicoloxía e 9 postos administrativos. Tendo en conta que con estes efectivos de persoal débense inspeccionar as áreas de familia e menores, maiores, discapacitados e dependencia, e inclusión social e servizos, non parece aconsellable que a Inspección de Servizos asuma tamén as funcións que lle corresponden ao responsable do contrato como supervisor da correcta execución daquel.”

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Interpelación á Xunta de Galicia:

- Vai aumentar a inspección aos centros concertados e privados?
- Vai aumentar o investimento en servizos de atención residencial a maiores e dependentes?
- A que atribúe o aumento do número de expedientes de emerxencia social? Utilízase o sistema de provisión de prazas mediante emerxencia social para suplir a carencia estrutural de prazas residenciais?



- Por que se prioriza a xestión externa dos centros propios no caso das prazas para persoas dependentes?

- Por que a maior parte das prazas destinadas a persoas dependentes se xestionan mediante a modalidade do concerto? Débese a unha vontade de favorecer o negocio privado, dado que estas prazas teñen que ser máis financiadas pola Xunta que as de persoas con autonomía?

- Vai impulsar a Xunta a realización de novos estudos para avaliar o grao de satisfacción dos e das usuarias dos servizos de dependencia?

- Vai a Xunta asumir as recomendacións do Consello de Contas en materia de atención residencial a persoas maiores e dependentes?

- Parécelle á Xunta responsable aforrar en persoal ata niveis de non cubrir os mínimos necesarios para un bo servizo nas residencias de maiores?

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 30/07/2018 10:37:00

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Julia Torregrosa Sañudo, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando e Paula Quinteiro Araujo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Logo de meses de obras e varios millóns de euros gastados, a liña ferroviaria que une o peirao de Ferrazo no porto de Vilagarcía de Arousa coa estación de tren da localidade, apenas é hoxe unha mostra do despropósito e a dilapidación de cartos públicos.

Logo da súa posta en funcionamento esta vía unicamente foi utilizada para unha viaxe de probas dunha locomotora en febreiro do 2017, hoxe case ano e medio despois, descoñecemos cal vai ser o futuro desta custosa e inútil infraestrutura, que xa tivo que ser arranxada en varias ocasións a pesar da súa inexistente utilización.

Hoxe estamos ante un exemplo de despropósito, tanto polo incerto trazado da mesma que cruza a zona urbana de Vilagarcía, pegada a zonas de ocio e parques infantís, como pola evidencia da súa infrautilización, dende o entorno social e político de En Marea levamos denunciado este despilfarro de cartos públicos e a inviabilidade da liña proposta e executada.

Tanto a cidadanía de Vilagarcía como os posibles usuarios da infraestrutura descoñecen cal vai ser o seu futuro, si existe algún horizonte real de uso, ou estaremos ante un novo Aeroporto de Castellón en versión arousana.



Por estes motivos o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Interpelación:

- Coñece a Xunta de Galicia cal vai ser o futuro inmediato da liña de mercadorías do porto de Vilagarcía?
- Existe algunha previsión para a súa posta en funcionamento?

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 30/07/2018 13:50:56

Carmen Santos Queiruga na data 30/07/2018 13:51:06

Paula Quinteiro Araújo na data 30/07/2018 13:51:12

Marcos Cal Ogando na data 30/07/2018 13:51:19

Julia Torregrosa Sañudo na data 30/07/2018 13:51:27



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o Plan de normalización da lingua galega na mocidade e as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de política lingüística entre as franxas de idade máis novas.

O Goberno da Xunta de Galiza vén aplicando unha política regresiva en relación coa normalización da lingua galega desde o ano 2009 o que constitúe, de facto, unha vulneración do marco legal vixente, que inquire directamente aos poderes públicos galegos a avanzar na normalización da nosa lingua propia e revertir o proceso de exclusión e marxinación vividos historicamente.

O elemento central desta política antigalega é o denominado *Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza*, un decreto amplamente rexeitado pola comunidade educativa, asociacións a prol da lingua, sindicatos e mesmo por institucións como a Real Academia da Lingua Galega ou o Consello da Cultura.

Estudos sociolingüísticos publicados recentemente pola Academia, o Consello da Cultura ou desde o ámbito da investigación universitaria, reflicten non só a perda de falantes en lingua galega senón tamén a pervivencia e reprodución de prexuizos e estereotipos sobre o idioma propio, así como a persistencia dunha competencia desigual en galego e en castelán, con deficiencias moito máis evidentes no caso da lingua galega.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2018 10:19
Nº Rexistro: 33897
Data envío: 31/07/2018 10:19:17.044

Neste contexto, a Xunta de Galiza fixo público un documento básico para a creación do denominado *Plan de dinamización da lingua galega na mocidade (2018-2022)* no que recolle as áreas e medidas que prevé incorporar ao mesmo. Accións dirixidas á poboación situada entre os 14 e 30 anos de idade o que supón deixar fóra da política de normalización lingüística as franxas de poboación nas que máis se está a producir –e de maneira máis intensa- a ruptura da transmisión interxeracional do galego e o proceso de substitución lingüística.

Alén diso, para o ámbito educativo a Xunta de Galiza só prevé “realizar unha programación estábel e periódica de actividades de información e sensibilización sobre o uso do galego para os diferentes membros da comunidade educativa” e “fomentar e potenciar o uso da lingua galega na contorna escolar e promover espazos de lecer en galego”.

Por todo o exposto, formulamos a seguinte interpelación:

- Por que o Goberno galego exclúe a poboación menor de 14 anos do denominado Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2018-2022?
- Como valora a Xunta de Galiza o uso da lingua galega entre a poboación infantil?
- De acordo cos estudos sociolingüísticos publicados recentemente, como cre que afectará a ruptura interxeracional na transmisión da lingua galega e a substitución lingüística que se está a producir?
- Que medidas prevé adoptar o Goberno galego neste senso para cumprir coas súas obrigas en materia de política lingüística?
- Que medidas pensa desenvolver no ámbito educativo?
- E fóra del?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2018 10:19
Nº Rexistro: 33897
Data envío: 31/07/2018 10:19:17.044

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 31/07/2018 10:01:13

María Montserrat Prado Cores na data 31/07/2018 10:01:19

Ana Pontón Mondelo na data 31/07/2018 10:01:21



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2018 10:19
Nº Rexistro: 33897

Data envío: 31/07/2018 10:19:17.044

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/07/2018 10:01:23

Noa Presas Bergantiños na data 31/07/2018 10:01:25

Xosé Luis Bará Torres na data 31/07/2018 10:01:27

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre como afectan os recortes aos servizos públicos do país.

Durante meses o Grupo Parlamentario de En Marea ven reclamando un estudio rigoroso dos custes da nacionalización da AP-9, fronte as afirmacións do goberno e da Xunta de Galicia que calculaban que este era superior aos 4.500 millóns de euros, ou o ex-ministro de la Serna que chegou a estimar este custe en 8.000 millóns de euros, argumento que era utilizado de forma recorrente para posicionarse en contra da nosa petición de recuperación para o público da AP9.

Hoxe os datos volven a dar a razón ao noso grupo xa que Globalvia ven de impulsar unha proposta de venda de mais da metade de Itinere, onde esta englobada AP-9 e outras vías do estado, nun montante de 723 millóns de euros.

Queda polo tanto desmontadas as mentiras sobre os custes da nacionalización manifestamente inferiores o que suporá a construción da nova autovía paralela, a A-57 que pode chegar aos 1.200 millóns de euros de inversión, feito que non fai mais que afirmar a necesidade de acadar a cesión da AP9 e a súa posterior nacionalización.

Á actual situación da AP-9 é un claro exemplo do capitalismo de amiguetes, pensado para especular cos cartos públicos e drenalos á petos privados, a pesar de que isto supoña un deterioro na economía global Galega e un prexuízo económico para os milleiros de usuarios diarios de esa infraestrutura, sometidos a



usureras peaxes por parte dos administradores da instalación coa convivencia dos poderes públicos da Xunta e o Estado.

Por estes motivos o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte

INTERPELACIÓN:

- Considera o Goberno da Xunta a posibilidade de recuperar a AP-9 para o público?
- Ten realizado algún estudio sobre o custe do mesmo?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 31/07/2018 13:19:43

Marcos Cal Ogando na data 31/07/2018 13:19:59

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

En numerosas ocasións temos denunciado a opacidade tanto económica como organizativa das entidades vinculadas ao Servizo Galego de Saúde, partida emenda ano tras ano nos orzamentos, entendendo que deberían ser asumidos progresivamente polo sistema público.

No último informe de fiscalización do Consello de Contas, este reitera novamente a opacidade tanto das axencias como das fundacións, considerando óptima a súa integración no sistema público. Unha política totalmente contraria a que está a realizar a Xunta de Galicia, creando novos entes de estruturas empresariais.

Destaca o Consello de contas no seu informe, que no caso por exemplo de axencias como a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento ou a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, non foron facilitados os documentos necesarios para a súa fiscalización, tales como as encomendas de xestión ou os contratos que regulan a relación destes entes coa Consellería.

As portas xiratorias creadas a través de estruturas clientelares que soporta estas axencias, son de sobra coñecidas no caso de Galaria, no que a ex conselleira de sanidade cesada, Rocío Mosquera, rematou por ser a xestora dos propios contratos que asinaba como conselleira. Neste caso en concreto, o Consello de Contas observa que as prestacións encomendadas a dita entidade, figuran nun contrato-programa mediante asignación de importes globais dos que non é



posible recoñecer a estrutura de costes que xustifiquen os valores asociados a cada servizo.

En conclusións do propio organismo, estas axencias e fundacións, deberían ser integradas no sistema público e dar rendición das súas contas, xa que se configuran mediante contratos de xestión obsoletos.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte INTERPELACIÓN:

- Ten pensando a Xunta de Galicia levar a cabo as recomendacións realizadas polo Consello de Contas no Informe de fiscalización?
- Cal é o motivo de non ter facilitado os documentos relacionados coas encomendas de xestión e contratos que regulan a relación destas coa Consellería?
- Por que insiste a Xunta de Galicia na creación destes entes en lugar de integralos no sistema público?

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2018.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 02/08/2018 13:00:12

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

Os datos e as conclusións do informe de fiscalización do Consello de Contas en relación á farmacia hospitalaria durante os exercicios de 2014 a 2016, resulta moi preocupante, non só en relación ao aumento progresivo do mesmo na totalidade de gasto que representa, si non especialmente, en relación aos procedementos de adquisición e a estrutura orzamentaria, caracterizados por unha gran opacidade.

En relación á estrutura orzamentaria, esta non permite coñecer os diferentes compoñentes do gasto farmacéutico, que durante o debate orzamentario no Parlamento, tampouco é explicado cando se pregunta por este extremo, situación que impide analizar os aspectos tanto cuantitativos como cualitativos do mesmo.

Respecto á adquisición de medicamentos, as compras directas de produtos farmacéuticos representan un 96%, circunstancias que dificultan a aplicación dos trámites previstos na normativa reguladora dos contratos do sector público, concluíndo o propio Consello, que o sistema empregado, “non aporta transparencia nin garante o mantemento dos prezos nin do resto das condicións de subministro”, carecendo ademais dunha sistematización da documentación e incorrendo con frecuencia nunha fragmentación das compras referidas a un mesmo obxecto contractual.

En definitiva, son varias as recomendacións que se realizan para a mellora dun servizo que supón unha parte moi importante do orzamento en materia sanitaria e



que ademais atopase altamente influenciada e dependente dun dos maiores grupos de presión como é o das multinacionais farmacéuticas.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- Cales son as medidas que vai a levar a cabo o Goberno para aplicar as recomendacións do informe?
- Por que non se están a respectar os procedementos legalmente establecidos pola normativa en materia de contratación pública para a adquisición dos medicamentos?
- Ten estudiado o Goberno medidas para obter melloras na eficacia das adquisicións?
- Ten pensado o Goberno realizar investimento público en I+D+i para non ter que depender totalmente das grandes multinacionais?

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2018.

Asdo. Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 02/08/2018 13:11:38

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, Julia Torregrosa Sañudo e Luís Villares Naveira, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Interpelación**, sobre como afectan os recortes aos servizos públicos do país.

O Consello Económico e Social de Galicia vén de presentar a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia no 2017, o conxunto de datos e conclusión que arroxa este documento reflicte a confirmación da anomalía galega en termos de mercado de traballo e relacións laborais, con elementos dramáticos que necesitan dunha fonda reflexión por parte do Goberno para modificar as políticas que teñen levado ao país a esta situación.

Así cando se reflicte que o noso PIB é hoxe maior que no 2008, o reparto da riqueza é máis desigual e inxusto provocando situacións extremas que se poden converter en crónicas se non se actúa dende o ámbito político; feito que parece demostrar que a crise foi utilizada polos poderes económicos e políticos para modificar o estado social de forma brusca e despótica.

Algúns datos que reflicte a memoria demostran a inxusta situación provocada en termos sociais e de mercado laboral.

- Durante o segundo trimestre do 2017 o PIB real de Galicia supera o nivel anterior á crise, pero a ocupación media en termos de postos de traballo equivalente situouse no 2017 no 84% do emprego equivalente existente no 2008.
- A participación dos asalariados na renda do país sitúase no 42,7%, a porcentaxe máis baixa dende o comezo da serie estatística 1995. Esta situación onde a



remuneración dos asalariados reduce o seu peso relativo no PIB a un proceso de incremento da desigualdade e unha distribución pouco equitativa da riqueza.

- A participación dos salarios na renda era do 47,3% no 2008 e do 42,7% no 2017.

- A poboación activa galega é a máis reducida dende o 2005 (53%), hoxe é do 53,3%.

- As afiliacións á Seguridade Social creceron en Galicia ao respecto do 2016, acadando as 977.693 persoas, un incremento do 2,1% interanual, pero moi inferior ao incremento medio do Estado que foi do 3,5%

- No 2017 Galicia perdeu un 0,9% de afiliación no réxime de autónomos.

- Outra anomalía laboral, que demostra o debilidade e pouca firmeza no noso mercado laboral é que do 20.000 novas afiliacións 16.000 son do sector servizos. Mentres os afiliados ao sector industrial foron de 140.000 un 20% menos que no 2008.

- A poboación ocupada crece en Galicia un 1,2% fronte ao 2,3% do ano anterior, prodúcese unha clara ralentización, e 1,4 puntos menos que no resto do Estado (2,6%).

- A estratexia para o Emprego Europa 2020 identifica co obxectivo fundamental acadar unha taxa de emprego da poboación comprendida entre o 20 e os 64 anos do 75%, a media da Unión Europea dos 28 está no 2017 no 72,1%, no Estado no 65,5% e en Galicia no 64,7%.

- O 92% dos contratos asinados en Galicia no 2017 son temporais. O 35,4% destes contratos teñen duración inferior a unha semana.

- o número de persoas ocupadas a tempo completo crece en Galicia un 1,4% fronte ao 2,9% do conxunto do Estado.



A altísima temporalidade e a rotación dos contratos impiden acadar condicións laborais dignas á clase traballadora galega.

- O paro rexistrado en Galicia no 2017, datos EPA, é de 195.600 persoas, sitúase nun 72% por riba do dato do ano 2008 (113.600). O descenso do paro rexistrado interanual foi do 9,2% fronte ao 12,6%.

- O 38,3% das persoas desempregadas rexistrados en Galicia teñen máis de 45 anos, case 75.000 no 2017, 21.100 teñen máis de 55 anos.

- o 41,1% das persoas desempregadas levan máis de dous anos na busca de emprego, fronte ao 38,4% do conxunto do Estado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de **En Marea** formula a seguinte **Interpelación:**

- Ten previsto o Goberno galego mudar as súas políticas económicas para reverter esta dramática situación ?

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Luís Villares Naveira

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



José Manuel Lago Peñas na data 02/08/2018 13:12:45

Julia Torregrosa Sañudo na data 02/08/2018 13:12:54

Luis Villares Naveira na data 02/08/2018 13:13:01

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

Na publicación do último informe de fiscalización do Consello de Contas á Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, seguen a aparecer as mesmas eivas detectadas en anos anteriores, que lonxe de ser corrixidas e aplicadas as recomendacións do Consello, van a peor.

Este é o caso da actividade concertada, que pese ás mentiras que constantemente traslada o Goberno en relación á redución do gasto nesta partida, o Consello de Contas conclúe, que o gasto orzamentario no 2016, incrementouse en 225,519 millóns de euros respecto ao exercicio anterior.

O incremento das partidas, ten máis gravidade, cando é analizado conxuntamente co carácter estrutural da privatización, extremo totalmente contrario ao imperativo legal e que constantemente o Consello de Contas destaca nos seus informes, cunha especial mención ao que denomina “concerto singular con Povisa” que representa un 39% do total do gasto da actividade concertada.

Nesta lexislatura, estamos asistindo a novas privatizacións directas de servizos sanitarios, como é o caso do convenio marco no CHUAC, que supón un novo ataque á Sanidade Pública en beneficio do negocio á privada.

Por todo o anterior este Grupo Parlamentario presenta a seguinte Interpelación:



- Cal é o motivos polo que non se levan a cabo as recomendacións realizadas ano tras ano nos informes de fiscalización do Consello de Contas?

- Cal é a consideración que fai o Goberno do recollido no informe?

- Por que se están a aplicar de xeito estrutural os concertos coa privada?

- Cales son os argumentos do Goberno para xustificar o aumento da privatización de servizos sanitarios?

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2018.

Asdo. Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 02/08/2018 13:24:48

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Maria Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 elaborado conxuntamente pola Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Nesta iniciativa indícase que se trata de inverter a tendencia existente nos últimos anos, nos que se observa un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos.

Inspirado en catro principios (transversalidade, sociedade igualitaria, Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade” e inclusión e integración da diversidade), establece seis eixes:

1º) Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.

2º) Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.

3º) Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,...).

4º) Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.

Grupo Parlamentario

5º) Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

6º) Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

Cada un destes eixes ten asociados unha serie de obxectivos que se acadan con medidas: son 27 as que prevé o plan, algunha das cales aplícase a varios obxectivos.

Como é lóxico, prevese un sistema de seguimento e avaliación a través dun sistema de indicadores, co que se realizará un seguimento das medidas previstas que permitirá avaliar o impacto dos seus obxectivos e medidas coa finalidade de identificar aqueles aspectos nos que é necesario incidir para acadar unha educación igualitaria.

Este Grupo Parlamentario presentou diversas iniciativas para coñecer a avaliación do plan no seu primeiro curso de implantación (2016-2017) que, no caso da proposición non de lei en pleno, foi rexeitada pola maioría absoluta do Partido Popular, co incoherente argumento de que a avaliación se realizaría ao remate do plan, eliminado deste xeito a necesidade da máis que acreditada conveniencia de levar a cabo a avaliación de implementación como procede en calquera política pública.

Considerando que o horizonte temporal que comprende a vixencia deste I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia son os cursos académicos 2016-2017, 2017-2018, 2018-2019 e 2019-2020 e que, aos efectos que nos ocupan, son dous cursos completos os que leva implementándose o plan (á metade da súa duración).

Por iso o deputado e a deputada que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:



Grupo Parlamentario

1ª) Realizou o Goberno galego a valoración dos indicadores previstos neste I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia correspondente aos cursos 2016-2017 e 2017-2018?

2ª) Se non a realizou, cal é a causa?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3ª) Se a realizou, que valoración fai a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dos valores obtidos?

4ª) Poñen en evidencia os resultados observados a necesidade de incidir nalgunha das medidas previstas no Plan ou de incluír algunha nova?

5ª) Estímase necesario dedicar esforzos adicionais (persoais, económicos ou doutro tipo) para acadar os obxectivos do plan no remate do curso 2019-2020?

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/08/2018 13:41:38

Maria de la Concepción Burgo López na data 02/08/2018 13:41:49

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Fai tan só un día, que a cadea francesa de supermercados, Carrefour, vén de retirar unha campaña que xa difundira nestes días en varios establecementos de Arxentina e con motivo do 'Día do Neno'.

Unha campaña na que nun mesmo cartel aparece un neno xogando cun tele dirixido, e unha nena cunha cociña de xoguete de color rosa. A maiores a lenda que acompaña as imaxes relaciona ao neno coa “C, de campión”, e a nena coa “C, de cociñeira”.

Esta campaña tense coñecido internacionalmente e desatado as protestas desde moitas partes do mundo, polo claro mensaxe sexista e de fomento dos estereotipos.

Na propia Comisión para a Igualdade e os Dereitos das Mulleres do Parlamento de Galicia, tense manifestado en diversas ocasións e por parte de moitas e moitas das persoas ponentes, do importante que é traballar desde a educación para mudar a transmisión dos estereotipos entre homes e mulleres. E esta campaña vén a demostrar que a publicidade e empresas teñen un papel tamén fundamental na transmisión destes estereotipos. Unha responsabilidade social que non poden obviar. O interese de incrementar as vendas, en definitiva, o económico, non pode estar por riba da defensa dun dereito tan fundamental como é o de igualdade.

Por iso parece fundamental a defensa que a administración, no seu papel de velar polo cumprimento dos dereitos e deberes, ten que exercer.

A nivel internacional a empresa francesa xa ten pedido desculpas, alegando a un erro, o caso da campaña levada a cabo en Arxentina.

A empresa Carrefour e a Xunta de Galicia veñen de asinar un convenio de colaboración o pasado mes de maio, no que a cadea de supermercados adhírese ó programa de axudas que a Xunta de Galicia pon a disposición das familias galegas titulares da Tarxeta Benvida.

Coñecedores de que a polémica campaña ten acontecido noutro país, pero sabendo que si teñen acontecido casos similares con moitas empresas no ámbito nacional ou autonómico, o Grupo Parlamentario Socialista considera apropiado reflexionar sobre cales son as cautelas e vixilancia da Administración galega neste tipo de casos.

No Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego, se establece, no seu artigo 21, a Marca Galega de Excelencia en Igualdade. Esta marca é un distintivo a través do cal a Xunta de Galicia reconece a aquelas empresas que destacan na aplicación das políticas sustentadas no impulso do principio de igualdade. No artigo 23 se valoran os parámetros de cumprimento de igualdade dunha empresa, de cara á consecución da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, e no seu punto 5, se valora expresamente a publicidade non sexista dos produtos e servicios da empresa, correspondendo o 10 á valoración da publicidade como transmisora dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e dos homes na sociedade, utilizando linguaxe e imaxes non sexistas, e reflectindo axeitadamente a presenza das mulleres nos distintos ámbitos.

A realidade é que desde a posta en marcha da lei a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, o case inexistente número de empresas con este distintivo amosa o insuficiente fomento do mesmo e polo tanto do impulso á implicación das empresas no cumprimento das leis de igualdade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que tipo de criterios de responsabilidade social e ética empresarial emprega a Xunta de Galicia para valorar a colaboración e convenios entre a Administración autonómica e as empresas?
2. Considera nalgún caso o desestímulo das colaboracións ou convenios asinados con empresas no caso de darse circunstancias de falla de ética empresarial ou dunha mala praxe dentro do ámbito da responsabilidade social?
3. Estanse a aplicar criterios de perspectiva de xénero e de cumprimento da Lei de igualdade na selección das empresas que asinan convenios coa Xunta de Galicia?
4. Que mecanismos ten a Xunta de Galicia para combater as prácticas de publicidade sexista ou que alimente os estereotipos de xénero?
5. Cal é a importancia que o Goberno outorga ó fomento da Marca Galega de Excelencia en Igualdade?
6. Que medidas ten levado a cabo nos últimos anos para a súa promoción e valorización das propias empresas que teñan acadado este distintivo?
7. Comparte este Goberno a idea de que o traballo para a conquista da igualdade efectiva entre mulleres e homes é unha cuestión estrutural e transversal, e que o mundo da empresa é un dos eixos fundamentais nos que hai que incidir para a súa consecución?
8. Como ten traballado a Xunta de Galicia nos últimos anos para o fomento das boas prácticas en igualdade nas empresas?
9. Dende a súa posta en marcha, cantas foron as empresas galegas merecedoras da Marca Galega de Excelencia en Igualdade?
10. Cales foron as empresas e en que ano se lles concedeu?

11. Que valoración fai o Goberno galego dese resultado?

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 03/08/2018 09:37:42

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/08/2018 09:37:48

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/08/2018 09:37:54

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/08/2018 09:38:01

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O Consello de Contas foi creado coa Lei 6/1985 e reformado pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as competencias do órgano de control externo da Comunidade Autónoma, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Na propia exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción se establece que *“O Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externo das contas do sector público autonómico galego, ocupa unha posición especialmente relevante no tecido institucional da Comunidade Autónoma. Creado no propio Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, desenvolvido por unha das primeiras leis da Comunidade Autónoma (a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, reformada pola Lei 4/1986), desde que o Consello de Contas se puxo en marcha no ano 1991 ten gañado o merecido recoñecemento da sociedade galega pola súa continuada contribución, a través dos sucesivos informes presentados ao Parlamento, á mellora da xestión dos recursos públicos administrados polo sector público autonómico”*.

E no artigo primeiro, modifícase o punto 1 do artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que queda redactado como segue: *“O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financieira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico-financieira”*.

No mes de xullo o Consello de Contas entregou os informes de fiscalización correspondentes ao Plan de traballo aprobado para este exercicio 2018, entre os que se inclúe o informe correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2016.

No apartado de recomendacións, o Consello de Contas reitera unha das recomendacións feitas ano tras ano sobre liquidación e xestión orzamentaria:



Grupo Parlamentario

“3.5. As necesidades atendidas co Fondo de continxencia deben responder estritamente ao carácter de imprevistas e non discrecionais, como esixe a LOEOSF. Con esta finalidade, sería recomendable determinar normativamente os supostos de aplicación e a súa dotación anual”.

Por iso a deputada e os deputados que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) Cales son os motivos polos que o Goberno galego non ten corrixido esta deficiencia que pon de manifesto ano tras ano o Consello de Contas?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o incumprimento reiterado da recomendación do Consello de Contas en canto ao emprego do Fondo de Continxencia?

Pazo do Parlamento, 3 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/08/2018 13:31:21

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/08/2018 13:31:27

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/08/2018 13:31:40

Grupo Parlamentario

“RECOMENDACIÓNS

III.1. SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS DO INFORME DO EXERCICIO 2015

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3.1. *En relación coas medidas adoptadas pola Comunidade Autónoma para o cumprimento das recomendacións formuladas no Informe de fiscalización do exercicio 2015, ponse de manifesto que, en xeral, non se apreciaron avances salientables, polo que, á vista do seu insuficiente grao de implantación, van ser reiteradas no presente informe.*

Á vista desta recomendación reiterada polo Consello de Contas ano tras ano nos informes de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o incumprimento reiterado por parte da Xunta de Galicia das recomendacións do Consello de Contas?

2ª) Entende o Goberno galego que o Consello de Contas é un mero emisor de informes sen que as recomendacións plasmadas nos ditos informes teñan ningunha repercusión na xestión da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 3 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/08/2018 13:45:17

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/08/2018 13:45:23

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/08/2018 13:45:33

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O Consello de Contas foi creado coa Lei 6/1985 e reformado pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as competencias do órgano de control externo da Comunidade Autónoma, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Na propia exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción se establece que “O Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externo das contas do sector público autonómico galego, ocupa unha posición especialmente relevante no tecido institucional da Comunidade Autónoma. Creado no propio Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, desenvolvido por unha das primeiras leis da Comunidade Autónoma (a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, reformada pola Lei 4/1986), desde que o Consello de Contas se puxo en marcha no ano 1991 ten gañado o merecido recoñecemento da sociedade galega pola súa continuada contribución, a través dos sucesivos informes presentados ao Parlamento, á mellora da xestión dos recursos públicos administrados polo sector público autonómico”.

E no artigo primeiro, modifícase o punto 1 do artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que queda redactado como segue: “*O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financieira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico-financieira*”.

Neste mes de xullo o Consello de Contas entregou os informes de fiscalización correspondentes ao Plan de traballo aprobado para este exercicio 2018, entre os que se inclúe o informe correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2016.

No apartado de recomendacións, o Consello de Contas manifesta literalmente:

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Consello de Contas foi creado coa Lei 6/1985 e reformado pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as competencias do órgano de control externo da Comunidade Autónoma, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Na propia exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción se establece que “O Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externo das contas do sector público autonómico galego, ocupa unha posición especialmente relevante no tecido institucional da Comunidade Autónoma. Creado no propio Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, desenvolvido por unha das primeiras leis da Comunidade Autónoma (a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, reformada pola Lei 4/1986), desde que o Consello de Contas se puxo en marcha no ano 1991 ten gañado o merecido recoñecemento da sociedade galega pola súa continuada contribución, a través dos sucesivos informes presentados ao Parlamento, á mellora da xestión dos recursos públicos administrados polo sector público autonómico”.

E no artigo primeiro, modifícase o punto 1 do artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que queda redactado como segue: “*O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financieira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico-financieira*”.

Grupo Parlamentario

No mes de xullo o Consello de Contas entregou os informes de fiscalización correspondentes ao Plan de traballo aprobado para este exercicio 2018, entre os que se inclúe o informe correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2016.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No apartado de recomendacións, o Consello de Contas reitera unha das recomendacións feitas ano tras ano:

“III.2. RECOMENDACIÓNS

Presentación da información contable

3.2. Faise necesario que por parte da Administración se aborde con urxencia unha reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral, a formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, e a regulación dos procesos de consolidación das contas destas entidades; e tamén a aprobación dun novo Plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma que cumpra co proceso de harmonización contable

No marco destas modificacións normativas, sería aconsellable incorporar a destinada ao adianto do prazo da rendición da Conta Xeral.

3.3. En aras ao cumprimento do principio de transparencia da actividade pública, recoméndase unha revisión profunda da memoria da Conta Xeral, incorporando información sobre todos aqueles aspectos previstos na normativa de aprobación, e en especial: a) da situación financeira global do sector público autonómico; b) da execución de beneficios fiscais; c) do volume de endebedamento e grao de cumprimento dos obxectivos; d) do estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico”.

Por iso a deputada e os deputados que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Cales son os motivos polos que o Goberno galego non ten corrixido esta deficiencia que pon de manifesto ano tras ano o Consello de Contas?



 Grupo Parlamentario

2ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o incumprimento reiterado da recomendación do Consello de Contas sobre a presentación da información contable?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 3 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/08/2018 14:05:57

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/08/2018 14:06:04

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/08/2018 14:06:14

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Consello de Contas foi creado coa Lei 6/1985 e reformado pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as competencias do órgano de control externo da Comunidade Autónoma, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Na propia exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción se establece que “*O Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externo das contas do sector público autonómico galego, ocupa unha posición especialmente relevante no tecido institucional da Comunidade Autónoma. Creado no propio Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, desenvolvido por unha das primeiras leis da Comunidade Autónoma (a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, reformada pola Lei 4/1986), desde que o Consello de Contas se puxo en marcha no ano 1991 ten gañado o merecido recoñecemento da sociedade galega pola súa continuada contribución, a través dos sucesivos informes presentados ao Parlamento, á mellora da xestión dos recursos públicos administrados polo sector público autonómico*”.

E no artigo primeiro, modifícase o punto 1 do artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que queda redactado como segue: “*O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financieira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico-financieira*”.



Grupo Parlamentario

No mes de xullo o Consello de Contas entregou os informes de fiscalización correspondentes ao Plan de traballo aprobado para este exercicio 2018, entre os que se inclúe o informe correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2016.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No apartado de recomendacións, o Consello de Contas reitera unha das recomendacións feita ano tras ano:

“Liquidación e xestión orzamentaria

3.4. Recoméndase a adopción de medidas legislativas e de control parlamentario que limiten o uso excesivo do programa 621B Imprevistos e funcións non clasificadas”.

Por iso a deputada e os deputados que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Cales son os motivos polos que o Goberno galego non ten corrixido esta deficiencia que pon de manifesto ano tras ano o Consello de Contas?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o incumprimento reiterado da recomendación do Consello de Contas sobre a adopción de medidas legislativas e de control parlamentario que limiten o uso excesivo do programa 621B Imprevistos e funcións non clasificadas?

Pazo do Parlamento, 3 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/08/2018 14:11:28

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/08/2018 14:11:35

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/08/2018 14:11:47



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 10:46
Nº Rexistro: 34384
Data envío: 07/08/2018 10:46:15.578

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas a tomar en materia sanitaria diante do falecemento dun doente no PAC da Estrada mentres agardaba atención médica.

Na tarde do sábado día 4 agosto no Punto de Atención Continuada da Estrada falecía un doente de 65 anos tras agardar máis de dúas horas a ser atendido, xa que o persoal sanitario encontrábase ausente atendendo unha urxencia nun domicilio e posterior traslado ao CHUS.

O PAC da Estrada ese sábado estaba atendido só por unha médica, unha enfermeira e PSX. Non contaba con ningún persoal de reforzo, a pesares de telo solicitado e ter posto en coñecemento da Xerencia a necesidade do mesmo. A petición non foi atendida pola Xerencia do SERGAS e agora constatamos desgraciadamente as consecuencias.

@s profesionais dos PACs levan meses denunciando a situación de deterioro das condicións laborais e asistenciais que se vive nestes centros que atenden as urxencias extra-hospitalarias de Galiza. Seguen cos mesmos recursos materiais e humanos que hai 10 anos, cando neste tempo as urxencias non fixeron máis que aumentar: envellecemento da poboación, o persoal dos PACs fai o 90% do traballo do 061, son os que “medicalizan” as ambulancias, van aos domicilios, atenden os accidentes, infartos... Denuncian que traballan continuamente en situación de servizos mínimos, que a



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 10:46
Nº Rexistro: 34384
Data envío: 07/08/2018 10:46:15.578

sobrecarga laboral é brutal, que non substitúen as ausencias d@s profesionais, que non se establecen reforzos en fins de semana ou en datas con previsión de aumento de demanda... Levan meses denunciando que así é imposíbel continuar.

Diante desta situación, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte Interpelación:

Vai o Sergas seguir negándose a atender as demandas d@s profesionais que prestan os seus servizos nos Puntos de Atención Continuada, PAC, das que é coñecedor?

Quen vai asumir as responsabilidades polo falecemento dun doente no PAC da Estrada o sábado 4 de agosto sen ser atendido por persoal sanitario, xa que iste estivo ausente durante máis de dúas horas atendendo a unha urxencia?

Van os máximos responsábeis da Consellaría de Sanidade e do Sergas dar explicacións no Parlamento Galego sobre as causas da morte do doente no PAC da Estrada o sábado 4 de agosto?

Cal é a razón de ter negado o reforzo solicitado polo persoal do PAC da Estrada?

Vai seguir o Sergas coa infame política de persoal, de sobrecarga asistencial, non substitución e precarización?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 10:46
Nº Rexistro: 34384
Data envío: 07/08/2018 10:46:15.578

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/08/2018 10:32:52

Ana Pontón Mondelo na data 07/08/2018 10:32:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/08/2018 10:33:01

Olalla Rodil Fernández na data 07/08/2018 10:33:03

Noa Presas Bergantiños na data 07/08/2018 10:33:05

Xosé Luis Bará Torres na data 07/08/2018 10:33:08



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 11:17
Nº Rexistro: 34395
Data envío: 07/08/2018 11:17:41.667

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas a tomar para desenvolvemento do decreto de tramitación da Risga e das axudas de inclusión social.

O 31 de decembro de 2013 o Diario Oficial de Galiza publicaba a Lei 10/2013, do 27 de novembro de inclusión social de Galiza, que na súa disposición derradeira primeira establecía un prazo de seis meses para o desenvolvemento e aplicación da mesma, entre o que está o decreto de aplicación da Risga. A pesares deste prazo establecido na propia lei, a Consellaría de Política Social non presentou un borrador de decreto até o 21 de decembro de 2017, tres anos e medio máis tarde do prazo establecido e en pleno nadal.

Este pasado venres día 3 de agosto o DOG publica o anuncio da Consellaría de Política Social polo que acorda someter a información pública o Proxecto de decreto de desenvolvemento da Lei, no relativo á tramitación da RISGA e das axudas de inclusión social. En pleno mes de agosto, por un escasísimo período de quince días.

Presenta a Consellaría de Política Social a exposición pública este proxecto de decreto sen ter contestado a moitas das alegacións que por parte de colectivos se lle fixeron ao borrador, nin ter contestado á proposta de diálogo feita polos mesmos, nin recoller aspectos fundamentais e amplamente demandados como son que as prestacións sexan suficientes, dignas, accesíbeis e eficaces.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pola contra mantense un alto nivel de discrecionalidade, un complemento de alugueiro insuficiente, unha soa Risga por domicilio como regra xeral, cando os xulgados están a ditaminar o contrario...

Este xeito de proceder do Partido Popular evidencia dúas cousas: primeiro, facelo no mes de agosto, en plena época vacacional, significa quere evitar o coñecemento deste prazo de exposición pública e por tanto a presentación de emendas ou suxestións por parte da cidadanía en xeral, e dos colectivos, entidades e profesionais que traballan no terreo da pobreza e a exclusión en particular, e polo tanto nula vontade de consenso e acordo. En segundo lugar, que prima a súa axenda electoral, e o relevo na Consellaría, diante dos intereses de miles de persoas potenciais beneficiarias destas axudas.

Por estas razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte Interpelación:

Cal é a razón de someter a exposición pública o Proxecto de decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013 do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza en pleno mes de agosto despois de que o mesmo leve un atraso de catro anos sobre o prazo establecido na lei?

Cal é a razón de establecer un prazo tan escaso de tan só quince días?

Ten a Consellaría de Política Social contestado a todas as alegación presentadas ao borrador de decreto da lei 10/2013 de inclusión social de Galiza?

Por que non ten aberto a canle de participación solicitada por diversos colectivos para a elaboración do decreto? Vai facelo no futuro?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera que mantendo aspectos como un alto nivel de discrecionalidade, un complemento de alugueiro insuficiente, unha soa Risga por domicilio como regra xeral, cando os xulgados están a ditaminar o contrario... este proxecto de decreto responde ás expectativas e necesidades da cidadanía á que vai destinada?

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/08/2018 11:03:54

Ana Pontón Mondelo na data 07/08/2018 11:04:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/08/2018 11:04:02



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 11:17
Nº Rexistro: 34395

Data envío: 07/08/2018 11:17:41.667

Olalla Rodil Fernández na data 07/08/2018 11:04:05

Noa Presas Bergantiños na data 07/08/2018 11:04:06

Xosé Luis Bará Torres na data 07/08/2018 11:04:09

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Juan Díaz Villoslada, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interperlación**.

A Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, establece no seu artigo 15 sobre símbolos e monumentos públicos o seguinte:

“1. As Administracións públicas, no exercicio das súas competencias, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura. Entre estas medidas poderá incluírse a retirada de subvencións ou axudas públicas.

2. O previsto no apartado anterior non será de aplicación cando as mencións sexan de estrito recordo privado, sen exaltación dos enfrontados, ou cando concorran razóns artísticas, arquitectónicas ou artístico-relixiosas protexidas pola lei.

3. O Goberno colaborará coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais na elaboración dun catálogo de vestixios relativos á Guerra Civil e á Ditadura para os efectos previstos no apartado anterior.

4. As Administracións públicas poderán retirar subvencións ou axudas aos propietarios privados que non actúen do modo previsto no apartado 1 deste artigo .”

No preámbulo da lei explícanse as razóns polas que se inclúen estas medidas: *“Establécense, así mesmo, unha serie de medidas en relación con os símbolos e monumentos conmemorativos da Guerra Civil ou da Ditadura, sustentadas no principio de evitar toda exaltación da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura, no convencemento de que os cidadáns teñen dereito a que así sexa, a que os símbolos públicos sexan ocasión de encontro e non de enfrontamento, ofensa ou agravio”*

Grupo Parlamentario

A pesar diso, e do tempo pasado, quedan moitos símbolos do franquismo en edificios públicos e relixiosos en Galicia sen que se faga nada para cumprir a lei, o que cremos que non se pode permitir. Debemos tomar todas as medidas necesarias para terminar con esta presenza de elementos conmemorativos ou exaltadores da ditadura franquista.

Por iso, no último debate do estado da autonomía e con ánimo de que a Xunta se involucrara nunha política de memoria histórica, os socialistas transaccionamos co PP unha resolución que di textualmente:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a consensuar coa Federación Galega de Municipios e Provincias, coa Igrexa católica e coa Administración xeral do Estado, un plan de eliminación dos elementos de exaltación do franquismo que subsisten en Galicia, conforme o establecido na Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor das persoas que padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura.»

Consideramos que soamente conseguiremos terminar coa simboloxía franquista se todos os que teñen responsabilidades co tema se unen, e a Xunta de Galicia é claramente a que ten que levar a iniciativa do tema e conseguir o consenso, pero pasan os meses e non sabemos nada sobre este acordo.

Non sabemos que fixo a Xunta de Galicia nin sequera se comezou as conversas coa Federación Galega de Municipios e Provincias, coa Igrexa e coa administración central, para poñer en marcha a desaparición dos elementos de exaltación do franquismo. Preguntamos sobre este tema na Comisión de Cultura deste Parlamento pero, o representante da Consellería de Cultura afirmou que el soamente podía responder polo que fai a Consellería directamente, e deu a entender que nada se fixera.

Por todo o anterior a deputada e os deputados asinantes interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª.) Que accións levou a cabo ata o momento a Xunta de Galicia para acordar coa Federación de Municipios e Provincias de Galicia a Igrexa e a Administración central un plan de eliminación dos elementos de exaltación do franquismo que subsisten en Galicia tal como se acordou no Parlamento de Galicia?

 Grupo Parlamentario

2ª.) Estableceuse algún convenio ou acordo con algún deles?

3ª.) Que pensa facer a Xunta para conseguir este plan de eliminación de símbolos franquista?

4ª.) Cando considera a Xunta de Galicia que terá concluído o plan de eliminación de elementos de exaltación do franquismo que lle ordenou facer o Parlamento de Galicia?

Pazo do Parlamento, 7 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/08/2018 13:00:15

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/08/2018 13:00:26

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/08/2018 13:00:39

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

A situación de precariedade que viven os profesionais da atención primaria de Galicia ven sendo un tema relevante e obxecto de numerosas reivindicacións dos colectivos profesionais, organizacións sindicais, agrupacións cidadás e grupos políticos dende hai varios anos. Nos últimos tempos, o propio Parlamento de Galicia ten asistido a debates en Comisión e Pleno sobre a necesidade de mellorar estas condicións para mellorar así o sistema sanitario de Galicia.

A situación específica dos PAC, con numerosas cuestións a mellorar tanto nas condicións laborais dos profesionais como nas asistencias que inflúen sobre a capacidade dos profesionais de dar o mellor servizo posible (horarios, dotación de recursos materiais e humanos, organización de traballo...), é un aspecto concreto que ten sido analizado de maneira específica.

Existen numerosas ocasións en que o Goberno da Xunta de Galicia ten coñecido as deficiencias, especialmente no referido ao volume de recursos humanos, que existen na atención nos PAC en Galicia. Non entanto, a resposta deste Goberno ven sendo sempre a negación do problema e incluso a provocación de conflitos cos membros representantes das reivindicacións dos traballadores e traballadoras dos PAC galegos. Do mesmo xeito, o Grupo Popular no Parlamento de Galicia ten rexeitado as propostas que se teñen feito de mellora das condicións e aumento de recursos no seo do Parlamento.

Con data 15 de marzo do presente ano, o Grupo Parlamentario Socialista trasladou á Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego do Parlamento de Galicia unha proposta para a mellora das condicións laborais dos profesionais dos PAC, que incluía a dotación dun maior número de profesionais, alertando da gravidade de que existiran dotacións mínimas que deixaban a PACs con volumes moi relevantes de persoas por atender sen profesionais para cubrir esa asistencia por ter que saír a facer visitas de urxencias.

Grupo Parlamentario

O acontecido no día 4 de agosto no PAC de A Estrada é un suceso fatal que retumba en todo o sistema sanitario galego. O labor desenvolvido polos profesionais do sistema foi insuperable e impecable, tratando de axudar no problema incluso algunha profesional que non estaba sequera no seu horario laboral. Non entanto, a limitación de número do persoal existente foi tamén un problema insuperable. A ausencia de profesionais no PAC de A Estrada foi un elemento decisivo para un incidente fatal.

Esta situación debera ser punto e aparte sobre as condicións existentes e sobre a calidade asistencial que recibimos os galegos e as galegas, e permitir abrir un tempo de replanificación sobre os recursos que necesita o sistema sanitario. Seguindo o caso acontecido, o PAC de A Estrada atende a máis de 20.000 persoas, nun entorno de poboación especialmente disperso onde os desprazamentos se alongan e, de maneira sinalada, se teñen que existir desprazamentos ao Hospital de Santiago, centro de referencia da zona. A isto súmaselle unha poboación envellecida, con dificultades para a mobilidade. Baixo estas condicións, un so equipo asistencial resulta a todas luces insuficiente e provoca demoras de máis de dúas horas sen atención no centro de saúde.

Por todo o anterior, o deputado e a deputada asinantes interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que criterios se utilizaron para determinar o volume de persoal existente no sábado 4 de agosto no PAC de A Estrada?
2. Cantos contratos temporais se realizaron ata o momento na época de verán de 2018 en atención primaria? Cantos deles foron destinados a A Estrada?
3. Considera a Xunta de Galicia que a atención sanitaria ofrecida nos PAC de Galicia é correcta e satisfactoria?
4. Que previsións ten a Xunta de Galicia sobre os posibles acordos a chegar cos traballadores e as traballadoras dos PAC de Galicia que veñen demandando numerosas melloras non atendidas ata o de agora?

Pazo do Parlamento, 7 de agosto de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 07/08/2018 13:38:05

Noela Blanco Rodríguez na data 07/08/2018 13:38:12

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo, Paula Quinteiro Araujo e Carmen Santos Queiruga, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, **presentan a seguinte Interpelación.**

Recentemente ven de presentarse unha tese na Universidade de Santiago de Compostela, por parte de D. Victor Hugo Martínez Ballesteros, titulada “Cumprimento e adhesión á ordenación do marisqueo en contextos institucionais concretos: análise do furtivismo marisqueiro en Galicia”, na que se fai un rigoroso e destacable estudo sobre numerosos aspectos que caracterizan o furtivismo en Galicia e se abordan diferentes liñas de actuación para o seu combate.

Recollendo algún dos aspectos e análises da citada obra, podemos destacar o estudo e caracterización dos diferentes tipos de furtivismo que operan nas nosas costas, cualificado polo autor como complexo e heteroxéneo con cuestións endémicas e particularidades propias do fenómeno en Galicia.

Deste estudo destaca a sinxeleza da súa práctica e a facilidade para acceder ao mercado do produto furtivo, observándose a existencia dun mercado negro consolidado disposto a soportar enormes cantidades de marisco, partindo da venda directa aos consumidores ata a utilización de redes complexas de comercialización que van dende os extractores ata as depuradoras, lonxas e hostalería.

Esta facilidade para a obtención de lucro e a súa comercialización, así como unha certa existencia de incentivos sociais, fai que a actuación da administración deba ir máis aló da acción punitiva que ten demostrado a súa ineficacia se non é



acompañada doutro tipo de accións, como poden ser a implementación de métodos de disuasión, a eliminación dos círculos propios de pobreza e desemprego que incentivan a práctica nalgúns entornos, ata a fundamental actuación sobre os mecanismos de venda e distribución do produto furtivo.

En moitos casos, non no caso do furtivismo organizado profesional, o furtivo é o eslavón mais débil do conxunto da cadea fronte ao conxunto de axentes compradores, intermediarios e distribuidores que engrosan a maior parte do beneficio económico.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN:**

- Que medidas ten previsto o Goberno galego implementar para actuar sobre as redes asentadas de distribución e comercialización do produto extraído polos furtivos en Galicia?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Paula Quinteiro Araújo

Carmen Santos Queiruga

Deputadas do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 08/08/2018 13:38:14

Paula Quinteiro Araújo na data 08/08/2018 13:38:23

Carmen Santos Queiruga na data 08/08/2018 13:38:33



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas a tomar diante das elevadas temperaturas que se alcanzan en determinados hospitais públicos.

Tanto traballadores/as do Hospital Provincial de Pontevedra como doentes igresad@s e familiares veñen de facer pública a súa queixa e malestar pola situación vivida a pasada semana durante a vaga de calor, que levou a que se as temperaturas alcanzadas no interior do hospital foran elevadísimas.

A situación foi cualificada polas persoas que a padeceron de “inhumana”, “terceiromundista”, “inexplicábel” ou “insoportábel” xa que as temperaturas que tiveron que soportar superaron os 30 graos nos cuartos e en algúns casos se chegou aos 35.

Temos que lembrar que neste centro sanitarios ingrésanse especialidades de obstetricia, neonatos, pediatría, urxencias pediátricas, coidados paliativos, oncoloxía, xinecoloxía, medicina interna, nefroloxía, diálise, odontoloxía, oftalmoloxía ou psiquiatría; polo tanto tiveron que soportar estas temperaturas desde nen@s, persoas de avanzada idade ou con tratamentos oncolóxicos ou paliativos.

Tiveron que ser en algúns casos os propios familiares os que mercaron equipos de refrixeración para tentar aliviarlle a situación aos doentes, xa que na maioría das habitacións só dispoñen de ventiladores que non resolven o problema ante temperaturas tan elevadas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos a constatar que diante dunha vaga de calor, da que se tiña coñecemento, a Dirección do CHOP non tomou todas as medidas precisas para protexer nin @s doentes nin ao persoal das altas temperaturas. Resulta evidente que os doce equipos de refrixeración instalados hai un ano para todo o hospital son manifestamente insuficientes.

Toda vez que o proxecto do Gran Montecelo está nunha fase moi inicial, por culpa da Xunta do Partido Popular que mantivo paralizado o proxecto durante anos, a inacción como táctica non pode ser a saída; é preciso tomar medidas para que diante doutra situación de altas temperaturas non se repita esta situación, que non só causa malestar, senón que supón un risco a maiores para a saúde das persoas ingresadas e para @s profesionais.

Por estas razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta as seguintes preguntas para a súa contestación oral en comisión:

Considera que en condicións de altísimas temperaturas pódese prestar unha mínima calidade asistencial?

Considera aceptábel a situación vivida no Hospital Provincial de Pontevedra onde estiveron doentes ingresad@s en plantas de hospitalización con temperaturas superiores a 30 graos e en algúns casos de 35?

Diante dunha vaga de calor, da que se tiña coñecemento, a Dirección do CHOP tomou todas as medidas precisas para protexer @s doentes e ao persoal das altas temperaturas?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2018 10:57
Nº Rexistro: 34475
Data envío: 09/08/2018 10:57:39.685

Considera que doce equipos de refrixeración instalados hai un ano para todo o hospital e ventiladores son suficientes?

Que medidas vai tomar para evitar as altas temperaturas dentro do Hospital Provincial de Pontevedra, para o conxunto das persoas e persoal do Hospital e non só para as zonas sensíbeis?

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/08/2018 10:50:39

Ana Pontón Mondelo na data 09/08/2018 10:50:46



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2018 10:57
Nº Rexistro: 34475

Data envío: 09/08/2018 10:57:39.685

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/08/2018 10:50:48

Olalla Rodil Fernández na data 09/08/2018 10:50:50

Noa Presas Bergantiños na data 09/08/2018 10:50:52

Xosé Luis Bará Torres na data 09/08/2018 10:50:54



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 13:36
Nº Rexistro: 35305
Data envío: 29/08/2018 13:36:42.976

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, presentan a seguinte corrección de erros na **Interpelación** con número de rexistro **34475**.

Onde dí:

“Pregunta para resposta oral en comisión”

Debe dicir:

“Interpelación”

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 13:36
Nº Rexistro: 35305
Data envío: 29/08/2018 13:36:42.976

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2018 13:34:17

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2018 13:34:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2018 13:34:23

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2018 13:34:24

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2018 13:34:27

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2018 13:34:28



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2018 11:24
Nº Rexistro: 34481
Data envío: 09/08/2018 11:24:37.372

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas a tomar pola Consellaría de Política Social diante do incumprimento do contrato por parte da Fundación Diagrama concesionaria do servizo do CR Monteledo de Ourense.

Representantes dos traballadores do CR Monteledo de Ourense puxéronse en contacto co Grupo parlamentar do BNG para trasladarnos os incumprimentos que a Fundación Diagrama, concesionaria do servizo, está a facer cobertura do persoal nos seus períodos vacacionais, tal e como se especifica na cláusula quinta da RESOLUCIÓN do 11 de febreiro de 2016 pola que se convoca o procedemento de selección de entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención residencial e a intervención educativa integral con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores en centros de reeducación da Comunidade Autónoma:

A cobertura, en todo momento, dos postos de traballo e das correspondentes funcións. En consecuencia, a entidade efectuará ao seu cargo e inmediatamente as substitucións necesarias do persoal que teña asignado á actividade sexa cal for a súa causa, de forma que a execución das medidas xudiciais quede sempre asegurada. As variacións que se produzan no cadro de persoal serán inmediatamente comunicadas á



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2018 11:24
Nº Rexistro: 34481
Data envío: 09/08/2018 11:24:37.372

Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para a súa autorización, acompañando a documentación acreditativa da titulación e do curriculum profesional.

Por parte dos representantes dos traballadores trasládase que a non cobertura do persoal no desfrute das obrigadas e necesarias vacacións dos educadores, unido á escasa, tardía ou inexistente cobertura das baixas por incapacidade temporal, e a propia nova metodoloxía da fundación Diagrama en canto a subdivisión en grupos e actividades dos menores, provocou unha merma na calidade da prestación do servizo e na carga de traballo do persoal educador.

Durante o ano 2017 non se contratou a unha soa persoa educadora para cubrir as vacacións d@s 34 do cadro de persoal, non se cubriron as vacacións de ningunha categoría profesional do cadro do centro. Ao non contratar persoal para cubrir as vacacións da plantilla, e non cubrir con celeridade as baixas, fai que o traballo se realice boa parte do ano en servizos mínimos, ditados pola propia administración de oito por quenda, e mesmo por debaixo de estes, con quendas de 7, 6 e ata 5 traballadores por quenda.

Esta situación foi posta en coñecemento das persoas responsábeis da Consellaría de Política Social, en concreto da Directora e Subdirectora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, dada a negativa da Fundación a cumprir co establecido na resolución da convocatoria. Estamos diante dun incumprimento contractual entre unha empresa concesionaria coa Administración pagadora do servizo, toda vez que a cláusula sexta da concesión establece, no apartado de “outras obrigas” que a “*Administración está facultada para ditar as instrución oportunas para o estrito cumprimento do convenio*”.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estas razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte Interpelación:

Parécelle normal á Consellaría de Política Social os incumprimentos de contrato por parte de concesionarias?

Parécelle normal á Consellaría de Política Social a situación que se está a vivir no CR Monteledo de Ourense?

Sendo coñecedoras ás responsábeis da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da situación por que non teñen obrigado á Fundación Diagrama a cumprir o establecido na cláusula 5ª da Resolución da convocatoria?

Que actuacións ten realizado diante da información da situación que lle ten sido trasladada por parte dos representantes d@s traballadores/as?

Considera que @s menores acollid@s neste centro poden recibir a atención precisa con estas carencias de persoal?

Cal é a razón de que non actúe diante dunha empresa polo que a a Xunta lle está pagando por un persoal do que non dispón?

Que accións vai realizar ?

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2018



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2018 11:24
Nº Rexistro: 34481
Data envío: 09/08/2018 11:24:37.372

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/08/2018 11:13:37

Ana Pontón Mondelo na data 09/08/2018 11:13:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/08/2018 11:13:45

Olalla Rodil Fernández na data 09/08/2018 11:13:47

Noa Presas Bergantiños na data 09/08/2018 11:13:49

Xosé Luis Bará Torres na data 09/08/2018 11:13:51



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas a tomar polo Sergas e o 061 diante da folga convocada polos profesionais diante do traslado do servizo á Estrada

A Xunta de Galiza ten adoptado a decisión de trasladar os servizos de coordinación do 061 ao Edificio de atención Integrada de Emerxencia da Estrada. A data comunicada para este traslado é o 2 de outubro. Este traslado afecta a arredor de 190 profesionais, persoal estatutario e laboral da Xunta de Galiza e ao persoal pertencente á empresa do Grupo Norte ao que lle ten externalizado parte do servizo.

Diante deste traslado a Administración ten realizado unha relentización da negociación das condicións do mesmo inexplicábel. Por parte dos traballadores/as trasladáronlle as súas demandas en maio de 2017, e non foi até xaneiro de 2018 que conseguiron un primeiro contacto, e non houbo a seguinte reunión até xuño.

Esta estratexia de adiar até o final a negociación é unha irresponsabilidade por parte do Sergas, do 061 e do Grupo Norte. @s profesionais reclaman unha compensación diante dunha deslocalización do seu posto de traballo, que afecta substancialmente as condicións laborais e de vida. Supón perda de cartos e de tempo, dificultades de conciliación...



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diante desta situación está levándose a cabo unha folga indefinida tanto no 061 como no Grupo Norte pola falta de acordo nas condicións do traslado e dun cronograma serio que poida garantir que o traslado se poida levar a cabo dun xeito efectivo e seguro tanto para @s traballadores e traballadoras como para a poboación.

Estamos diante dun servizo esencial como é a coordinación das urxencias sanitarias de Galiza, polo que se fai preciso que a Xunta abandone a posición de inmovilismo e dilación e se sente a negociar c@s traballadores e traballadoras, pezas clave nun servizo tan vital.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte Interpelación:

Vai atender as demandas d@s traballadores e traballadoras, especialmente en canto a compensacións económicas ocasionadas pola deslocalización (transporte, tempo, conciliación...) diante do traslado da central de coordinación do 061?

Non lle parece xusto que @s profesionais reclamen non perder do seu salario co traslado do seu posto de traballo a unha nova ubicación?

Pode nas condicións actuais garantir que o traslado se pode realizar de xeito efectivo e seguro tanto para @s traballadores e traballadoras como para a poboación?

Despois de todo o acontecido co traslado do 112 ás mesmas instalacións, cunha folga de máis de 80 días, vai a Xunta cometer os mesmos erros?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 10:35
Nº Rexistro: 34502
Data envío: 10/08/2018 10:35:26.996

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 10/08/2018 10:30:18

Ana Pontón Mondelo na data 10/08/2018 10:30:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/08/2018 10:30:26

Olalla Rodil Fernández na data 10/08/2018 10:30:28

Noa Presas Bergantiños na data 10/08/2018 10:30:30

Xosé Luis Bará Torres na data 10/08/2018 10:30:32



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas a tomar diante da situación límite do persoal dos PACs.

@s profesionais dos PACs levan meses denunciando a situación de deterioro das condicións laborais e asistenciais que se vive nestes centros que atenden as urxencias extra-hospitalarias de Galiza. Seguen cos mesmos recursos materiais e humanos que hai 10 anos, cando neste tempo as urxencias non fixeron máis que aumentar: envellecemento da poboación, o persoal dos PACs fai o 90% do traballo do 061, son os que “medicalizan” as ambulancias, van aos domicilios, atenden os accidentes, infartos...Denuncian que traballan continuamente en situación de servizos mínimos, que a sobrecarga laboral é brutal, que non substitúen as ausencias d@s profesionais, que non se establecen reforzos en fins de semana ou en datas con previsión de aumento de demanda. Denuncian que en algúns centros nin sequera se cobren eses servizos mínimos.

Levan meses denunciando que así é imposíbel continuar, tentando que o Sergas escoite as súas demandas, atopándose que lonxe de ser escoitados este verán están a traballar en peores condicións que nunca. Atención Primaria con listas de espera estruturais de máis dunha semana, profesionais sen substituír, centros de saúde pechados polas tardes, consultorios pechados, ausencia de pediatras... Toda esa carga asistencial concéntrase nos PACs, aos que non se lles aumenta o persoal, senón que a



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

solución que aporta o Sergas e a sobrecarga laboral e o recorte de dereitos dun persoal extenuado que está traballando ao límite.

Esta situación non é froito da fatalidade, e consecuencia directa das decisións políticas que o Partido Popular no Goberno galego foi tomando ao longo dos últimos anos, de recortes e deterioro da sanidade pública. Recorte de persoal, taxa de reposición, precariedade laboral, abandono do Plan de Mellora da Atención Primaria... ocasiona a fuxida de profesionais cara outros sistemas sanitarios, outros países ou a sanidade privada.

A situación é consecuencia da escolla ideolóxica do Partido Popular de deterioro da sanidade pública para beneficio da privada, polo tanto é reversíbel, hai alternativa cun cambio de rumbo, para ir na dirección contraria.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta as seguintes preguntas para a súa contestación escrita:

Vai atender, sen máis dilación, as demandas d@s profesionais que prestan os seus servizos nos Puntos de Atención Continuada, PACs, das que é coñecedor o Sergas?

Vai realizar de inmediato un análise rigoroso das necesidades reais de persoal no Sergas, e dos dispositivos que son precisos atender e cubrir?

Vai proceder a convocar absolutamente todas as prazas vacantes, de todas as categorías, existentes no Sergas, para garantir emprego estábel, de calidade e con dereitos?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 10:48
Nº Rexistro: 34508
Data envío: 10/08/2018 10:48:57.371

Vai realizar unha oferta laboral de contratación de calidade, destinada tanto a fidelizar @s profesionais que están nas listas de contratación como a atraer @s profesionais que están actualmente traballando fóra de Galiza?

Dada a falta de profesionais non considera necesario aumentar as prazas de formación na Universidade de Medicina?

Dada a falta de profesionais non considera preciso demandar do Goberno español o aumento do número de prazas para adaptar as prazas de formación polo sistema de Residencia MIR e EIR, que se ofertan en Galiza, ás necesidades reais que ten o Sergas de cobertura de profesionais?

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 10:48
Nº Rexistro: 34508
Data envío: 10/08/2018 10:48:57.371

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 10/08/2018 10:42:54

Ana Pontón Mondelo na data 10/08/2018 10:42:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/08/2018 10:43:01

Olalla Rodil Fernández na data 10/08/2018 10:43:03

Noa Presas Bergantiños na data 10/08/2018 10:43:05

Xosé Luis Bará Torres na data 10/08/2018 10:43:06

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

O envellecemento poboacional constitúe unha realidade e singular característica para Galicia, que irá en aumento nos próximos anos, sen que teña para moitas das persoas maiores unha axeitada resposta por parte dos poderes públicos e en concreto por parte da Comunidade Autónoma, competente en materia de servicios sociais que inclúe ás políticas de familia, benestar social, inclusión social, servicios comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores.

O plan de traballo do Consello de Contas para o ano 2016, aprobado polo pleno do Consello o 4 de decembro de 2015, contemplaba a realización dun informe sobre o gasto público autonómico en centros residenciais para persoas maiores e persoas con discapacidade. Recentemente coñecemos dito documento que arroxa preocupantes datos sobre a situación da atención aos maiores na nosa comunidade autónoma.

O informe sinala nas súas conclusións que a ratio de prazas residenciais en Galicia é inferior á media estatal, e sitúase moi por debaixo do recomendado pola OMS, producíndose ademais nestes últimos anos un maior incremento das prazas privadas (na actualidade o 65% do total das prazas ofertadas) en detrimento das xestionadas directamente pola administración autonómica.

Esta aposta do goberno de Feijoo pola privatización de servizos públicos amósase tamén na fiscalización que o Consello de Contas realizou dos gastos de funcionamento dos centros públicos, que descenden desde o ano 2012 a pesar de que o número de prazas residenciais permaneceu case inalterable, así como o dos gastos de persoal das residencias xestionadas pola Xunta, que experimentaron un descenso dun 7,1% no exercicio 2015 con respecto ao exercicio 2010, debido ás medidas de contención para corrixir o déficit público e a non cobertura das ausencias nas xornadas mediante contratacións temporais.

Ademais, o prazo medio ou de trámite do procedemento para o recoñecemento do dereito a unha praza residencial no exercicio 2015 foi de

Grupo Parlamentario

453 días, moi superior aos seis meses que marca a lexislación, e o tempo medio de espera ata conseguir o ingreso no centro residencial, de 154 días, case o dobre do estipulado pola normativa aplicable.

O informe chama a atención tamén sobre as graves deficiencias na xestión dos centros residenciais, en especial daqueles cuxa xestión está privatizada, referidos a incumprimentos en materia de persoal, fundamentalmente do cociente do persoal de atención directa e a non diferenciación de funcións por categorías profesionais, do uso inadecuado das instalacións, das deficiencias nos protocolos de funcionamento, da falta de rigor dos rexistros... A pesares de que estes son factores que repercuten na calidade do servizo que se presta aos residentes, a Xunta de Galicia non iniciou expedientes sancionadores nos casos nos que as irregularidades observadas non se corrixiron posteriormente a ser notificadas.

Son numerosas as persoas maiores que en Galicia demandan unha praza residencial, pero non poden ter acceso á mesma e dadas as cifras demográficas, serán máis no futuro inmediato. Así para dentro de quince anos, no 2031, o IGE prevé que existan da orde de 780.000 persoas de 65 ou máis anos, un aumento superior ao 17 % con respecto ás cifras actuais. Sen que a planificación da Xunta de Galicia pareza ter en conta tales previsións de acontecementos a curto e medio prazo, senón que, ao contrario: mantén un inaceptable e moi considerable retraso ao respecto das actuacións que debera levar adiante co obxecto de facer fronte a esta importante carencia pública.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do informe do Consello de Contas, publicado recentemente, *“sobre o gasto público autonómico en centros residenciais para persoas maiores e persoas con discapacidade”*?
2. Que medidas ten pensado adoptar o goberno galego para paliar o grave déficit de prazas públicas en residencias para persoas maiores ?
3. Que prazos concretos establece para dar cumprimento ao compromiso de construción de residencias públicas nas sete cidades máis importantes de Galicia ?

 Grupo Parlamentario

4. Nestes centros propios, que modelo de xestión se vai a adoptar?
5. E para o resto de Galicia, que outras novas actuacións, no seu caso, contempla realizar?
6. Ten previsto o goberno galego, durante a X lexislatura, incrementar os gastos de funcionamento e de persoal das residencias públicas de maiores da nosa comunidade autónoma?
7. Considera a Xunta de Galicia que se axusta ao estipulado na normativa vixente o prazo medio ou de trámite do procedemento para o recoñecemento do dereito a unha praza residencial?
8. Que medidas ten previsto tomar o goberno galego para reducir este tempo de agarda?
9. Cantas sancións impuxo a Xunta de Galicia, dende o ano 2010, por deficiencias na xestión dos centros residenciais?
10. A que centros corresponden ditas sancións?

Pazo do Parlamento, 14 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 14/08/2018 10:40:26

Julio Torrado Quintela na data 14/08/2018 10:40:33

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/08/2018 10:40:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Interpelación.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático vén de formular favorablemente a declaración de impacto ambiental do proxecto do Parque eólico de Mouriños, ubicado nos concellos de Cabana de Bergantiños e Zas.

Este proxecto insiste no modelo desenvolto nas últimas décadas en Galiza.

Un modelo onde voan os beneficios producidos polo vento, que non serve para dinamizar a economía do rural e onde prevalece o descoído ambiental e paisaxístico.

As empresas aproveitan a normativa aprobada polos gobernos autonómico e estatal para facer un gran negocio que pouco deixa na economía local.

A declaración de utilidade pública outorgada sistematicamente por riba doutros usos, como o agrario, forestal ou turístico, e a declaración de proxecto de especial interese, que acurta os prazos á metade, son dous instrumentos que favorecen ás grandes empresas que se dedican á produción eólica, e impiden a defensa dos intereses da maioría.

No caso de Mouriños, o parque eólico proxectado atópase nun enclave de gran valor paisaxístico e patrimonial.



De acordo co Catalogo das paisaxes, o parque situase nas comarcas paisaxísticas da Costa da Morte e Bergantiños, na grande area paisaxística das Chairas e Fosas Occidentais.

Ese catalogo delimita unha serie de areas de especial interese paisaxístico (AEIP), unha delas próxima ao parque, o Dolmen de Dombate.

O catalogo tamén identifica unha serie de miradoiros, o do Monte Branco e o do Alto da Fernandiña, este último situado dentro da área de aproveitamento do parque eólico.

A Axencia de Turismo de Galicia indica que os impactos máis importantes terán lugar na fase de explotación e, ao seu xuízo, o máis importante é no medio socioeconómico ao tratarse dunha zona cun claro destino turístico e rural.

Indica que os puntos de interese turístico son Castro de Borneiro ao oeste do parque eólico, o Dolmen de Dombate ao oeste e Torres do Allo ao sueste.

A Dirección Xeral do Patrimonio Natural no seu informe relativo ao ESIA indica que a zona onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura autonómica ou estatal de protección de espazos naturais das recollidas na Lei 9/2001, nin na Lei 42/2007, aínda que próximo ao parque eólico, en torno a 1 km, se atopan os seguintes espazos con figuras de protección: Zona especial de conservación (ZEC) “Costa da Morte” (ES111000S), Zona de especial protección dos valores naturais (ZEPVN) “Costa da Morte”, e Zona de especial protección para as aves (ZEPA) “Costa da Morte (Norte)”.

Todos os grupos, incluso finalmente o PP, presentaron propostas de ampliación da Rede Natura, ampliación xa recomendada en 2011 pola Unión Europea, aprobándose a do Partido Popular no ano 2017.



A zona na que se sitúa o proxecto do parque eólico de Mouriños podería, polos seus valores e pola súa proximidade a estas zonas xa incluídas, ser parte desa ampliación e, polo tanto, pasar a ser unha zona vetada para a implantación de parques, pero aínda que isto aconteza, o parque xa será unha realidade.

Isto acontece mentres, inexplicablemente, segue paralizada a aprobación das Directrices da Paisaxe, e a ampliación da Rede Natura, ambas as dúas cuestións que poderían influír decisivamente no trámite do proxecto no caso de estar en vigor.

A zona ten un enorme potencial turístico polas súas condicións naturais e pola súa paisaxe, pero iso non é óbice para que este proxecto pase por riba de todo e continúe coa súa tramitación.

Porque segundo a empresa promotora, Renovables de Aragón SLU, os parques eólicos aproveitan unha das vantaxes territoriais de Galicia, o vento, para o seu desenvolvemento e para mellorar a calidade de vida das zonas rurais, que o proxecto implicara a creación de postos de traballo na fase de execución, pero tamén na de explotación, e sinalan os beneficios económicos as entidades locais que lles permiten acometer proxectos de interese social, así como, as infraestruturas asociadas aos parques.

Pero este proxecto creará pouco emprego na zona, e basicamente na fase de construción, case nada ou nada na de explotación e non deixará nin un euro nos concellos de Cabana de Bergantiños e Zas ao constar de 3 aeroxeneradores.

Isto fainos preguntarnos cal é o interese público neste modelo de explotación do vento.



Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- 1) Considera que o modelo de desenvolvemento eólico de Galiza favorece a dinamización económica das zonas onde se implantan?
- 2) Considera que o negocio de empresas como Naturgy é de interese público?
- 3) Por que non se elabora por parte da Xunta de Galicia unha proposta de ampliación da Rede Natura?
- 3) Por que motivo está conxelada a aprobación das Directrices da Paisaxe que, segundo prometeu o Presidente da Xunta de Galicia, deberían de estar aprobadas en 2017?
- 4) En casos como o parque de Mouriños no que a empresa non pagará nin un euro de canon eólico, cal será o retorno para a economía local?

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 17/08/2018 09:53:28

Marcos Cal Ogando na data 17/08/2018 09:53:40

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria mediante resolución do 12 de xuño de 2018 regulou, de xeito experimental para o curso 2018/19, o chamado bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía.

Unha modalidade que pretende, ao amparo do que establece o artigo 121 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, promover a especialización curricular dos Institutos de Educación Secundaria.

A resolución aparece anunciada no DOG do 20 de xuño de 2018, a moi escasos días do remate do curso, impedindo deste xeito o mínimo debate nos claustros de profesores dos centros e deixando a iniciativa en mans dalgúns dos departamentos didácticos concernidos máis directamente por esta experiencia; como ten denunciado en repetidas ocasións este Grupo Parlamentario, semella que os responsables da Consellería improvisan ou acordan sempre a última hora calquera tipo de experimentación.

A proba máis evidente de que os centros non tiveron tempo suficiente para valorar a súa participación é que dos 294 centros que na nosa comunidade autónoma imparten as ensinanzas de bacharelato, tan só 16 (é dicir o 5,44%) solicitaron participar e deses, 14 (o 4,7%) resultaron seleccionados: o CPR Plurilingüe Compañía de María (A Coruña), IES Agra do Orzán (A Coruña), IES Sofía Casanova (Ferrol), IES Plurilingüe Rosalía de Castro (Santiago de Compostela), IES Arcebispo Xelmírez II (Santiago de Compostela), IES María Casares (Oleiros), IES Lucus Augusti (Lugo), IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes (Lugo), IES Francisco Daviña Rey (Monforte de Lemos), IES Eduardo Blanco Amor (Ourense), IES Ramón M^a Aller Ulloa (Lalín), IES Plurilingüe A Paralaia (Moaña), IES República Oriental de Uruguay (Vigo) e IES A Sangriña (A Guarda).

E á súa vez 5 deses 14 centros deben enviar antes do 14 de setembro a concreción curricular da materia extracurricular, o que sitúa en 9 centros os que poderían impartir a día de hoxe ese bacharelato de excelencia en

Grupo Parlamentario

Ciencias e Tecnoloxía. Con respecto a isto último, é preciso sinalar que as actividades lectivas comezarán nas ensinanzas de bacharelato o día 17 de setembro de 2018 co que se podería dar o caso de que os centros non saiban se van a poder ofertar ese bacharelato antes do inicio das actividades lectivas, o que constitúe outra proba máis da improvisación á que nos vimos referindo.

Pero ademais do anterior, dáse a circunstancia de que 11 dos 14 centros autorizados teñen servizo de transporte escolar o que pode supoñer que pode haber alumnos transportados de bacharelato que non poidan asistir a esa materia extracurricular que se impartirá fóra do horario escolar, salvo que teñan algún medio de transporte propio, o que introduce unha diferenza de acceso inadmisíbel nun sistema equitativo; e de nada serve o argumento de que ao ser ensinanzas non obrigatorias o transporte escolar non é un dereito, posto que, como sabe moi ben a Consellería, a realidade é que o alumnado de bacharelato e de formación profesional emprega con carácter xeral o transporte escolar de forma gratuíta.

En definitiva, estamos ante un caso máis no que o Partido Popular confunde excelencia con exclusión, posto que entendemos que non pode garantir o acceso universal a esta modalidade.

Ante a situación exposta, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera o Goberno galego que os centros educativos dispuxeron de tempo suficiente para valorar e debater a súa participación no bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía?
2. Está satisfeito o Goberno galego coa resposta dos centros?
3. Está en condicións o Goberno galego de garantir que ningún alumno desta comunidade autónoma terá que renunciar á súa participación ao carecer de transporte escolar?
4. Se a resposta á anterior pregunta é afirmativa, como pensa garantilo? Se fose negativa, considera razoable esa situación?

Pazo do Parlamento, 20 de agosto de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 20/08/2018 11:40:42

Maria de la Concepción Burgo López na data 20/08/2018 11:40:54

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**.

Conforme á Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, entre as medidas susceptibles de ser impostas a menores infractores penais, están as de internamento, que pode ser en réxime pechado, semiaberto ou aberto, ou ben internamento terapéutico, nalgún dos tres réximes.

A execución de ditas medidas corresponde ás Comunidades Autónomas, que deben dispor de centros específicos co obxectivo da resocialización e tendo como principio que a ou o menor internado é suxeito de dereito e que continúa formando parte da sociedade. Para a execución destas, as Comunidades Autónomas poden asinar “convenios ou acordos de colaboración necesarios con outras entidades, ben sexan públicas, da Administración do Estado, Local ou de outras Comunidades Autónomas, ou privadas sen ánimo de lucro, para a execución das medidas da súa competencia, baixo a súa directa supervisión”.

O Centro de Menores Monteledo, de Ourense, é un centro de iniciativa pública que comezou a funcionar en 1996, xestionado dende 2016 pola Fundación Diagrama. Situado no complexo Montealegre, conta con 37 prazas autorizadas. En dito centro lévase a cabo a execución das medidas de internamento en réxime aberto, semiaberto ou pechado (tanto preventivas coma firmes) e permanencia de fin de semana no centro. Excepcionalmente e por razóns de urxencia, en ausencia de vacantes no centro de atención específica e polo tempo imprescindible,



internamentos terapéuticos nos réximes pechado, semiaberto ou aberto (tanto preventivos como firmes); nestes casos contará co apoio do equipo clínico do centro de atención específica.

O Convenio entre a Consellería de Política Social e a Fundación Diagrama, subscrito o 29 de abril de 2016, para levar a cabo a atención residencial e a intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, ten por obxecto “regular a colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Diagrama Intervención Psicosocial para a atención residencial e a intervención educativa integral con persoas menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na LORPM no centro de reeducación Monteledo (CR Monteledo). Así mesmo, incluírá a atención dos fillos e fillas menores de tres anos que convivan coas súas nais internadas”, por importe de máis de 4 millóns de euros (anos 2016 e 2017).

A cláusula quinta da Resolución do 11 de febreiro de 2016, pola que se convoca o procedemento de selección de entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención residencial e a intervención educativa integral con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores en centros de reeducación da Comunidade Autónoma, establece, entre as obrigas da concesionaria, en relación co persoal adscrito á intervención, “contar cun cadro de profesionais para a intervención educativa con alta cualificación técnica e humana en número suficiente para cubrir as ratios de persoal establecidas no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, coa composición e número determinados na memoria que se anexa ao presente convenio”, así como “a cobertura, en todo



momento, dos postos de traballo e das correspondentes funcións. En consecuencia, a entidade efectuará ao seu cargo e inmediatamente as substitucións necesarias do persoal que teña asignado á actividade sexa cal for a súa causa, de forma que a execución das medidas xudiciais quede sempre asegurada. As variacións que se produzan no cadro de persoal serán inmediatamente comunicadas á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica”.

O 9 de agosto de 2016, unha representación do persoal do CR Monteledo reuniuse coa Directora Xeral de Familia da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia para informarlle que a Fundación Diagrama non cumpría con dita cláusula quinta, dado que non executaba en todo momento as substitucións do persoal vacante, por calquera causa, sexa por vacacións, incapacidade temporal ou definitiva. A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, coincidía coa persoal en que a interpretación da cláusula quinta esixe a substitución en todo momento do persoal vacante, pero, dado que en 2017 a ocupación do centro era baixa, pediu ao persoal que non fose estrito na esixencia de tal cobertura. Deste xeito, o persoal e a empresa acordaron un sistema que garantise a adecuada atención aos menores, co cumprimento estrito das ratios establecidas no Decreto 329/2005, no que se regulan os centros de menores, sempre que non se cubriaran todas as prazas do centro.

Ao longo do ano 2017 a Fundación Diagrama non cubriu as vacacións de ningunha persoa do cadro de persoal do centro, en ningunha categoría profesional. Ademais, a Fundación Diagrama aplicou unha nova metodoloxía consistente na subdivisión en grupos e actividades dos menores. Todo isto motivou unha merma na calidade de prestación do servizo, coa conseguinte perda de capacidade educativa, e un aumento da carga de traballo do persoal.



Xa en 2018, a Fundación Diagrama comunicou que seguirá co mesmo sistema, tanto de división en grupos como de non contratación de persoal para cubrir as vacacións.

A situación de falta de cobertura das baixas ou vacacións do persoal orixina unha gran carga de traballo, o que provoca estrés laboral, aumento das baixas e merma evidente da capacidade educativa. Chéganse a situacións nas que, co 100% de ocupación no centro, o persoal está en niveis dos servizos mínimos establecidos pola Administración en caso de folga. En 2017 chegou a haber momentos de 5 educadores/as por quenda, cando os servizos mínimos establecidos nas folgas son 8. Con esta situación, as medidas que poden aplicarse son cada vez máis só de contención e convivencia e menos de reeducación. Ademais, non hai tempo suficiente para a realización de informes e valoracións.

Cómpre lembrar que a Fundación Diagrama acadou a adxudicación da xestión do CR Monteledo poñendo, entre outros, dous educadores a maiores dos 32 esixidos na convocatoria, o que lle proporcionou unha clara vantaxe sobre o resto de rivais. Ao non substituír as vacacións dos educadores, en realidade non hai 34 educadores, senón 5'9 educadores menos dos que ten obriga de ter na plantilla do centro:

$(187'5 \text{ horas de vacacións} * 105 \text{ horas dos 14 festivos anuais}) * 34 \text{ educadores} = 9.945 \text{ horas}$, dividido entre 1667'5 (xornada máxima anual) = 5'96 educadores menos.

Ademais, nas plicas de condicións establécese un determinado número de profesionais para atender debidamente a xestión do centro, como é o caso de, para as 37 prazas conveniadas, unha traballadora social e media. Cando a



traballadora social que está a xornada completa marcha as súas case seis semanas de vacacións, e non se substitúe, queda unha traballadora social a media xornada para atender as necesidades que a administración determinou que eran de 1'5, o que orixina vulneración de dereitos das persoas menores. O mesmo sucede con todas as demais categorías profesionais.

Por outra parte, o persoal denuncia escurantismo da entidade en canto á documentación que esta debe ter dispoñible para o coñecemento do persoal, como é o proxecto educativo do centro.

Ante un evidente incumprimento das condicións ás que se comprometía a entidade colaboradora – Fundación Diagrama – coa Consellería de Política Social, a Administración debe requirir á entidade para que se ataña ao asinado no convenio. Entre as causas de extinción do convenio de colaboración está o “incumprimento dos compromisos e cláusulas do convenio”.

Asemade, se no cálculo do prezo/ praza está incluído o custo de contratación para cubrir o cadro de persoal nas súas vacacións e baixas, ao non substituír as vacacións de ningunha categoría, a concesionaria aforraría máis dun 10% do orzamento anual.

A Fundación Diagrama xestiona agora todos os centros do complexo de Montealegre, en Ourense, recibindo case 2,5 millóns de euros públicos para a xestión de Monteledo en 2017, 1,6 m € o de Montefiz en 2016, e facéndose coa adxudicación da xestión do centro de Montealegre, por importe de 3,2 millóns de euros.

A atención a menores por parte da Xunta sofre un alto grado de privatización, cando se trata dun servizo fundamental.

Polo anteriormente exposto, a deputada que subscribe presenta a seguinte Interpelación:

- 1.) É coñecedora a Xunta da situación de falta de persoal no Centro de Monteledo e do incumprimento de condicións por parte da entidade colaboradora?
- 2.) Cantas veces recibiu a Xunta ao persoal do centro?
- 3.) Que interpretación fai a Xunta acerca da cláusula quinta do procedemento de selección de entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención residencial e a intervención educativa integral con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade?
- 4.) Vai requirir á Fundación Diagrama que substitúa o persoal vacante do Centro de Reeducación de Monteledo, tal como establecen as condicións de colaboración?
- 5.) Non considera a Xunta que poderíamos estar a falar dunha fraude, dado que Fundación Diagrama non cumpre coa condición de ter 34 educadores, tal como se comprometeu para obter a concesión do servizo?
- 6.) É consciente a Xunta de que a falta de persoal merma a calidade educativa do centro?
- 7.) Como valora a Xunta o proxecto educativo do CR Monteledo?
- 8.) Cal foi a porcentaxe de baixas laborais en cada ano de funcionamento do centro?

- 9.) É coñecedora a Xunta de situacións de recorte da comida que se teñen producido no centro? Que medidas ten aplicado acerca desta cuestión?
- 10.) En que condicións se abriu módulo terapéutico no CR Monteledo? Que recursos humanos, materiais e de formación do persoal se implementaron?
- 11.) Como valora a Xunta a non substitución das vacacións da Traballadora Social? Cree que se atende a menores coa debida calidade? Que vai facer a Xunta para que esta situación non se repita?
- 12.) En que utiliza a concesionaria os cartos aforrados por non cubrir as vacacións do persoal?
- 13.) Ten previsto a Xunta xestionar de xeito público os centros de menores da Comunidade Autónoma?
- 14.) De non xestionar de xeito directo, vai a Xunta volver á redacción anterior redacción dos pregos de condicións?
- 15.) Está a Consellería de Política Social a cumprir coa súa obriga de velar polo cumprimento do convenio asinado coa Fundación Diagrama?

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 20/08/2018 12:31:39



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2018 13:14
Nº Rexistro: 34707

Data envío: 21/08/2018 13:14:31.403

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

O dramático sinistro ferroviario acontecido o pasado 24 de xullo de 2013 en Angrois deixou unha profunda ferida en toda Galiza. Nunca esqueceremos ás 80 persoas falecidas e os centos de vítimas a quen, este sinistro, marcou para sempre as súas vidas. Permanecen tamén na memoria colectiva de Galiza a onda de solidariedade vivida estes días e a entrega e dedicación dos servizos de emerxencia e profesionais sanitarios que deron o mellor de si mesmos nunhas circunstancias extraordinarias.

Mais estes cinco anos deixan outras pegadas: a dun estado que puxo a maquinaria a funcionar para auto-exculpase de calquera responsabilidade, usando como chivo o expiatorio o elo máis débil da cadea: o maquinista; as interferencias e falta de colaboración do Goberno central e da Xunta coa investigación xudicial; o incumprimento da normativa que obriga a unha investigación técnica independente; o incumprimento das promesas realizadas despois do accidente, sendo especialmente preocupante que siga sen estar operativo o sistema ERTMS na curva de Angrois... en definitiva, un ronsel de mentiras e manipulación da opinión público co obxectivo de evitar as responsabilidades políticas neste terríbel sinistro.

Porén, fronte a maquinaria do estado e os fortes intereses económicos das empresas construtora do AVE, está a dignidade de homes e mulleres que están dispostas a todo para conseguir verdade, xustiza e reparación. Nomeadamente, as vítimas que



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2018 13:14
Nº Rexistro: 34707

Data envío: 21/08/2018 13:14:31.403

levan cinco anos cunha labor incansábel que vai conseguindo que a verdade se abra paso. Grazas a esa tenacidade, a mediación do BNG en Europa, a Comisión Europea abriu en 2012 un procedemento de infracción contra o estado español por incumprimento da Directiva 2004/49/CE de Seguridade Ferroviaria. As causas deste procedemento infractor residen en que consideran que a Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios (CIAF), que investigou o sinistro do Alvia, vulnera o principio de independencia que establece o artigo 21 desta directiva.

Este procedemento infractor sinala unha falta grave e ben a dar a razón tanto ás vítimas como ao propio BNG que viñamos denunciando que a CIAF era xuíz e parte e viciaba unha investigación que non buscaba a verdade, senón pensada para auto-exculpar a Adif, Renfe e Fomento.

Temos constancia de que existe un novo informe redactado pola Comisión Europea sobre o accidente do Alvia en Angrois. Este ditame ten a súa orixe na visita da Plataforma das Vítimas do Alvia a Bruxelas, organizada polo BNG, que tivo lugar o 17 de novembro de 2015. Xa neste momento se detectou que o CIAF non cumpre o requisito de independencia, pois os órganos que examinan os accidentes, son nomeados polo Ministerio de Fomento.

Nos últimos meses, creouse unha comisión de investigación no Congreso, que deixa claro que existe un ámbito de investigación política, e sinala a vergoña do veto a que o Parlamento Galego investigue este sinistro desde unha óptica galega.

Desde o BNG temos un compromiso claro e firme co dereito á verdade e a xustiza para as vítimas do dramático accidente de Angrois. Defendemos que é necesario que se asuman as responsabilidades, caia quen caia, e que se adopten as medidas precisas para a garantir o fin da impunidade e asunción de responsabilidades políticas e xudiciais.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2018 13:14
Nº Rexistro: 34707

Data envío: 21/08/2018 13:14:31.403

Por todo isto formulamos a seguinte interpelación:

-Como valora a Xunta de Galiza a resposta dada polo estado e o goberno galego após o accidente de Angrois?

-Como valora a Xunta de Galiza que non se teña realizado unha investigación técnica independente sobre as causas e responsabilidades do accidente ferroviario de Angrois a pesar de que o esixe a normativa comunitaria en materia de seguridade ferroviaria?

-Como valora a Xunta de Galiza que non se teña cumprido as promesas realizadas despois do accidente, nomeadamente a activación do sistema ERTMS na curva de Angrois?

-Considera a Xunta de Galiza que o Ministro de Fomento que autorizou o cambio do proxecto orixinal e suprimiu o sistema de seguridade no tramo máis perigoso ten que asumir a súa responsabilidade política?

-Considera a Xunta de Galiza que a Ministra de Fomento que autorizou a desconexión do sistema de seguridade ERTMS antes da curva de Angrois, ten que asumir a súa responsabilidade política?

-Era coñecedora a Xunta de Galiza destas decisións?

-Como valora a Xunta de Galiza que se fixera ouvidos xordos antes o aviso feito polo xefe de maquinistas do risco da curva de Angrois?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2018 13:14
Nº Rexistro: 34707

Data envío: 21/08/2018 13:14:31.403

-Considera a Xunta de Galiza de Galiza que os responsábeis de Adif, que non fixeron a avaliación de riscos que esixía a normativa na curva de Angrois, deben asumir algunha responsabilidade?

-Considera a Xunta que é presentábel e ético que, cinco anos despois do accidente, non se investigue no Parlamento de Galiza o maior accidente ferroviario que aconteceu no noso territorio e que tivo un custe tan alto para tantas persoas?

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2018

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 21/08/2018 13:11:25

María Montserrat Prado Cores na data 21/08/2018 13:11:31



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2018 13:14
Nº Rexistro: 34707
Data envío: 21/08/2018 13:14:31.403

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/08/2018 13:11:32

Olalla Rodil Fernández na data 21/08/2018 13:11:34

Noa Presas Bergantiños na data 21/08/2018 13:11:35

Xosé Luis Bará Torres na data 21/08/2018 13:11:36



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2018 13:26
Nº Rexistro: 34713
Data envío: 21/08/2018 13:26:55.247

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

As formas de discriminación das mulleres na sociedade atópanse en múltiples ámbitos e elementos, tamén no que coñecemos como máis cotián ou de aparente menor intensidade, pero que contribúen a soste a discriminación no ámbito social e, tamén económico. Unha destas formas de discriminación é o incremento de custo, sen razón algunha, de determinados produtos simplemente por estaren destinados ao público feminino.

Recentemente a asociación de defensa do consumidor FACUA sacou á luz un estudo ilustrativo de situacións deste tipo. A asociación levou a cabo unha comparativa dos prezos das maquinillas de afeitar desechábeis destinadas para homes e destinadas para mulleres, comparado os prezos das de dúas e tres follas de sete marcas: Cien, distribuída por Lidl; Cosmia, por Alcampo; Miss Express e Carrefour Discount, por Carrefour; Bonté, por Dia; Gillette e Wilkinson, distribuídas por diferentes cadeas e que foron as dúas únicas que non incrementan o seu prezo segundo o público albo sexa masculino ou feminino. A través destas comparativas, a asociación amosou como máquinas de afeitar desechábeis presuntamente para mulleres eran idénticas ás presuntamente para homes pero até un 171% máis caras, diferenciándose só polo prezo e pola embalaxe rosa.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2018 13:26
Nº Rexistro: 34713
Data envío: 21/08/2018 13:26:55.247

Este tipo de discriminación é o que se coñece como taxa rosa, un incremento de prezo inxustificado e abusivo en produtos destinados a un público obxectivo feminino que, porén, no equivalente masculino teñen un prezo inferior malia ter as mesmas características, o que supón unha fraude en termos de dereitos das persoas consumidoras e unha discriminación sobre as mulleres.

Trátase, polo tanto, dunha discriminación pouco visíbel pero que ten unha grande importancia tanto no plano simbólico como no económico. Por estes motivos, desde o Bloque Nacionalista Galego, consideramos que a Xunta de Galiza deba implicarse na defensa da non discriminación e dos dereitos das e dos consumidores e desenvolver actuacións ao respecto.

Cómpre recordar que o Instituto Galego do Consumo e da Competencia en entre os seus fins xerais e obxectivos básicos a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias. Así mesmo, por medio do Decreto 118/2016, do 4 de agosto correspóndelle entre outras accións a de “Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha prognose adecuada da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se oferten ao consumidor e usuario.” Polo tanto é o Instituto Galego do Consumo e da Competencia un organismo idóneo para desenvolver actuacións ao respecto e contribuír a que o obxectivo da igualdade sexa efectivamente transversal, tal como recomendan as doutrinas na materia.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

-Coñece o goberno galego en que consiste a denominada “taxa rosa”?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten avaliado o impacto económico que ten isto na economía das mulleres?
- Que actuacións ten levado a cabo para avaliar a súa existencia e o seu impacto?
A través de que ferramentas? Con que conclusións?
- Ten desenvolto ou vai desenvolver actuacións específicas ao respecto? En que sentido? Para que produto?
- Ten denunciado o goberno galego algunha discriminación en concreto?
- Ten recibido denuncias ao respecto do asociacionismo galego en materia de consumo?
- Desenvolveu ou vai desenvolver estudos comparativos propios? De que tipo?
Con que mostraxe? Para que tipo de produtos? Con base a que criterios?

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2018 13:26
Nº Rexistro: 34713
Data envío: 21/08/2018 13:26:55.247

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/08/2018 13:26:29

María Montserrat Prado Cores na data 21/08/2018 13:26:33

Ana Pontón Mondelo na data 21/08/2018 13:26:34

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/08/2018 13:26:36

Olalla Rodil Fernández na data 21/08/2018 13:26:38

Xosé Luis Bará Torres na data 21/08/2018 13:26:40

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e María Luisa Pierres López deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

A memoria do Consello Económico e Social (CES) do ano 2017, publicada recentemente, alerta de que a desigualdade, o emprego precario e os salarios baixos persisten en Galicia a pesar do crecemento económico. Sinala este organismo que mentres o PIB da comunidade superou xa o nivel anterior ao estalido da crise, os niveis de pobreza e a falta de equidade que se estenderon entre os galegos e galegas durante a recesión non rexistraron, afirma o CES, “a mellora esperable coa recuperación económica”.

Neste contexto, nos últimos anos foron numerosos os problemas aos que os e as solicitantes da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) tiveron que facer fronte, retrasos na concesión da axuda; problemas de coordinación entre administracións, mesmo entre as propias consellerías de Política Social e Traballo; dificultades burocráticas, motivadas en parte pola ausencia de directrices e instrucións claras sobre os requisitos e documentación necesarias para aprobar a concesión da axuda; así como conflitos no relativo á concesión de axudas a persoas que se viran obrigadas a compartir vivenda, mesmo en xaneiro do 2017 unha sentenza recoñeceu que nun mesmo domicilio podían convivir varios perceptores da RISGA, rexeitando a equiparación que a Xunta establecía entre domicilio e unidade familiar, o que prexudicaba a persoas que, sen relación familiar, vivían na mesma casa.

A pesares dos graves problemas xurdidos coa tramitación desta renda, a Xunta de Galicia non comezou ata decembro de 2017, cun retraso de 3 anos e medio ao respecto do establecido na Lei de inclusión social de Galicia, a tramitación do *Proxecto de decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social*.

O 3 de agosto publicábase no DOGA o *ANUNCIO do 17 de xullo de 2018, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, polo que se acorda someter a información pública o Proxecto de decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e*

Grupo Parlamentario

das axudas de inclusión social, por un prazo de quince días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio.

Co obxectivo de furtar o debate e a participación, a Xunta de Galicia establece este prazo de información pública en plena época estival e por un período de tan so quince días do mes de agosto (péchase o día 27 deste mes).

Os novos perfís da pobreza que se estableceron durante a crise económica esixen solucións novas que a actual renda de inclusión social non é capaz de atender. En concreto, nos criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de sufrila, séguese sen considerar como criterio específico, ademais da situación de desemprego, a situación de emprego precario, cando a pobreza laboral é unha realidade cada vez máis asentada

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1.- Que valoración fai a Xunta de Galicia do proceso de tramitación do *Proxecto de decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social?*

2.- A que se debe o retraso, de máis de tres anos e medio, segundo o establecido na *Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia*, do seu decreto de desenvolvemento?

3.- Contestou a Xunta de Galicia a todas as alegacións presentadas ao borrador de decreto da *Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia?*

4.- Por que decidiu a Xunta de Galicia someter a información pública este proxecto de decreto de desenvolvemento en plena época estival, e por un período de tan so quince días do mes de agosto?

5.- Cales son os motivos polos que o Goberno galego quere deixar a decisión última sobre a concesión da renda nunha unidade técnico-administrativa nomeada pola Xunta de Galicia?

6.- Segundo o criterio do Goberno galego, o proxecto de decreto solucionará os problemas xurdidos no relativo á concesión destas axudas ás persoas que

Grupo Parlamentario

se viron obrigadas a compartir vivenda?

7.- Considera o Goberno galego que este *Proxecto de decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social*, establece solucións efectivas para os novos perfís da pobreza que se estableceron durante a crise económica?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 21 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 22/08/2018 09:44:18

Julio Torrado Quintela na data 22/08/2018 09:44:23

María Luisa Pierres López na data 22/08/2018 09:44:31



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2018 13:37
Nº Rexistro: 34762
Data envío: 22/08/2018 13:37:28.783

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Grazas á loita de moitas persoas a prol da erradicación da violencia machista avanzamos colectivamente como sociedade na súa visibilización, un camiño en que tivo e ten un papel fundamental o traballo mobilizador, crítico e esixente de diferentes movementos de mulleres na Galiza e no mundo. Un traballo de visibilización, denuncia e redución que dista aínda de ser colectivo e prioritario para toda a sociedade e para todas as axendas políticas.

A diagnose e abordaxe da vixencia estrutural das violencias machistas contra as mulleres debe comprometer ás institucións a destinar maiores recursos económicos, humanos e materiais para tal fin. Transformar a sociedade reducindo a fortaleza do patriarcado e superar todas as manifestacións de desigualdade e violencia que sofren as mulleres debe ser un obxectivo político de primeira orde.

A necesidade de incrementar e mellorar a loita contra as violencias machistas é unha obriga para toda a sociedade e, de forma particular, para todas as administracións. Entre as ferramentas das que nos temos dotado desde Galiza salienta a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Se ben o paso de máis dunha década debe facernos reflexionar sobre aqueles aspectos que deben ser mellorados, obriga adoptada polo Parlamento Galego nos traballos para o Pacto Galego contra a violencia machista, tamén o é que debemos ter vixilancia sobre o cumprimento dos aspectos que recolle.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

-Cal é a valoración do goberno galego dos resultados da lexislación en materia de violencia machista?

-Ten avaliado a Xunta de Galiza as consecuencias da crise económica e da política de recortes do Partido Popular nas políticas de prevención e tratamento da violencia machista?

- Considera a Xunta de Galiza que destina os recursos orzamentarios suficientes? Considera que fai un bo uso destes? Que medidores emprega?

- Como avalía o goberno galego a aplicación da definición galega de violencia machista, máis ampla do que a recollida no marco normativo español? Ten sido a limitación estatal un obstáculo? En que ámbitos?

- Considera a Xunta de Galiza que ten acadado unha abordaxe integral nas súas políticas?

- Considera a Xunta de Galiza que se teñen dado avances en evitar a vitimización secundaria? En que ámbitos é preciso profundizar?

- Considera cumpridas as directrices do Artigo 6 da Lei 11/2007 canto a campañas?

- Considera cumpridas as directrices do capítulo II canto a investigación e formación? Que investigacións impulsou a Xunta de Galiza desde 2009?

- Considera desenvolto con suficiencia o mercado canto ao ámbito educativo?

- Considera a Xunta de Galiza que ten desenvolvido o contemplado canto a atención psicolóxica? E canto a esta na atención primaria? Cales son as razóns deste incumprimento?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que melloras ten previsto no ámbito xudicial? Ten sido un obstáculo a falta de moitas das competencias na materia? Por que non as ten demandado?

-Como valora o goberno galego o impacto das reformas laborais e da lexislación na materia na situación económica e laboral das mulleres vítimas de violencia machista e as súas dificultades? Como ten previsto mellorar neste ámbito?

- Considera cumpridas as directrices canto a protección?

- Que avaliación fai da rede de acollida?

- Como avalía a Xunta de Galiza o funcionamento do actual protocolo interinstitucional?

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2018 13:37
Nº Rexistro: 34762

Data envío: 22/08/2018 13:37:28.783

Noa Presas Bergantiños na data 22/08/2018 13:36:26

María Montserrat Prado Cores na data 22/08/2018 13:36:32

Ana Pontón Mondelo na data 22/08/2018 13:36:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/08/2018 13:36:35

Olalla Rodil Fernández na data 22/08/2018 13:36:36

Xosé Luis Bará Torres na data 22/08/2018 13:36:37

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

A concepción da atención primaria como porta de entrada do sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis próxima.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servizos sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

Dende a chegada ao goberno de Núñez Feijoo en 2009 o sistema público de saúde soamente ten contratado de maneira estable a, aproximadamente, un 15% dos facultativos de atención primaria que se forman en Galicia, segundo os datos do propio goberno. Unha cifra tan baixa resulta a todas luces insuficiente para cubrir as necesidades dun sistema que precisa unha dispersión notoria e unha forte implantación no territorio, para paliar os problemas demográficos antes sinalados. Unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servizos, afastando a atención dos e das cidadáns. A vontade recortadora do Goberno da Xunta de Galicia prexudica claramente a calidade asistencial do sistema, ao deixar con capacidade mínima, ou por debaixo dela, a moitos centros que non teñen

Grupo Parlamentario

persoal suficiente, que deben de deixar centros desatendidos porque os profesionais teñen que saír a cubrir urxencias ou por saturación dos existentes a causa dunha errática planificación.

A construción de novos centros de saúde, ou a reforma dalgúns xa existentes, supón outro dos grandes déficits da atención primaria na sanidade pública galega. Os orzamentos de 2016, 2017 e 2018, por citar exemplos recentes, coinciden nos compromisos de varios centros de saúde, recollendo os mesmos sucesivamente ano tras ano, ignorando responsabilidade algunha polo anuncio e compromiso de infraestruturas que logo nunca se inician. O Plan de Mellora da Atención Primaria, iniciado na lexislatura 2005-2009, supuxo unha base estratéxica que non foi continuada polos gobernos de Núñez Feijóo, que non amosaron un proxecto real para o fortalecemento da atención primaria.

Por todo o anterior, o deputado e a deputada asinantes interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera o Goberno galego que os problemas existentes na atención primaria en Galicia poden ser asumidos e entendidos como aceptables para unha óptima calidade asistencial?
2. Ten previsto o Goberno de Galicia incrementar o investimento específico en atención primaria a través do SERGAS?
3. Considera o Goberno de Galicia que son necesarios máis profesionais en atención primaria?
4. Cantos centros de saúde anunciados nos orzamentos de 2016, 2017 e 2018 iniciaron, como mínimo, as obras ata o momento?
5. Cantos centros de saúde novos ten estimado o Goberno galego que son precisos en curto espazo de tempo?
6. Como valora a Xunta de Galicia a situación laboral dos profesionais de atención primaria do SERGAS?



Grupo Parlamentario


7. Cal é o nivel de satisfacción que o Goberno da Xunta de Galicia considera que existe nos/as profesionais do sistema público de saúde de Galicia sobre a súa situación laboral?

Pazo do Parlamento, 22 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 23/08/2018 11:17:59

Noela Blanco Rodríguez na data 23/08/2018 11:18:05



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727